

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 29 de abril de 2008**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Francisco Xabier Alonso Pérez  
D. Xulio Calviño Rodríguez  
D. Santiago Domínguez Olveira  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> Elena Maure Noia  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Xosé Méndez Piñeiro  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz  
D. José Manuel Mariño Mendoza

**Invitados:**

D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup> María Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup> Laura López Atrio  
D. Angel Rivas González  
D. Xesús López Carreira  
D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e quince minutos do día vinte e nove de dous mil oito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Blanco Serrano.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(629).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 7 de abril e a extraordinaria do 10 de abril de 2008. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

**2(630).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURALS, E COA FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS “EL OLIVO” PARA A ORGANIZACIÓN DA BATALLA DE FLORES 2008. EXPTE. 2572/335.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 14.04.08 e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Animación Sociocultural, conformado polo concelleiro delegado de dito servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio, que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo, a Agrupación de centros deportivos e culturais e a Federación de penas recreativas “El Olivo”, para a colaboración na organización da Batalla de flores 2008.

2º.- Facultar ó concelleiro da Área de Cultura e Animación sociocultural para asinar o citado convenio.

3º.- Autorizar e dispoña un gasto por un importe de 16.000,00 euros en concepto do estipulado no referido convenio, que se financiará con cargo á partida 4512.227.0605 (Convenio organización Batalla de flores) do programa orzamentario de Animación sociocultural para o vixente exercicio. Este pagamento realizarase a partes iguais entre as dúas entidades colaboradoras.

4º.- Que o citado pagamento se realice a través da conta de habilitación Animación sociocultural (2080-0000-77-0040277241)”

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO, A AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS E A FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS “EL OLIVO” PARA A ORGANIZACIÓN DA BATALLA DAS FLORES 2008*

Vigo, o        de        de dous mil oito.

*REUNIDOS*

*Dunha parte, D. XESÚS LÓPEZ CARREIRA, CONCELEIRO DELEGADO DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL e en representación do Concello de Vigo, CIF P-36.057.00-H, con domicilio en Vigo, praza do Rei, s/n; no sucesivo O CONCELLO.*

*Doutra parte, os representantes das seguintes entidades:*

*D. JOSÉ LOURIDO PENEDO, PRESIDENTE e en representación da AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS, CIF G-36.791.291, con enderezo na rúa Cabalaria, 47 – 1º, CP 36215 Vigo, e número de inscrición 386/95 no rexistro municipal de asociacións.*

*D. BALBINO MOREIRA VÁLLEZ, PRESIDENTE e en representación da FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS “EL OLIVO”, CIF G-36.704.666, con enderezo na praza dos Galegos Ilustres, CP 36203 VIGO, e número de inscrición 143/90 no rexistro municipal de asociacións.*

*No sucesos, estas dúas últimas entidades pasan a denominarse como A COMISIÓN.*

*MANIFESTAN*

*1. Que a Batalla de Flores foi unha festa popular moi arraigada na sociedade viguesa durante boa parte do século XX, sendo o evento máis multitudinario da cidade despois do Cristo da Vitoria.*

*2. Que a concellería de Animación sociocultural recuperou no ano 2005 este evento, conseguindo un grande éxito de público e cunha grande implicación por parte das principais empresas e entidades da cidade.*

*A recuperación deste evento festivo ten como obxectivos: fomentar a identidade viguesa, recuperar a memoria histórica da cidade e promover a participación da cidadanía. Todo isto nun escenario que permita combinar a tradición coa modernidade.*

*3. Que na lexislación vixente, concretamente no artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, faise referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter cultural, social e veciñal como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais (cabalgata, entroido, etc...)*

*Considerando o interese do exposto, O CONCELLO e as entidades referidas establecen a súa relación para o exercicio 2008 mediante o presente convenio de colaboración, que será rexido polas seguintes*

## CLÁUSULAS

*Primeira.- O presente convenio ten por obxecto a colaboración das entidades asinantes na organización e produción da Batalla de Flores 2008, mediante a contribución de persoal voluntario necesario para o desenvolvemento do evento e a colaboración na súa produción.*

*Segunda.- A Batalla de Flores 2008 é un evento organizado e coordinado pola Concellería de Animación sociocultural do Concello de Vigo e que se celebrará nesta cidade o día 31 de maio ás 19:00 horas polas avenida Camelias de Vigo, desde a rúa Venezuela ata a praza de América.*

*Terceira.- O presuposto total do convenio para a organización da Batalla de Flores ascende a 16.000,00 (dezaseis mil) euros, con todos os conceptos e impostos incluídos, que se financiarán con cargo ós créditos asignados en cada exercicio económico do programa orzamentario de Animación sociocultural. A desgregación deste orzamento figura no Anexo I deste convenio, segundo o presentado pola COMISIÓN.*

*Cuarta.- A comisión colaboradora da Batalla de Flores 2008 está formada polos seguintes membros:*

- ◆ *Pola Agrupación de Centros Deportivos e Culturais:*
  - ◆ *JOSÉ LOURIDO PENEDO*
  - ◆ *ROBERTO GIRÁLDEZ BARBEITO*
- ◆ *Pola Federación de Peñas recreativas “El Olivo”:*
  - ◆ *BALBINO MOREIRA VÁLLEZ*
  - ◆ *JUAN CARLOS PADÍN NIETO*

*Así mesmo, forma parte desta Comisión, en representación do CONCELLO, con funcións de supervisión, seguimento e control de todo o referente á organización, desenvolvemento e contratación, un técnico do servizo de Animación sociocultural.*

*Quinta.- A función básica da COMISIÓN será a de dotar este evento do persoal auxiliar necesario para acompañamento da comitiva, ademais das seguintes:*

- a) Encargarse de recoller no Concello de Vigo coa suficiente antelación o confeti, serpentina e outros elementos, e trasladalos ó lugar de concentración da comitiva e ós distintos puntos de avituallamento e distribución do material, que se colocarán ó longo do percorrido. Para este cometido, a organización deberá dispor ó seu cargo dos seus propios medios para o transporte do citado material.*
- b) Nos días previos ó evento, encargaranse de recoller as prendas de organización e de distribuílas posteriormente entre todo o persoal. Toda persoa pertencente á organización deste evento terá que levar de xeito obrigatorio e en todo momento a antedita prenda.*
- c) Ó longo do percorrido haberá cinco puntos de distribución das 40.000 bolsas de serpentina, que serán xestionados por un mínimo de dúas persoas cada un. As serpentinas repartiranse 30 minutos antes do comezo do desfile.*
- d) Encargaranse de realizar calquera movemento no valado de seguridade que sexa preciso ou lle sexa indicado pola Policía Local ou persoal técnico da concellería de Animación sociocultural durante o desenvolvemento do desfile da Batalla de Flores.*
- e) Encargaranse da seguridade ó longo de todo o percorrido, impedindo que o público se achegue ós elementos que compoñen a comitiva.*
- f) Acompañarán seis persoas a cada unha das carrozas integrantes da comitiva, dende a súa saída ata a finalización do evento, para garantir a súa seguridade maila do público.*

- g) *Buscar a correcta colocación e distribución dos elementos que forman a comitiva no lugar de concentración, seguindo as instrucións dadas nas reunións mantidas co persoal técnico da concellería de Animación sociocultural. A disposición dos elementos do desfile manterase inalterábel dende o seu inicio ata o seu remate.*
- h) *Encargarase da seguridade no entorno dos puntos de disparo das baterías de confeti sinalados no percorrido que se achega adxunto a este convenio.*
- i) *Durante o desenvolvemento do acto terá que haber permanentemente dúas persoas nas “zonas de encontro de nenos”, delimitada co obxecto de levar alí ós nenos e nenas que se perdan. Estas persoas deberán custodiar os nenos ata que sexan recollidos polos seus pais ou titores; de non apareceren, faranlle entrega dos mesmos á Policía Local a partir das 22:00 horas.*
- j) *O responsábel da COMISIÓN estará en permanente contacto con todo o persoal despregado ó longo do percorrido, así como cos membros da Policía Local, Protección Civil e Cruz Vermella, así como co responsábel da concellería de Animación sociocultural.*
- k) *Para facer posíbel este cometido, O CONCELLO facilitaralle á COMISIÓN un mínimo de oito portátiles que deberán devolver en perfectas condicións unha vez rematado o desfile; ademais deberán dispor de teléfonos móbiles ou outro sistema de comunicación similar, en perfecto estado de uso e coa suficiente batería para garantir esta función durante todo o período de desenvolvemento do desfile.*
- l) *Encargarase da megafonía ó longo do percorrido e do valado de seguridade.*
- m) *Xestionar a presenza da Cruz Vermella.*

*Outras funcións:*

- n) *Calquera outra función imprevista que poida xurdir durante o desenvolvemento da Batalla de Flores que lle sexa encomendada pola organización deste evento.*
- o) *Asumir todos os seguros relativos á mobilización do persoal voluntario que procedan, segundo a lexislación vixente (responsabilidade civil, accidentes, etc.).*
- p) *Presentar unha memoria-avaliación do desfile dentro dos dez días seguintes ó da súa execución, onde constarán os seguintes datos:*

*- Informe das posíbeis incidencias acontecidas antes, durante e despois do seu desenvolvemento.*

*- Conta xustificativa comprensíbel dos gastos efectuados, na que se relacionen os seguintes datos de facturas: emisor, CIF/NIF, data, número, importes con todos os impostos incluídos e conceptos facturados;*

*Igualmente, achegaranse as correspondentes facturas orixinais e demais documentos de valor probatorio, conforme o establecido no artigo 6 do RD 1496/2003 (os custos salariais correspondentes a gastos de persoal acreditaranse con copias do contrato de traballo, nóminas asinadas polo preceptor e pagadas, ou extracto bancario no seu caso, así como xustificantes correspondentes ás cotizacións á Seguridade Social).*

*Sexta.- A obriga que asume O CONCELLO, a través da Concellería de Animación sociocultural, é a de achegar a cantidade de 16.000,00 (dezaseis mil) euros, previa presentación da correspondente solicitude de pagamento de ambas as dúas entidades xunto á memoria-avaliación (segundo o establecido na cláusula quinta, apartado p) e da conformidade do persoal técnico da concellería de Animación sociocultural ós traballos realizados. Este pagamento realizarase do seguinte xeito:*

- a) *8.000,00 (oito mil) euros, mediante transferencia bancaria á conta corrente nº 2080.0020..16.0040023628, da que é titular a Federación de Peñas recreativas “El Olivo”, CIF G-36.704.666 e número de inscrición no Rexistro municipal de asociacións 143/90;*
- b) *8.000,00 (oito mil) euros, mediante transferencia bancaria á conta corrente nº 2091.0540.04.3040003578, da que é titular a Agrupación de Centros deportivos e culturais, CIF G-36.791.291 e número de inscrición no Rexistro municipal de asociacións 386/94.*

*Sétima.- O mecanismo de seguimento deste convenio realizarase en base ás memorias e informe que presente A COMISIÓN e da presenza de persoal técnico da Concellería de Animación sociocultural na propia actividade.*

*Oitava.- En caso de algún incumprimento do clausulado do presente convenio, realizaranse os descontos e, no seu caso, as devolucións correspondentes, de conformidade ó orzamento que figura no Anexo I e cos prorrateos ós que houbese lugar.*

*Novena.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo servizo de normalización lingüística do Concello de Vigo. En toda a información figurarán os logotipos da Concellería de Cultura e Animación sociocultural, da Tenencia de Alcaldía e das entidades que conforman a COMISIÓN, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa da Concellería de Animación sociocultural do Concello de Vigo e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.*

*Décima.- O presente convenio terá vixencia anual a contar dende a data da súa sinatura.*

*De non existir denuncia expresa previa do mesmo no prazo do mes anterior á súa finalización, poderase prorrogar a vixencia por períodos anuais naturais, previa solicitude de prórroga da COMISIÓN, no cal se recollerán as novas accións a desenvolver, así como as posíbeis actualizacións das contías económicas que se achegan.*

*As achegas do Concello de Vigo subordinaranse á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.*

*En todo caso, a vixencia do convenio non excederá do prazo máximo de catro anos.*

*Décimo primeira.- O CONCELLO non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.*

*Décimo segunda.- Este convenio terá carácter administrativo e rexerase polo establecido nas súas propias cláusulas e no non previsto estarase á regulación da Lei de contratos das administracións públicas para o contrato de servizos.*

*Décimo terceira.- O concelleiro de Animación Sociocultural queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.*

*E en proba de conformidade, asinan por cuadruplicado e para un só efecto o presente convenio, no lugar e data que se indican*

### **3(631).-DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E AUTOS REMITIDOS POR ASESORÍA XURÍDICA:**

a) Sentenza do TSXG no RC-A 02/4921/2003.Demandante: D<sup>a</sup> Carmen Novoa Santos.Obxecto: Resolución do 04/07/03, que desestima a reclamación de responsabilidade patrimonial (expte. 14972/240).Estimado parcialmente o recurso.

b) Sentenza do X.Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 457/2007 p.a. Demandante: D. Luis R. Fernández Fernández. Obxecto: Sanción tráfico (Expte. 078620769) Desestimado o recurso.

c) Sentenza do X.Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra no RC-A p.o. Nº 9/05 Demandante: D. Carlos Hermida Garcia (presidente da Comunidade da M.V.M.C. De Matamá).Obxecto: Desestimación o 28/10/2004 de reposición contra acto o 14/07/2004 do Xurado de MVMC de Pontevedra, sobre clasificación de montes en Matamá. Desestimado o recurso.

d) Sentenza do TSXG no rec. Apelación nº 4056/2006.Demandante: Comunidade da Montes Veciñais en Man Común de Matamá. Obxecto: Sentenza do X.Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra no RC-A p.o. Nº 9/05 desestimatoria de recurso sobre sobre clasificación de montes en Matamá. Desestimado o recurso.

e) Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A p.o. Nº 2/2007. Demandante: D. Alfonso Guitian Alvarez. Obxecto: Reclamación responsabilidade patrimonial. Expte. 363/243.Acto da XGL do 16/10/06.Desestimento da demandante.

f) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 116/2007 p.a.Demandante: D. José A. Nieto Barrilero.Obxecto: Sanción de tráfico. Expte. 068681577.Desestimo o recurso.

g) Sentenza do TSXG no rec. Apelación 15035/2008. Demandante: Xunta de Galicia. Obxecto: Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 244/2006 en relación co IBI 2005, inmovible 000900700NG07D0001JF (Illas Cíes), 1. Estimado o recurso de apelación.

h) Sentenza do X.Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 504/2007 p.a. Demandante: D. Ricardo González Dacuña. Obxecto: Sanción tráfico.Estimado o recurso.

i) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 78/2007 p.a.Demandante: D. Oscar Estévez Álvarez. Obxecto: Desestimación presunta de reclamación de responsabilidade de persoal. Estimado parcialmente o recurso.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza.

#### **4(6321).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 14/1321, 12/1537, 12/1974, 13/1365, 13/1969, 2/1994, 1929/03, 1/2266, 1/2225, 4/1967, 21/2022. DENEGACIÓN EXPTE. 2/2172.**

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes-proposta da traballadora social responsable do Programa de SAF, conformados pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

a) Conceder a prestación do Servizo de Axuda no fogar ás seguintes persoas:

- D. Ramiro Lemos Illane. Expte. 1321/14.
- D<sup>a</sup>. María Cinta Aguiar Muiños. Expte. 1537/12.
- D. Rogelio Organero Pérez. Expte. 13/1365.
- D<sup>a</sup>. Rosina Corbacho Pérez. Expte. 13/1969.
- D. Joaquín Bures Salgueiro. Expte. 1974/12.
- D<sup>a</sup>. Concepción Manuela Vilar March. Expte. 2/1994.
- D<sup>a</sup>. Nieves Mejuto Suárez. Expte. 1929/03.
- D<sup>a</sup>. Marcolina Lorenzo Álvarez. Expte. 1/2266.
- D<sup>a</sup>. Celia Fernández Novoa. Expte. 1/2225.
- D<sup>a</sup>. Carmen Gómez Fernández. Expte. 4/1967.
- D. Fernando González Alonso. Expte. 21/2022.

b) Denegar la prestación do Servizo de Axuda no Fogar a D<sup>a</sup>. Pilar Alves Luis. Expte. 2/2172.

**5(633).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á SECRETARÍA XERAL DE EMIGRACIÓN PARA PROGRAMAS DESTINADOS A FAVORECER ÓS PROCESOS DE ACOLLIDA DA POBOACIÓN RETORNADA E INMIGRANTE NA COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA DURANTE O ANO 2008. EXPTE. 31281/301.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Sección de Planificación de Servizos Sociais, do 15.04.08, conformado pola concelleira delegada de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a solicitude de subvención proposta polo departamento de Benestar Social, do Concello de Vigo, a través da Oficina de Inmigración, por un importe total de 195.000.- € segundo o previsto na Resolución do 12 de marzo de 2008, da Secretaría Xeral de Emigración, pola que se regula a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos, mancomunidades de concellos e consorcios locais, para a realización de programas destinados a favorecer os procesos de acollida da poboación de emigrantes retornados e inmigrante extracomunitaria na Comunidade Autónoma galega durante o ano 2008.

**6(634).- DEVOLUCIÓN DE AVAL BANCARIO A DELFIN TIME S.L. POLA ORGANIZACIÓN DO FÚTBOL PARK COCA-COLA. EXPTE. 7794/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 16.04.08, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a devolución do aval de 30.000, imposto polo departamento de Montes, Parques e Xardíns a DELFIN TIME S.L., para responder dos danos na Pista de Patinaxe de Samil, con motivo da celebración do evento FUTBOL PARK DE COCA-COLA os días 2e 3 de febreiro de 2008.

**7(635).- PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL 2008-2011. EXPTE. 5147/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, do 22.04.08, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, que di o seguinte:

*A mellora do benestar dos cidadáns de Vigo é a tarefa fundamental do Concello de Vigo. A súa situación en relación co emprego é un elemento fundamental do seu benestar.*

*O concello de Vigo con este Plan de emprego 2008 - 2011 incide directamente na súa situación ao mesmo tempo que intervén para acadar unha sociedade mais inclusiva, mais xusta e equilibrada.*

*A estratexia polo emprego que supón este plan non é un elemento illado, senón toma en consideración o conxunto de niveis nos que esta se desenvolve e configúrase como a súa máxima concreción. Neste senso toma como punto de partida a Estratexia Europea do Emprego co relanzamento da estratexia de Lisboa para o crecemento e o emprego. As directrices estratéxicas concéntranse ó redor de tres prioridades:*

- *a mellora do atractivo das rexións e das cidades dos Estados membros,*
- *o apoio á innovación, o fomento do espírito de empresa*
- *e o crecemento da economía do coñecemento e a creación de máis empregos e de mellor calidade.*

*A partires destas prioridades, propóñense as Directrices estratéxicas 2007-2013:*

- *facer de Europa e das súas rexións (e das súas cidades) un lugar máis atractivo para a inversión e o emprego;*
- *mellorar o coñecemento e a innovación;*
- *crear máis empregos de mellor calidade,*

- *ter en conta a dimensión territorial da política de cohesión*

*O desenvolvemento desta estratexia europea concrétese en España no Programa Nacional de Reformas 2005 – 2010 e en Galicia no Marco Estratéxico de Convergencia Económica de Galicia 2007-2013.*

*O “Novo Marco das Relacións Laborais en Galicia: Acordo polo emprego”, establece as directrices e os instrumentos para a obtención dun emprego estable, de calidade, en igualdade de condicións, seguro e ben remunerado. Os obxectivos marcados por Galicia en materia de emprego son: incorporación de mulleres en ocupacións nas que están subrepresentadas; incorporación laboral das persoas discapacitadas; actuacións relacionadas co mundo rural; actuacións relacionadas cos colectivos en risco de exclusión social; complementar a formación dos recen titulados universitarios cos requirimentos das empresas galegas e facilitar a súa incorporación ao mercado de traballo; mellora das condicións de seguridade no traballo.*

*Para elo modifica substancialmente os instrumentos a súa disposición otorgándolle un papel preponderante o Servizo Público de Emprego quen asume en exclusiva as funcións de inscrición, clasificación e intermediación e limita ós axentes socioeconómicos, entidades específicas e concellos a intervención en materia de orientación.*

*Así mesmo configura un novo marco de participación institucional no que, por primeira vez, están presentes os concellos. Este marco, os Pactos Territoriais de Emprego, implica a planificación e xestión coordinada do conxunto dos recursos públicos que se destinan ao emprego nunha zona, co obxectivo de estar o fronte do plan de emprego para propoñer os criterios e aprobar a proposta de planificación e programación, e facer o seguimento e avaliación das diferentes medidas que se adopten.*

*En relación cos demandantes de emprego personaliza a súa atención por medio dos itinerarios personalizados de inserción así como polo diagnóstico da súa empregabilidade e dispoñibilidade.*

*É neste novo marco no que se deseña o Plan Local polo Emprego de Vigo 2008-2011. Este plan de emprego de Vigo é un instrumento elaborado para promover-lo emprego no municipio, a través de distintos programas e prestando especial atención ós colectivos que teñen maiores dificultades para integrarse laboralmente. Ademais incide directamente na creación e mellora dos instrumentos de intervención utilizados dende o concello; crea accións de mellora da empregabilidade; mellora a calidade do emprego; promove unha maior seguridade no traballo e reduce a sinistralidade; aumenta o emprendemento e a economía social; mellora as relacións laborais.*

*O concello de Vigo, como non pode ser doutro xeito, asume a súa disposición a liderar o Pacto Territorial de Emprego da área de Vigo no que se elaborará o Plan de Emprego desa área facéndoo compatible co que aquí se presenta e poñendo a súa disposición os instrumentos e ferramentas necesarios para levalo a bo fin.*

*Polo anteriormente exposto e tendo en conta que a situación dos veciños e veciñas de Vigo con relación a súa situación en relación co emprego é un elemento fundamental do seu benestar, e que a posta en marcha do Plan Municipal de Emprego 2008-2011, incidirá na mellora do mesmo , PROPOÑO a Xunta de Goberno Local a adopción do seguintes acordo:*

*Aprobar o Plan de Emprego Municipal 2008-2001 que se achega co presente informe, como ferramenta de traballo cara a promover o emprego no municipio, mellorando a súa calidade e atendendo especialmente a aqueles colectivos con maiores dificultades de integración laboral.*

#### Acordo

*A Xunta de Goberno local acorda aprobar o Plan de Emprego Municipal 2008-2001 que se achega no expediente, como ferramenta de traballo cara a promover o emprego no municipio, mellorando a súa calidade e atendendo especialmente a aqueles colectivos con maiores dificultades de integración laboral.*

### **8(636).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE A CORUÑA E O CONCELLO DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS NOS SERVIZOS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE POR ALUMNADO DO CURSO DE ESPECIALIZACIÓN EN XÉNERO E POLÍTICA DE IGUALDADE. EXPTE. 3333/224.**

*Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 9.04.08, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, do 14.03.08, conformado pola concelleira de Igualdade, a Xunta de Goberno local acorda:*



**Aprobar o texto do proxecto de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Universidade de A Coruña para a realización de prácticas nos servizos dependentes da Concellería de Igualdade por parte do alumnado do curso 2007-2008 de especialización en xénero e políticas de igualdade, que de seguido se transcribe:**

*“CONVENIO PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A UNIVERSIDADE DE A CORUÑA E CONCELLO DE VIGO*

*A Coruña, a... de... de 2008.*

*PREÁMBULO*

*As dúas entidades consideran que unha adecuada formación regulada na Universidade, combinada coa práctica adquirida no traballo desenvolvido no campo profesional, constitúe a base máis sólida para a formación integral do estudiantado universitario, capacitándoo correctamente para a súa inserción no mundo ocupacional, e é polo que*

*COMPARECEN*

*Por unha parte, o Excmo. Sr. D. José María Barja Pérez, Reitor Magnífico da Universidade da Coruña, no uso das atribucións que lle confire o art. 36.1.f) dos Estatutos desta universidade, aprobados polo Decreto 101/2004, de 13 de maio, da Xunta de Galicia (DOG de 26 de maio).*

*Doutra parte D<sup>a</sup> Iolanda Vélso Ríos , Concelleira delegada de Igualdade do Concello de Vigo, en adiante Concello, con sede en Praza do Rei, número 2, 36202, Vigo, que actúa no seu nome e representación segundo establecen os artigos 124.4. a) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/97 do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.*

*E recoñecéndose ambas as entidades a súa respectiva personalidade e competencia,*

*ACORDAN*

*A sinatura dun convenio de programa de cooperación educativa segundo o Real decreto 1497/1981, do 19 de xuño, actualizado polo Real decreto 1845/1994, do 9 de setembro, en que participará o/a estudante*

*Sr./Sra. Cristina Lage Villar, con DNI número 34898759-P , matriculado/a no curso de especialización en Xénero e Políticas de Igualdade do centro Facultade de Socioloxía desta universidade, con domicilio en Canteira de Eirís, 17, 5<sup>o</sup>, 15009, A Coruña con teléfono 881883461*

*a través do cal poderá acceder ao coñecemento das técnicas e a metodoloxía desta entidade de igualdade dependente do Concello de Vigo (o Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, em adiante CMIDM), como suplemento práctico da súa formación teórica.*

*O desenvolvemento deste convenio rexerese polas seguintes*

*CONDICIÓN PARTICULARES*

*Primeira.- O/a estudante que participa neste convenio foi seleccionado/a polo centro e cumpre os requisitos establecidos no Real decreto 1497/1981.*

*Segunda.- O/a estudante terá como titor/a, nomeado por Dña. Rosa Cobo Bedia, Directora do Posgrao, o Sr./Sra. Rosa Cobo Bedia, quen velará pola súa formación e polo cumprimento do plano de traballo aprobado polo centro, que acompaña este documento como anexo I.*

*Terceira.- O número total de horas de dedicación do/a estudante a este programa será de 30 horas realizadas no período comprendido entre a sinatura deste convenio e o 15 de setembro. O horario das prácticas consensuaráno a alumna e a dirección do CMIDM. O lugar de prácticas será o CMIDM de Vigo: R/ Romil, 20, CP: 36203, Vigo.*

*Cuarta.- O Excmo. Concello de Vigo non pagará ningunha cantidade á estudante en concepto de dietas ou axudas pola realización do curso de especialización da estudante seleccionada.*

*Quinta.- O/a estudante estará obrigado a cumprir os horarios e as normas que se fixan na cláusula segunda e terceira, así como a manter relación co seu titor.*

*Sexta.- O/a estudante obrígase a presentar un informe final á dirección do curso sobre o desenvolvemento e os resultados deste programa de cooperación.*

*Sétima.- Unha vez finalizado o programa, o/a estudante terá dereito a que se lle expida unha certificación por parte do Excmo Concello de Vigo previo informe do CMIDM como dependencia encargada da realización e seguemento das prácticas obxecto do presente convenio.*

*Oitava.- De acordo co artigo 7.2 do Real decreto 1497/1981, do 19 de xuño, a relación do/a estudante co Concello de Vigo non ten carácter laboral, e queda por tanto excluída esta relación do ámbito da lexislación laboral. O seguro escolar, cuxo custo corre a cargo do estudante, cubrirá as continxencias do estudante que segue o programa nas condicións que se establecen nas disposicións legais que o regulan. Así mesmo, o Curso de Posgrao ten suscrito un seguro de responsabilidade civil.*

*Novena.- En calquera momento, de concorrer causas que o xustificaren, poderase rescindir este convenio por iniciativa de calquera das dúas partes.*

*Décima.- Para calquera dúbida sobre a interpretación do presente convenio estarase ao disposto no Real decreto 1497/1981, do 19 de xuño, e á súa actualización posterior.*

*O Concello de Vigo e a Universidade da Coruña, comprométese a resolver de maneira amistosa calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente acordo.*

*No seu caso, as partes asinantes someterán as diverxencias que poideran presentarse en orden á interpretación ou cumprimento do presente Convenio á xurisdición Contencioso- Administrativa, dado o carácter público de ambas dúas institucións.*

*En proba de conformidade, asínase o presente documento en todas as súas follas por duplicado exemplar e para un só e mesmo efecto, no lugar e na data antes indicados.*

ANEXO I  
PROGRAMA DE COOPERACIÓN EDUCATIVA  
PLANO DE TRABALLO

*O/a Sr/Sra. Rosa Cobo Bedia, nomeado/a por Rosa Cobo Bedia (Directora Curso Especialización en Xénero e Políticas de Igualdade), emprazada en Facultade de Socioloxía, Campus de Elviña, s/n, 15071, A Coruña, teléfono 981167000 ext. 4895, para exercer as funcións de titor dun convenio de cooperación educativa, declara que, en caso de que se asine este Convenio, o plano de traballo que realizará o/a estudante será o seguinte:*

*Descrición do traballo que realizará o/a estudante: Participar do deseño, execución e desenvolvemento das actividades que se realizan no CMIDM de Vigo, adquirindo así unha visión práctica e unhas habilidades técnicas na área das políticas de igualdade a nivel municipal.*

*Lugar onde se realizará o traballo: CMIDM de Vigo, R/ Romil, 20, 36203, Vigo.*

*Período durante o cal se realizará o traballo: a convir entre a alumna e a dirección do CMIDM. As datas haberán de estar comprendidas entre a data de sinatura do presente convenio e o 15 de setembro de 2008.*

Número total de horas dentro deste período: 30.

Horario: a convir entre a alumna e a dirección do CMIDM.

Coñecementos específicos que ha de ter o/a estudante para facer este traballo: Coñecementos adquiridos ao longo do Curso de Especialización en Xénero e Políticas de Igualdade.

7. Formación que adquirirá o/a estudante ao realizar ese traballo: Adquisición de habilidades prácticas no desenvolvemento diario de políticas de igualdade nun centro municipal da muller.

8. Forma prevista para o seguimento e orientación ao/á estudante durante a realización do traballo: Contacto vía correo electrónico e telefónico coa titora das prácticas, así como seguimento en entrevista persoal no caso de que fose necesario.

9. Bolsa ou axuda de estudos que a empresa concederá ao/á estudante e forma en que será satisfeita: Non haberá ningún tipo de bolsa ou axuda económica, nin por parte do Concello de Vigo nin por parte da Universidade.

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2008

#### **9(637).- ADXUDICACIÓN DA OPERACIÓN DE PRÉSTAMO 2008. EXPTE. 101210/140.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta asinada pola presidenta da Mesa constituída ao efecto, polo interventor xeral, o tesoureiro, o xefe da Unidade de Contabilidade e o secretario, que di o seguinte:

Ao obxecto de concertar a operación de crédito que está incluída no Estado de Ingresos do Orzamento Xeral aprobado para o ano 2008 no concepto 917.00, publicouse no diario Faro de Vigo o venres 4 de abril, anuncio das condicións as que quedaba sometida a operación a concertar. No prazo previsto, entre o 7 e o 14 de abril, presentaron oferta as seguintes entidades financeiras:

- \* Caixanova
- \* Banco de Crédito Local
- \* La Caixa

A Mesa constituída os efectos de apertura de sobres e avaliación das ofertas, rexeitou a proposta feita pola Caixa por non axustarse a mesma as condicións financeiras previstas no modelo da oferta e do contrato.

Tendo en conta as características da operación e os criterios aprobados para avaliar as proposicións, e co detalle que se reflicte no documento de avaliación das ofertas, a Mesa de Contratación considerou a mellor proposta a efectuada polo Banco de Crédito Local tal e como queda constancia no informe que se adxunta da avaliación de cada unha das ofertas presentadas e que se resumen no seguinte estado:

Entidade	Diferencial	Cap	Total puntuación
Caixanova	3	1	4
BCL	68	10	78

A Mesa por unanimidade, o amparo do previsto no artigo 127.1.f da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Rexeitar a proposta feita pola Caixa por non axustarse as condicións previstas no modelo de oferta e contrato.

"Adxudicar a operación de préstamo con apertura de póliza de crédito destinada a financiar ás operacións do plan de investimentos e outras operacións de capital que figuran no orzamento aprobado para o ano 2008, á entidade financeira Banco de Crédito Local, de acordo ás seguintes condicións:

Importe: 16.700.000,00 euros

Natureza: Préstamo con apertura de conta de crédito.

Tipo de interese: Variable, referenciado a EURIBOR.

Prazo de amortización: 10 anos.

Plan de amortización: Anual, a 31 de decembro de cada ano, sendo a primeira amortización o 31.12.2009 e a última o 30.12.2018. Se o día establecido para a amortización fose inhábil, cargase a amortización o primeiro día hábil anterior.

Liquidación de intereses: Trimestral (Trimestres naturais), a excepción do último trimestre de cada ano, que se liquidará e pagará o último día do trimestre, e o primeiro dende a/as disposicións ata o remte do trimestre.

Carencia: Dende a sinatura do contrato ata o 30.12.2009.

Consolidación do importe: 31.12.2008.

Período de disposición: O de carencia.

Amortización anticipada: Sen custo.

Apertura da póliza: Sen custo.

Diferencial: 0.065 por 100

CAP: 6 por 100

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **10(638).- MELLORAS APLICABLES Á PRESTACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE ESTACIONAMENTO REGULADO MEDIANTE EXPENDEDORES DE TIQUETS NA VÍA PÚBLICA (XER). EXPTE. 72171/210.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 23.04.08, que di o seguinte:

#### I) NORMATIVA APLICABLE:

- LRBRL: Lei das Bases do Réxime Local 7/1985, de 2 de abril.

- TRLCAP: Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño.

- RXCAP: Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

- RSCL: Regulamento de Servizos das Corporacións Locais de 17 de xuño de 1955.

- PCAP/PPT: Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescripcións Técnicas aprobados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en data 26.12.2006.

#### II) ANTECEDENTES:

1.- A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, en sesión ordinaria de 23.05.2007, acordou adxudicar a "Dornier, S.A" a contratación da xestión do servizo público de estacionamento regulado mediante expendedores de tiquets na vía pública (XER), segundo os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescripcións

técnicas que rexeron a contratación e a oferta técnica e proposición económica presentada pola entidade mercantil (exp.adm. nº 72171/210).

2.- A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 14.04.2008, acordou rechazar as melloras ofertadas por "Dornier, S.A" (nº 1.1.14 e 1.1.21), valoradas nun total de 565.000 €, destinando este importe á realización pola concesionaria ou terceiro co que esta subcontrate de asistencias técnicas, traballos, campañas ou congresos relacionados coa mobilidade, os transportes e o tráfico, que teñan repercusión directa na mellor xestión do servizo público adxudicado (XER).

3.- Con data 22.04.2008, o Xefe de Área de Mobilidade emite informe nos seguintes termos:

"... A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 14.04.2008, acordou rechazar as melloras ofertadas por "Dornier, S.A" (nº 1.1.14 e 1.1.21), valoradas nun total de 565.000 €, destinando este importe á realización pola concesionaria ou terceiro co que esta subcontrate de asistencias técnicas, traballos, campañas ou congresos relacionados coa mobilidade, os transportes e o tráfico, que teñan repercusión directa na mellor xestión do servizo público adxudicado (XER).

Adoptado este acordo pola Xunta de Goberno Local e en execución do contrato administrativo de xestión do servizo público (XER), cómpre que a concesionaria entregue ao Concello de Vigo un PLAN DE MOBILIDADE que, sen dúbida, mellorará a circulación no termo municipal cunha repercusión directa no mellor funcionamento e prestación do servizo público adxudicado.

O Plan de Mobilidade é un instrumento técnico global de análise e de traballo que define os principios e liñas xerais de actuación no campo da mobilidade e pretende dar resposta aos principais problemas da cidade. Este Plan suporá unha mellora para o funcionamento da XER por canto entre os seus principais obxectivos está a xestión e a ordenación das zonas de aparcamento a fin de mellorar a rede de aparcamentos. O Plan supón unha mellora directamente aplicable á xestión do servizo público-XER que aumenta a calidade da prestación dese servizo.

#### PLAN DE MOBILIDADE

O ámbito territorial de desenvolvemento do Plan será a totalidade do termo municipal de Vigo debendo considerar as condicionantes impostas polas relacións metropolitanas e a súa demanda de mobilidade.

O Plan debe responder a :

- Un modelo de mobilidade que permita mantelo dinamismo social e económico da nosa cidade.
- Un modelo de sustentabilidade que responda aos criterios marcados pola Axenda 21. Nesta liña, conterá un programa de fomento do uso da bicicleta, medida que irá acompañada da ampliación do carril bici existente.
- Un modelo de mobilidade que dé prioridade aos peóns e ao transporte público.
- Un modelo de actuación que potencie os servizos de mobilidade para persoas con discapacidade física.
- Un modelo que garanta a calidade de vida de tódola cidadanía e a seguridade vial.
- Un modelo que fomente un cambio de actitudes tanto na administración como na cidadanía e que garanta a disciplina vial, cumprindo e facendo cumprilas normas básicas de convivencia na mobilidade.

1.- Finalidade do Plan de Mobilidade:

- Analizar paulatinamente a xestión do tráfico no enterno da Praza de América, así como o entorno da futura estación intermedial e as conexións actuais e futuras.
- Analizar e caracterizar a situación actual.
- Estudiar a incidencia de novas infraestruturas, previsións de actuacións.
- Estudiar e propoñer actuacións no varío urbano, considerando a utilización e capacidades das vías adaptando a realidade actual e en previsión a medio prazo.
- Adecuación de actuacións de uso de vías en base á priorización do transporte colectivo e uso peonal especialmente nas zonas de maior centralidade.
- Analizar en base ás necesidades reais as demandas de novos aparcamentos subterráneos para residentes e/ou mixtos, así como a necesidade de contemplar espazos destinados a aparcamentos disuasorios.

- *Analizar a posibilidade de incrementar a zona regulada de zona para aparcarse en superficie (noutras zonas con demanda efectiva) así como as posibilidades de regular usos de residentes en zonas restrinxidas ou compartidas con prezos diferenciados.*
- *Interrelación tráfico urbano/interurbano, metropolitano.*
- *Presentar unha proposta concreta de actuacións que cumpra coas expectativas adecuadas.*
- *Dar resposta ás necesidades de mobilidade actuais e a medio prazo.*

2- O Plan deberá analizar e caracterizar a situación actual, considerando:

- *Rede viaria: titularidade, estrutura xeral e xerarquización.*
- *Características demográficas e socioeconómicas. Distribución das actividades por áreas,*
  - *residencial*
  - *cultural-ocio*
  - *sanitaria*
  - *comercial*
  - *emprego*
  - *servizos e equipamentos.*
  - *outros.*
- *Transporte colectivo:*
  - *oferta actual.*
  - *previsións de novas infraestruturas*
  - *necesidade de previsión de actuacións en atención a novas demandas de mobilidade.*
- *Mobilidade.*
  - *caracterización da mobilidade interna.*
  - *interrelación coa mobilidade metropolitana.*
- *Aparcamento.*
  - *oferta actual de aparcamento.*
  - *regulación do aparcamento en superficie.*

3.- *Traballos de campo: Partindo da aportación municipal de datos de aforos que se poñerán a disposición da concesionaria, o Plan de Mobilidade deberá explicitar:*

- *Puntos de aforo automáticos.*
- *Número de puntos de aforo manual*
  - *Puntos de aforo manual para completar os aforos automáticos*
  - *Puntos de aforo manual para a determinación de volúmenes de xiro.*
- *Programación, definición e duración dos aforos.*

4.- *Aparcamento: Un dos obxectivos do Plan de Mobilidade é a análise xeral do aparcamento na cidade. Serán áreas de especial interese no estudo:*

- *As zonas que sufran o efecto da XER.*
- *Análise das zonas actuais da XER, tipoloxía de usuarios. Necesidade e efectos de posibles demandas de ampliación.*
- *Necesidades de aparcamentos (considerados ademais dos seis recentemente adxudicados) para residentes e mixtos así como a conveniencia ou non de aparcamentos disuasorios.*

5.- *Evolución previsible da mobilidade: Unha vez caracterizada a situación actual, o Plan realizará unha estimación da evolución previsible da mobilidade, o tráfico e o aparcamento.*

- *Corto prazo: tres anos.*
- *Medio prazo: sete anos.*

6.- *Diagnóstico: A partir da análise da situación actual e a súa previsible evolución, o Plan realizará un diagnóstico do tráfico e o aparcamento na cidade, sinalando as súas carencias e detectando as súas potencialidades, realizando unha análise DAFO (debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades) baseado en aspectos concretos do tráfico e o estacionamento baixo a perspectiva da situación xeral da mobilidade na área de Vigo.*

7.- Definición de liñas estratéxicas e dos programas do Plan de Mobilidade (tráfico e aparcamento). Diagnosticada a situación actual e a prevista, o Plan formulará as liñas estratéxicas. Propondrá unha serie de programas de actuación que desenvolvan os obxectivos de cada unha das liñas estratéxicas propostas. Os programas deberán incluír:

- Descrición das actuacións incluídas en cada programa.
- Análise dos efectos das actuacións.
- Programación temporal.
- Avaliación económica.

8.- Seguimento das actuacións.

Naquelas propostas de actuacións aceptadas polo Concello que se proceda a súa implantación, deberá o autor do Plan realizar un seguimento. Para elo avaliará o impacto das actuacións desta natureza, incluídas no Plan, durante os seis meses seguintes á entrega do programa de actuación do Plan aos servizos técnicos municipais.

9.- Entrega e presentación do Plan de Mobilidade.

Os traballos presentaranse en formato papel debidamente encarpados e máis en soporte magnético. Deberanse presentar nun conxunto de documentos acordes coa estruturación de actividades reseñadas, organizadas de xeito que cada un deles teña contido propio de forma autoexplicativa. Os textos escritos presentaranse en tamaño A3 ou A4, entregándose seis copias impresas e dez copias en soporte magnético. Tanto as cartulas dos planos como a presentación e encadernación dos traballos deberán contar coa conformidade da xefatura da área municipal de mobilidade. As copias en soporte magnético cumprirán os requisitos seguintes:

- Entregaranse dez copias en CD-ROM. Incluirán un arquivo de texto onde se detallará, a modo de índice, a composición de cada CD-ROM.
- Todos os arquivos serán gravados en formato orixinal sen comprimir.
- Incluiranse nos arquivos do directorio da Memoria todos os arquivos relacionados (textos, planos, tablas, anexos, etc) en formato compatible cos utilizados no Concello de Vigo.

O Concello determinará lugar, día e hora así como os medios axeitados para a presentación do traballo “Plan de Mobilidade de Vigo” por parte da concesionaria e a súa costa.

A Xefatura da Área dará conformidade ás entregas dos traballos, tanto entregas parciais como presentación das conclusións finais do Plan.

#### PREZO E PRAZO DE EXECUCIÓN DO PLAN DE MOBILIDADE

1. - Considerando previstos un total de 565.000 € en concepto de melloras para realizar asistencia técnica, traballos, campañas ou congresos relacionadas coa mobilidade, os transportes e o tráfico, o Plan de Mobilidade realizarase pola entidade concesionaria, ou empresa con que esta subcontrate, por importe de 120.000 € máis IVE a engadir con cargo aos devanditos 565.000 €. Inclúense nos 120.000 €, a totalidade dos gastos derivados da execución do Plan (así gastos necesarios de desprazamento, dietas, os derivados da presentación do Plan, etc).

Todos os traballos de produción (cálculos, delineación, encadernación, etc.....), tanto dos documentos redactados polo autor do plan como dos aportados polo Concello, serán realizados pola concesionaria e a súa costa.

2.- No PRAZO DE SEIS MESES, contados desde o día seguinte ao da notificación do requerimento á concesionaria polo que se lle ordene a elaboración do Plan, “Dornier, S.A” DEBERÁ ENTREGAR AO CONCELLO DE VIGO o Plan de Mobilidade. Devandito prazo subdivídese como sigue (2+2+2):

Fase I.- Presentación ao Concello do análise e diagnóstico: 2 meses.

Fase II.- Presentación de propostas: 2 meses.

Fase III.- Conclusións e presentación do “Plan de Mobilidade”: 2 meses.

Ademais dos 7 meses establecidos para a presentación do Plan, inclúese no prezo do Plan a continuación por un período adicional de tres meses do seguimento das propostas de actuación presentadas.

### OBRIGACIÓNS DO CONCELLO DE VIGO

1.- O Concello deberá entregar á súa concesionaria a totalidade da documentación do anterior plan de tráfico, así como as enquisas de mobilidade, aforos, cartografía e demais documentación ou información de interese relacionada coa materia, que obre en poder da Administración Municipal. Deberase respectar a Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal 15/1999, de 13 de decembro.

2.- Devandita documentación terá carácter confidencial e usarase para a exclusiva elaboración do Plan de Mobilidade. No momento de entrega do Plan, "Dornier S.A" devolverá ao Concello de Vigo a documentación referida.

3.- O Concello non realizará axustes, nin adaptará compatibilidades informáticas para a correcta utilización da documentación entregada....".

### III) FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

1.- En execución do contrato administrativo de xestión do servizo público (XER), é de interese municipal, segundo informa o Xefe da Área de Mobilidade, Seguridade e Transportes en data 22.04.08 que "Dornier, S.A", concesionaria do servizo, entregue ao Concello de Vigo un Plan de Mobilidade que, sen dúbida, mellorará a circulación no termo municipal cunha repercusión directa no mellor funcionamento e prestación do servizo público adjudicado-XER. Segundo manifesta a Xefatura de Mobilidade, o Plan "suporá unha mellora para o funcionamento da XER por canto entre os seus principais obxectivos está a xestión e a ordenación das zonas de aparcamento a fin de mellorar a rede de aparcamentos".

De acordo co disposto no apartado 9.1.f) do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares da XER, que constitúe a lei do contrato (STS 07.02.96; 16.07.90), o Plan de Mobilidade supón unha mellora para o funcionamento da XER "directamente aplicables á xestión do servizo público-XER".

2.- De conformidade co disposto no art. 170 do RDL 2/2000 (TRLCAP), de 16 de xuño, a concesionaria poderá subcontratar a elaboración do Plan ao tratarse dunha prestación accesoria do servizo. Asemade, a celebración do devandito subcontrato deberá cumprir os requisitos establecidos nos arts 115 e 116 do TRLCAP.

3.- No referente ao contido e características que deberá ter o Plan de Mobilidade, así como á forma e prazos de presentación do mesmo estarase ao disposto no informe da Xefatura de Área de Mobilidade de 22.04.2008.

4.- Considerando previstos un total de 565.000 € en concepto de melloras para realizar asistencias técnicas, traballos, campañas ou congresos relacionadas coa mobilidade, os transportes e o tráfico, o Plan de Mobilidade realizarase pola entidade concesionaria, ou empresa con que esta subcontrate, con cargo aos mesmos por importe de 120.000 € máis IVE a engadir. Inclúense neste importe a totalidade dos gastos derivados da execución do Plan.

Considerando os feitos e fundamentos de dereito expostos,

### PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO PRESENTE ACORDO:

PRIMEIRO: En execución do contrato administrativo de xestión do servizo público de estacionamento regulado mediante expendedores de tiquets na vía pública (XER), requirir á empresa concesionaria deste servizo, "Dornier, S.A", que entregue ao Excmo. Concello de Vigo un Plan de Mobilidade de acordo co exposto no informe da Xefatura da Área de Mobilidade, Seguridade e Transportes de 22.04.2008 no referente ao contido e características que deberá ter o Plan, así como á forma e prazos de presentación do mesmo.

SEGUNDO: Considerando previstos un total de 565.000 € en concepto de melloras para realizar asistencias técnicas, traballos, campañas ou congresos relacionadas coa mobilidade, os transportes e o tráfico, o Plan de Mobilidade realizarase pola entidade concesionaria, ou empresa con que esta subcontrate, con cargo aos mesmos por importe de 120.000 € máis IVE a engadir. Inclúense neste importe a totalidade dos gastos derivados da execución do Plan.



*TERCEIRO: Notificar o presente acordo aos Concelleiros Delegados de Mobilidade e Contratación, así como á entidade mercantil “Dornier, S.A” nos termos previstos no artigo 58.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **11(639).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A VIUCONSA S.A. REQUERIDA POR OBRAS NA RÚA LUIS TABOADA, 13. EXPTE. 3444/446.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do enxeñeiro técnico Agrícola, do 15.04.08, conformado pola concelleira-delegada de Montes, Parques e Xardíns, a Xunta de Goberno local acorda:

Que se proceda á devolución de aval requirido a Viuconsa S.A. por valor de 1.800,00 € pola retirada de dúas xardineiras na rúa Luis Taboada 13 para acometer obras en edificio, xa que unha vez rematadas as mesmas as xardineiras foron instaladas no seu sitio orixinal co seu arborado correspondente e non se produciron danos.

#### **12(640).- LEVANTAMENTO DEFINITIVO DE DEPÓSITO DE DÚAS OBRAS DO MUSEO DO PRADO DEPOSITADAS NO MUSEO MUNICIPAL “QUIÑONES DE LEÓN”. EXPTE. 3085/337.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director do Museo municipal de Vigo “Quiñones de León”, do 21.04.08, conformado pola concelleira da Área de Patrimonio Histórico, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o levantamento definitivo de depósito das obras relacionadas a continuación pertencentes á colección permanente do Museo Nacional del Prado, depositadas no Museo Municipal de Vigo “Quiñones de León”: “Dous militares, un a cabalo e outro a pé”, José Jiménez Aranda. Nº. INV PRADO: D-6398. Nº INV. MUSEO MUNICIPAL: 347, “Debuxos de Academia”. Rogelio Egusquiza. Nº. INV PRADO: D-6408. Nº INV. MUSEO MUNICIPAL: 8436; dando conta delo a Xunta Rectora (Padroado) do museo municipal na primeira xuntanza que se convoque; e a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

#### **13(641).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO PLAN DE PATROCINIOS E ASISTENCIA TÉCNICA ARTÍSTICA PARA A PROGRAMACIÓN DAS FESTAS DE VIGO. EXPTE. 2614/335.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 14.04.08, o informe de fiscalización, do 23.04.08, e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado, do 15.04.08, conformado polo concelleiro delegado da Área de Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autoriza-lo gasto 30.000 euros para a prestación da asistencia técnica para a elaboración do plan de patrocinios e asistencia técnica artística para a programación das festas de Vigo. que se imputarán á partida presupuestaria 4512.227.06.02 "Actividades culturais diversas" do vixente presuposto.

2º.- Aproba-lo prego tipo de cláusulas administrativas particulares para a contratación da asistencia técnicas polo excmo. Concello de Vigo xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC) de data 02-04-2008 e o prego de prescripción técnicas para a prestación da asistencia técnica de elaboración do plan de patrocinios e asistencia técnica artística para a programación das festas de Vigo..

3º.- Solicitar ofertas a tres empresarios capacitados para a execución do contrato.

**14(642).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DUNHA ASISTENCIA TÉCNICA PARA A REDEFINICIÓN E MELLORA DAS FESTAS DE VIGO E CREACIÓN DA SÚA IDENTIDADE VISUAL. EXPTE. 2587/335.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 14.04.08, o informe de fiscalización, do 23.04.08, e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado, do 15.04.08, conformado polo concelleiro delegado da Área de Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autoriza-lo gasto 30.000 euros euros para a prestación da asistencia técnica para a redefinición e mellora das festas de Vigo e creación da súa identidade visual. que se imputarán á partida presupuestaria 4512.227.06.02 "Actividade culturais diversas". do vixente presuposto.

2º.- Aproba-lo prego tipo de cláusulas administrativas particulares para a contratación da asistencia técnicas polo excmo. Concello de Vigo xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC) de data 11-04-2008 e o prego de prescripción técnicas para a prestación da asistencia técnica da redefinición e mellora das festas de Vigo e creación da súa identidade visual..

3º.- Solicitar ofertas a tres empresarios capacitados para a execución do contrato.

**15(643).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DUN PROGRAMA DE CONSULTORÍA E ASISTENCIA TÉCNICA A ALCALDÍA DE PROYECCIÓN DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 2163/104.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 14.04.08, o informe de fiscalización, do 23.04.08, e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado, do 15.04.08, conformado polo concelleiro delegado da Área de Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto de 200.000 € para a contratación da asistencia técnica para a creación, desenvolvemento e execución dun programa para a consultoría e asistencia técnica á Alcaldía nas áreas susceptibles de proxectar a imaxe da nosa cidade nos ámbitos local, nacional e estatal, que se imputarán á partida presupostaria 111.0.227.06.00 "Asesoramiento infraestructras, urbanismo, etc." do vixente presuposto.

2º.- Aprobar o prego tipo de cláusulas administrativas particulares para a contratación de asistencias técnicas polo Excmo. Concello de Vigo xunto coa Folla de especificacións do Contrato (FEC) de data 16.04.08 e o prego de prescripción técnicas para a prestación da asistencia técnica para a creación, desenvolvemento e execución dun progrma para a sonsultoría e asistencia técnica á Alcaldía nas Áreas susceptibles de proxectar a imaxe da nosa cidade nos ámbitos local, nacional e estatal.

3º.- Convocar a licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente mediante tramitación ordinaria.

**16(644).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ASISTENCIA TÉCNICA PARA A COMPROBACIÓN, REVISIÓN E ACTUALIZACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 18281/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 28.04.08, e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado, do 15.04.08, conformado polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autoriza-lo gasto 300.000 euros para a contratación da asistencia técnica para a comprobación, revisión e actualización do inventario municipal de bens e dereitos do Concello de Vigo. que se imputarán á partida presupuestaria 12162270601 do vixente presuposto e o do ano 2009.

2º.- Aproba-lo prego tipo de cláusulas administrativas particulares para a contratación de asistencias técnicas polo excmo. Concello de Vigo xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC) de data 03-04-2008 e o prego de prescripción técnicas para a prestación da asistencia técnica de comprobación, revisión e actualización do inventario municipal de bens e dereitos do Concello de Vigo..

3º.- Convocar a licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente mediante tramitación ordinaria.

**17(645).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DE MESTURAS BITUMINOSAS PARA O SERVIZO DE VÍAS E OBRAS. EXPTE. 54057/250.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 9.04.08, conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Considerar como temeraria a oferta presentada pola empresa Construcción de Obras e Viais, S.A, pois de acordo co informe do Enxeñeiro Xefe de Vias e Obras de 04-04-2008 a documentación presentada pola empresa non xustifica a baixa ofertada.

2º.- Adxudicar a Sercoysa, Proyectos y Obras, S.A. o subministro de mesturas bituminosas para o servizo de Vías e Obras. (Expte. 54057/250) por un importe de 1.000.000 euros (500.000 euros no exercicio 2008 e 500.000 euros no 2009) e un desconto porcentual do 18,50% respecto do cadro de prezos do prego técnico. Todo iso de acordo co proxecto e o prego de condicións técnicas e administrativas aprobados pola Xunta de Goberno de 17-02-2008 e a oferta presentada.

**18(646).- PROXECTOS DE CONSTRUCCIÓN DOS APARCADOIROS SUBTERRÁNEOS DAS RÚAS AREAL, POLICARPO SANZ E PINTOR COLMEIRO. EXPTE. 18144/240.**

A Xunta de Goberno local retira este expediente.

**19(647).- REVISIÓN DE TARIFAS NO APARCADORIO DA RÚA URZAIZ. EXPTE. 18310/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Especial do 15.04.08, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio e polo interventor xeral, que di o seguinte:

*D. Eloy García Alvariza, en nome e representación da entidade “Eloymar y Tranvías Electricos”, U.T.E.”, adxudicataria da concesión de dominio público para a elaboración do proxecto de construción e explotación do aparcadoiro subterráneo na rúa Urzaiz ( pleno de 15 de abril de 1999), mediante escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello, nº de doc. 80011148, en data 28 de xaneiro de 2008, solicita a revisión das tarifas que se están aplicando polo utilización de dito aparcamento.*

*A posibilidade de revisión de tarifas, obxecto da presente solicitude, aparece recollida na cláusula IX do prego de cláusulas administrativas que rexeron a adxudicación de dita concesión, manifestando que dita revisión pode-*

rase aplica e a partir do transcurso do primeiro ano da posta en funcionamento e sucesivos, conforme ás variacións do IPC do período anual inmediato ó anterior.

En base a lei 44/2006 que modifica en parte a Lei 40/2002, de 14 de novembro, reguladora do contrato de aparcadoiro na que se determina que o prezo do servizo de aparcadoiro determinarase en función do tempo real de prestación do mesmo, na Xunta de Goberno Local de 26 de febreiro de 2008, estableceuse un prezo de tarifa por uso de aparcadoiro por minuto, fixando a tarifa a aplicar no aparcadoiro da rúa Urzaiz nun importe de 0,0325 euro/minuto nos primeiros ochenta minutos e 0,0244 euro/minuto a partir do minuto 81.

As novas tarifas aprobados na XGL de 26 de febreiro, son equivalentes a tarifa hora que se estaba aplicando ata a data de aprobación destas, que en concreto era de 1,35 euro/hora \_ ( XGL de 12/02/2007 obtidas pola aplicación do incremento do IPC decembro 2005/2006 as vixentes perante o ano 2006)\_, polo tanto estarán suxeitas á mesma cláusula de revisión prevista no prego de cláusulas administrativas que rexeu a adxudicación do concurso.

A vista do anterior, para efectuar a revisión das tarifas, o importe fixado na XGL de 26 de febreiro ,aplicaráselle o IPC de decembro 2006/2007, que según informe do INE que se adxunta foi de 4,2%, polo que se obtén os importes revisados seguintes:

- 0,0339 euro/minuto nos primeiros 80 minutos.
- 0,0254 euro/minuto a partir do minuto 81.

Polo exposto, previo informe da Intervención Xeral, proponse a Xunta Local de Goberno, a adopción do seguinte ACORDO

Aprobar a revisión de Tarifas no aparcadoiro da rúa Urzaiz, adxudicado a entidade U.T.E. “Eloymar y Tranvías Electricos de Vigo”, a partir da data de aprobación do presente acordo, por aplicación do incremento do IPC decembro 2006/2007, nun 4,2%, fixando a tarifa/minuto por uso do servizo de aparcadoiro na cantidade de:

- 0,0339 nos primeiros 80 minutos.
- 0,0254 a partir do minuto 81.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **20(648).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN E ENSINANZAS DA ESCOLA MUNICIPAL DE DANZA. EXPTE. 1883/335.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 11.04.08, conformado polo concelleiro delegado de Animación Sociocultural e polo interventor xeral, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno local, na sesión ordinaria de data 21-08-2006, adxudicou o contrato da asistencia técnica da xestión e ensinanzas da Escola Municipal de Danza do Concello de Vigo a D. Wenceslao Cabezas del Toro (NIF 35.925.740-Q), por un prezo anual de 112.791,52 euros.

Na cláusula 2.3 do prego de cláusulas administrativas particulares e apartado 7 das FEC establece que o prazo de execución do servizo prestado é de dous anos, contados desde o 1 de setembro de 2006, polo que o dito prazo remataría o 31/08/2008. Igualmente, considérase a posibilidade de prórroga do contrato por períodos anuais ata un máximo de dúas prórrogas, de modo que a duración total do contrato (incluídas as dúas prórrogas) non podería exceder de catro anos (cláusula 2.3.2 do Prego tipo de cláusulas administrativas), sempre que o contratista non se opoña á dita prórroga cunha antelación de cinco meses respecto do vencemento

do prazo. En data 15/02/2008, o contratista presenta escrito no que manifesta a súa conformidade para realizar a prórroga do dito contrato.

O xefe do servizo de Animación sociocultural considera que os servizos contratados co señor Cabezas veñen sendo prestados segundo o estipulado no contrato, polo que non ve ningún inconveniente na prórroga do mesmo.

Á vista do exposto, e previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

“1º. Prorrogar o contrato de adxudicación de asistencia técnica da xestión e ensinanza da Escola Municipal de danza, a favor de D. Wenceslao Cabezas del Toro (con NIF 35.925.740-Q) polo período comprendido entre o 01-09-2008 ó 31-08-2009.

2º. Autorizar e comprometer un gasto de 115.498,52 euros (mais as pertinentes revisións de prezos que correspondan segundo a actualización do IPC), dos cales:

- 46.199,41 euros corresponden ó período setembro-décembro 2008, con cargo á partida presupostaria 4512.227.0601 (Escola Municipal de Danza) do exercicio económico 2008 – documento RC 2413.”

- 69.299,11 euros corresponden ó período xaneiro-agosto 2009, que se financiarán con cargo ós créditos que se asignen do programa orzamentario para o exercicio económico 2009.”

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **21(649).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D<sup>a</sup>. ELSA GONZÁLEZ SÁNCHEZ CONTRA RESOLUCIÓN DA X. GOBERNO LOCAL ESTIMATORIA EN PARTE DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1140/243. DESESTIMADO.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do 18.04.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

Primeiro.- Dona Elsa González Sánchez presenta en data 10 de xaneiro de 2008 recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno Local que estimou en parte a súa reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Vigo, declarando que a responsabilidade patrimonial por mor dos danos correspondíalle á U.T.E. Aqualia-FCC, S.A., concesionaria do Servizo de saneamento e abastecemento de augas, debendo ésta indemnizarlle na contía de 5.782,32 euros, e que lle foi notificada día 11 de decembro de 2007.

Segundo.- Do recurso interposto deúselle traslado á empresa concesionaria AQUALIA FCC, VIGO, U.T.E. , que fixo alegacións opoñéndose a el en data 26 de marzo de 2008.

#### **FUNDAMENTOS**

Primeiro.- Procede admitir a trámite o recurso de reposición interposto por canto se fai no tempo e forma establecidos nos arts. 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC).

Segundo.- O recurso fundaméntase sinteticamente en que, reiterándose nas súas alegacións no expediente, atópase en desacordo coa imputación de responsabilidade á empresa concesionaria, por canto considera que é competencia do Concello o control, autorización e inspección dos sumidoiros, arquetas e demais elementos das vías públicas. Discrepa tamén coa valoración do ditame médico que hai no expediente polos motivos que expón, indicando que nunca lle foron solicitados máis informes médicos sen que o feito de que o médico informante lle examinara poida perxudicarlle á interesada

*Ningunha das alegacións da reclamante ten virtualidade suficiente para desvirtuar a resolución que se recorre, por canto non se observa a concorrencia de ningunha das causas de nulidade ou anulabilidade dos arts. 62 e 63 da LRXPAC, como así se esixe no art. 107 do citado texto legal.*

*A imputación ó concesionario da responsabilidade patrimonial por danos, unha vez acreditada a relación causal entre eles e o funcionamento dun servizo público municipal, como acontece no expediente no que se constata unha deficiente conservación e mantemento dun elemento deste ven imposto legalmente e polo tanto así consta no prego de condicións que rexe a concesión, como así se motiva na resolución que se recorre.*

*Así mesmo é constante a xurisprudencia que esixe a necesidade de probar dun xeito fehaciente os danos alegados, como requisito imprescindible para o seu recoñecemento (STS 1190/2002, 11.1.1998., entre outras), correspondéndolle en todo caso a quen reclama a carga desa proba, e polo tanto é a reclamante a quen ten que xustificar mediante unha proba idonea, isto é neste suposto informes médicos ó efecto, que a súa baixa tan prolongada en contradición co tempo normal de curación das lesións polas que reclama, o foi a consecuencia dunha mala evolución destas, o que puido facer en trámite de audiencia á vista do ditame médico emitido.*

*Por todo o que procede desestimar o recurso presentado, e confirmar a resolución de instancia na súa integridade.*

*Terceiro.- Consonte co art. 116 da LRXPAC, é competente para resolver este recurso a Xunta De Goberno Local ó tratarse do órgano que dictou a resolución impugnada.*

*Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*Desestimar o recurso de reposición interposto por dona Elsa González Sánchez contra a resolución da Xunta de Goberno Local de data 5 de marzo de 2007 que estimou en parte a súa reclamación de responsabilidade patrimonial por danos físicos a consecuencia de meter un pé dentro da focha dun sumidoiro en data 31 de maio de 2006, declarando que a responsabilidade patrimonial por ditos danos correspondíalle á concesionaria Aqualia-FCC, S.A., e confirmala na súa integridade.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **22(650).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D<sup>a</sup>. VERONICA CAPELO CAPELO CONTRA RESOLUCIÓN DA X.GOVERNO LOCAL DESESTIMATORIA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1255/243. DESESTIMADO.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do 15.04.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

*Dona Verónica Capelo Capelo presenta en data 17.3.2008 recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno Local que desestimou a súa reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Vigo, por mor dunha caída acaecida na rúa gran Vía de Vigo o día 10 de outubro de 2006, e que lle foi notificada o día 6.3.2008.*

#### **FUNDAMENTOS**

*Primeiro.- Procede admitir a trámite o recurso de reposición interposto por canto se fai no tempo e forma establecidos nos arts. 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC).*

*Segundo.- O recurso fundaméntase sintéticamente en que o oco que había na rúa e motivou a súa caída corresponde as funcións de mantemento do Concello, sen que estivera reparado nin sinalizado, e que tamén está implicado o Servizo de limpeza do Concello por canto dito oco atopábase totalmente cuberto con follas das árbores, ocultando a súa visión e facendo o seu punto de apoio anulado por canto as follas estaban resbaladizas.*

*Ningunha destas alegacións desvirtúa a motivación da resolución que se impugna por canto o criterio da responsabilidade obxectiva das administracións públicas non significa que non haia que respectar certos límites: uns impostos legalmente (arts. 139.1 e 141.1 p.1 e 2 da LRXPAC), e outros acotados pola xurisprudencia que son os da culpa da vítima e o feito da intervención dun terceiro (STS 27.2.2002).*

*E o principio da propia deambulación ven modalizado polo xogo do principio de confianza dos particulares nas condicións de seguridade das vías polas que transitan, de xeito que naqueles supostos nos que se constaten defectos ou obstáculos non apreciabeis co emprego da dilixencia debida, como perigos ou trampas ocultos, podería xurdir unha eventual responsabilidade administrativa que enlazara causalmente dito feito co actuar da administración. E neste expediente hai un dato certo que está suficientemente probado, que é a ostensibel manifestación ó exterior da falta da lousa, e non obstante non resulta constado que dito oco estivera cuberto con follas das árbores, dato ó que a solicitante non fixo referencia no expediente, que non consta no Parte do servizo da Policía Local e tampouco por ningunha testemuña dos feitos xa que a persoa citada ó efecto non compareceu no expediente, e as alegacións dun interesado a efectos de proba non resulta suficiente.*

*Ó respecto convén indicar que é requisito necesario que a efectividade do dano veña probada, requisito que a xurisprudencia di que opera para acreditar todos e cada un dos elementos interviñentes na produción do dano e na xeración do correlativo dereito a ser indemnizado, correspondéndolle o interesado a carga da proba e a súa conexión causal co funcionamento de Servizo*

*Por todo o que, procede desestimar o recurso presentado e confirmar a resolución de instancia.*

*Terceiro.- Consonte co art. 116 da LRXPAC, é competente para resolver este recurso a Xunta De Goberno Local ó tratarse do órgano que dictou a resolución impugnada.*

*Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*“Desestimar o recurso de reposición interposto por dona Verónica Capelo Capelo contra a resolución da Xunta de Goberno Local de data 14 de xaneiro de 2008 que desestimou a súa reclamación de responsabilidade patrimonial por mor de lesións causadas nunha caída na rúa Gran Vía o día 10 de outubro de 2006 e confirmala na súa integridade”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **23(651).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D<sup>a</sup>. MARÍA ELENA DOMÍNGUEZ BLEIN CONTRA RESOLUCIÓN DA X.GOVERNO LOCAL ESTIMATORIA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 776/243. DESESTIMADO.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do 22.04.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

*Primeiro.-Dona Maria Elena Domínguez Blein presenta en data 18 de setembro de 2007 recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno Local que estimou en parte a súa reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Vigo, por danos por mor dunha caída na rúa Policarpo Sanz de Vigo, resolución que lle foi notificada o 20 de agosto de 2007.*

*Segundo.- Do recurso presentado deúselle tralado á aseguradora Mapfre, e solicitouse novo ditame médico ou ratificación no anterior da Asesoría médica do Concello, que o emitiu en data 23 de novembro de 2007.*

*Terceiro.- Concedido trámite de audiencia á reclamante, fixo alegacións o día 1 de abril de 2008.*

#### **FUNDAMENTOS**

*Primeiro.- Procede admitir a trámite o recurso de reposición interposto por canto se fai no tempo e forma estabelecidos nos arts. 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC).*

*Segundo.- O recurso fundaméntase sintéticamente en que atópase disconforme cos puntos outorgados por secuelas e que debe incrementarse a súa contía pola súa incapacidade permanente total, que no día de interposición do recurso atopábase en tramitación e que no seu escrito de 1 de abril de 2008 informa que lle foi desestimada por resolución do INSS, tamén polas perdas económicas do seu negocio.*

*Ningunha destas alegacións ten virtualidade suficiente para desvirtuar a motivación da resolución que se recorre, por canto non se observa a concorrencia de ningunha das causas de nulidade ou anulabilidade dos arts. 62 e 63 da LRXPAC, como así se esixe no art. 107 do citado texto legal.*

*Terceiro.-Nos expedientes de responsabilidade patrimonial é requisito necesario que a efectividade do dano veña probada, requisito que a xurisprudencia di que opera para acreditar todos e cada un dos elementos intervinientes na produción do dano e na xeración do correlativo dereito a ser indemnizado, correspondéndolle o interresado a carga da proba e a súa conexión causal co funcionamento de servizo.*

*Dada a discrepancia coa valoración médica efectuada na instancia solicitouse informe ó respecto ou ratificación no anterior á Asesoría médica do Concello. Indicar que, de conformidade co disposto no art. 82 da Lei 30/1992 se ben a petición de informes non preceptivos é facultativo para a Administración, os ditames médicos que hai no expediente solicitaronse ó estimarse necesarios para resolver a petición, ditames que se ben segundo o art. 83.1 da mesma lei non son vinculantes serven de motivación á resolución que se adopte se se incorporan ó seu texto (art. 89.5 Lei 30/1992). E no ditame médico do 23 de novembro de 2007 emitido á vista do recurso se di: “ 23/10/2006- tras la valoración de la nueva documentación aportada me ratifico en mi informe del 26/01/06. 23/11/07- Insisto en no modificar la valoración realizada con anterioridad en base a:1.- El propio Dr. Romero le asigna una limitación funcional del 20%, lo cual es una “incongruencia” dado que si realiza todos los movimientos que realiza con la derecha pero con lentitud y menor seguridad y habilidad; si el Dr. Pintado le asigna una limitación del 40% y el Dr. Romero del 20%, es imposible que realice todos los movimientos que realiza la mano derecha. 2.- En cuanto a los días de baja considero que precisó 8 semanas de incapacidad total (6 semanas de yeso y 2 semanas más de inmovilización con ortesis) más el tiempo de +/- 6 meses de estabilización de la Distrofia simpático refleja”.*

*Á vista do anterior, e non desvirtuando o resto das alegacións a motivación xurídica contida na resolución que se recorre, procede desestimar o recurso presentado e confirmala na súa integridade.*

*Cuarto.- Consonte co art. 116 da LRXPAC, é competente para resolver este recurso a Xunta De Goberno Local ó tratarse do órgano que dictou a resolución impugnada.*

*Polo exposto propónse á Xunta de Goberno local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:*

*“Desestimar o recurso de reposición interposto por dona Maria Elena Domínguez Blein contra a resolución da Xunta de Goberno Local de data 6 de agosto de 2007 que estimou en parte a súa reclamación de responsabilidade patrimonial por mor de lesións a consecuencia dunha caída na rúa Policarpo Sanz en data 4 de outubro de 2005 e confirmala na súa integridade.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**24(652).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D. MANUEL PÉREZ CIMA CONTRA RESOLUCIÓN DA X. GOBERNO LOCAL DESESTIMATORIA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1362/243. DESESTIMADO.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do 15.04.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**



*Don Manuel Pérez Cima presenta en data 13.3.2008 recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno Local que desestimou a súa reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Vigo, por mor de danos no seu vehículo o día 19.12.2005 causados a consecuencia dun bolardo na rúa confluencia da rúa Ronda de Don Bosco coa rúa Eduardo Iglesias, e que lle foi notificada o día 15.2.2008.*

#### FUNDAMENTOS

*Primeiro.- Procede admitir a trámite o recurso de reposición interposto por canto se fai no tempo e forma establecidos nos arts. 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC).*

*Segundo.- O recurso fundaméntase sintéticamente en que se reitera no manifestado e acreditado no escrito de reclamación, na regulación legal da responsabilidade, que hai nexo causal entre o mal estado da vía e ausencia de sinalización e os danos, así como que foi probado o mal estado da vía.*

*Ningunha destas alegacións ten virtualidade suficiente para desvirtuar a resolución que se recorre, por canto non se observa a concorrencia de ningunha das causas de nulidade ou anulabilidade dos arts. 62 e 63 da LRXPAC, como así se esixe no art. 107 do citado texto legal.*

*Ademaís do anterior, indicar que nos expedientes de responsabilidade patrimonial é requisito necesario que a efectividade do dano veña probada, requisito que a xurisprudencia di que opera para acreditar todos e cada un dos elementos interviñentes na produción do dano e na xeración do correlativo dereito a ser indemnizado, correspondéndolle o intersado a carga da proba e a súa conexión causal co funcionamento de servizo. Nin na instancia nin nesta vía de recurso hai proba bastante ó efecto.*

*Carto.- Consonte co art. 116 da LRXPAC, é competente para resolver este recurso a Xunta De Goberno Local ó tratarse do órgano que dictou a resolución impugnada.*

*Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*“Desestimar o recurso de reposición interposto por don Manuel Pérez Cima contra a resolución da Xunta de Goberno Local de data 14 de xaneiro de 2008, que desestimou a súa reclamación de danos ocorridos o 19.12.2005 por mor dun bolardo na confluencia da rúa Ronda de Don Bosco coa rúa Eduardo Iglesias, e confírmala na súa integridade”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **25(653).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. AZUCENA LÓPEZ REJO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1526/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do 15.04.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Normativa de aplicación:*

- *Constitución Española de 6 de decembro de 1978 (CE).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAP).*
- *Lei 5/1997, de administración local de Galicia (LALGA).*
- *Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial (RRP).*
- *Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais (RSCL).*

- *Lei de 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa (LEF).*
- *Prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo (PCCSA).*

*Antecedentes:*

*D<sup>a</sup>. Azucena López Reijo presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 30 de marzo de 2007, polos danos e perdas consecuencia dunha caída sufrida o día 26 de marzo do mesmo ano cando camiñaba pola rúa Brasil, á altura do número 15, por mor dunha arqueta en mal estado.*

*A reclamación se sustancia a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 09/08/2007.*
- *Informe da U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas, de data 14/08/2007.*
- *Ditame médico de valoración de dano corporal, de data 10/09/2007.*
- *Evacuase trámite de audiencia a Aqualia, que formula alegacións en data 16/10/2007.*
- *Evacuase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 15/11/2007.*

*Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 CE e 139.1 LRJAP consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 LRJAP:*

*A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliable economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*

*O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, ó non mediar causa ningunha que o xustifique.*

*Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*

*Que non sexa produto de forza maior.*

*Analizaremos a continuación se concorren ou non estes requisitos na presente reclamación ó obxecto de determinar a procedencia ou improcedencia de estimar a mesma.*

*Terceiro.- Á vista da documentación que obra no expediente non existe dúbida da existencia dun dano e da súa cuantificación económica, dano residenciado no patrimonio da Sra. López, que acredita cun informes médico os danos sufridos na súa persoa.*

*Unha vez determinada a existencia do dano sufrido pola Sra. López procede examinar agora a existencia de relación de causalidade entre este dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun concesionario.*

*O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, abastecemento de auga e saneamento, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó prexudicado.*

*Así, entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministro de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a LBRL e 80.2.1 e 81 a LALGA). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal*

de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

O concesionario ten a obriga do mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo de abastecemento de augas e saneamento e a responsabilidade do seu funcionamento (cláusula 26 PCCSA), así como a de indemnizar a terceiros polos danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludible (artigos 128.1 3ª RS e 121.2 LEF).

No entanto, para que entre en xogo o instituto da responsabilidade patrimonial da Administración é preciso probar a existencia dos danos e a súa vinculación co funcionamento dalgún servizo público. A carga da proba da existencia dun dano avaliable economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 RRP). Se ben, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 LRJAP). Nesta liña, o instrutor dirixiuse ós servizos municipais por se tiveran constancia do accidente e reclamou á Policía Local o parte de servizo elaborado con ocasión do accidente. Resultando que cando os axentes actuantes chegaron o lugar do presunto accidente a caída xa tiña acaecido, polo tanto, non foron testemuñas da mesma e non poden dar fe nin da súa realidade nin da súa causa, se limitaron a recoller o relato dos feitos efectuado pola Sra. López se ben deixaron constancia de que esta presentaba determinados danos, así como da existencia dunha arqueta destapada no lugar dos presuntos feitos. Dado que a reclamante non presenta ningunha testemuña presencial dos feitos e á vista da documentación que obra no expediente, a informante conclúe que a Sra. López non probou suficientemente os feitos nos que basea a súa reclamación e se ben tras a proba practicada durante a instrución do expediente non existe dúbida da súa caída, pola contra, non é posible determinar que a mesma se debese a existencia dunha arqueta destapada na beirarrúa, tal e como afirma, e non a calquera outra causa, non resultando posible vinculala ó funcionamento anormal do servizo de abastecemento e saneamento de auga municipal. Non existe, polo tanto, relación de causalidade entre os danos e o funcionamento de ningún servizo público de esta Administración.

Cuarto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local.

En mérito ó que antecede, se propón a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dª. Azucena López Reiño en data 30 de marzo de 2007 por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento normal ou anormal de ningún servizo público municipal”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **26(654).- RECLAMACIÓN DE D. FERNANDO DEVESA MÚGICA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1530/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do 17.04.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Normativa de aplicación:*

*Constitución Española de 6 de decembro de 1978 (CE ).*

*Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*

*Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAP).*

*Lei 5/1997, de administración local de Galicia (LALGA).*

*Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial (RRP).*

#### *Antecedentes:*

*D. Fernando Devesa Múgica presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 2 de abril de 2007, polos danos e perdas derivados dun accidente sufrido o día 27 de novembro de 2006, mentres circulaba co vehículo de súa propiedade, matrícula 0196-BLW, polo Camiño do Laranzo, á altura do número 7, como consecuencia da existencia dunha focha na calzada oculto pola riada que baixaba pola rúa por mor da intensas choiva que caía nese intre.*

*A reclamación se sustancia a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

*Informe do servizo de Vías e Obras, de data 20/07/2007, sobre o estado da calzada no lugar referido na reclamación.*

*Informe do servizo da Policía Local, de data 31/07/2007, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.*

*Informe do servizo de Parque Móbil, de data 02/10/2007, manifestando que os prezos contidos na factura de reparación do seu vehículo presentada polo reclamante son correctos.*

*Evacuase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións en data 09/11/2007.*

#### *Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 CE e 139.1 LRJAP consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 LRJAP:*

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliable economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- Que non sexa produto de forza maior.*

*Analizaremos a continuación se concorren ou non estes requisitos na presente reclamación ó obxecto de determinar a procedencia ou improcedencia de estimar a mesma.*

*Terceiro.- Á vista da documentación que obra no expediente non existe dúbida da existencia dun dano e da súa cuantificación económica, dano residenciable no patrimonio do Sr. Devesa, que acredita cunha factura de reparación nun taller mecánico os danos sufridos no seu vehículo. Procede examinar agora a existencia de relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.*

*Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a LBRL e 80.2.d e 81 a LALGA). Así, a Administración ten o deber ineludible de manter as vías de modo tal que este garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento a favor dos usuarios dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuítos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir, circunstancia que segundo o reclamante concorre neste caso, dado que manifesta ter danado o seu vehículo por mor do mal estado calzada, circunstancia que se aprecia nas fotografías que achega ó expediente.*

*No entanto, para que entre en xogo o instituto da responsabilidade patrimonial da Administración é preciso probar a existencia dos danos e a súa vinculación co funcionamento dalgún servizo público. A carga da proba da existencia dun dano avaliable economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impositivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 RRP). No obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a*

Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 LRJAP). Nesta liña, o instrutor dirixiuse á Policía Local, por se tivera constancia do accidente. No entanto, o Sr. Devesa ó sufrir o presunto accidente non chamou á Policía local para que a autoridade pública tivera coñecemento dos feitos, nin tampouco durante a instrución do procedemento presentou testemuña presencial do accidente que puidera dar fe da súa realidade e da causa do mesmo. Como proba dos feitos o Sr. Devesa limitase a presentar unhas fotografías da calzada onde presuntamente ocorreu o accidente, e a factura de reparación do seu vehículo nun taller mecánico, elementos que so proban que o seu vehículo sufriu determinados danos, pero que non permiten vincular ós mesmos ó funcionamento anormal do servizo de mantemento viario municipal. A vista destes datos, a informante conclúe que, se ben non existe dúbida de que o vehículo do Sr. Devesa sufriu danos, non existe proba ningunha da súa conexión causal co funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración.

Cuarto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local.

En mérito ó que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Fernando Devesa Múgica en data 2 de abril de 2007 por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento normal ou anormal de ningún servizo público municipal”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **27(655).- RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓNS DO PROCESO SELECTIVO DE CABOS DA POLICÍA LOCAL, CORRESPONDENTE Á OEP 2005. EXPTE. 18180/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 18.04.08, que di o seguinte:

*O tribunal cualificador das probas selectivas para acceso a prazas de Cabos da Policía Local, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2005, reunido en sesión do día 7 de abril de 2008, resolveu as reclamacións presentadas en relación co dito proceso selectivo e a súa finalización, que tivo lugar por sendos acordos da Xunta de Goberno Local de datas 22 de outubro de 2007 -quenda libre- e 5 de novembro do mesmo ano -quenda de promoción interna-.*

*As reclamacións presentadas son as que seguidamente se relacionan:*

- *D. Luis Varela Brañas (reclamación de 17 de outubro de 2007 (doc. núm. 70115225), solicitando a revisión do ser exercizo práctico polo tribunal, que se lle facilite a nota adxudicada por cada membro, copia do ser exercizo e información sobre a legalidade da presenza na lectura do seu exercizo de tan só tres membros do tribunal.*
- *Laureano Matos Barcia (Reclamación de 18 de outubro de 2007; Doc. núm. 70116110), solicitando a revisión da nota do seu exercizo práctico.*
- *David Arias Estévez (Reclamación de 18 de outubro de 2007; Doc. núm. 70116112), reclamando contra o feito de que se lle outorgase á mesma nota que a outro opositor, que non identifica, que, na súa opinión, defendeu o caso practico de xeito inadecuado.*

- *Diego Díaz Outeda (Reclamación de 22 de outubro de 2007; Doc. núm. 70116856), solicitando a revisión das notas outorgadas a este aspirante nos exercizos teórico e práctico por consideralas inferiores ás merecidas en relación co seu contido e coas outorgadas o outros aspirantes.*
- *Igor Souto López (Recurso de 26 de outubro de 2007; Doc. núm. 70119910 e solicitude de revisión de 4 de decembro de 2007, Doc. núm. 70136893), solicitando a anulación das preguntas 24 e 26 do exame test da quenda libre e que se revise o procedemento seguido para a execución das probas de acceso ás prazas de Cabo da Policía Local de Vigo por existir irregularidades no proceso selectivo.*
- *Dona Ángeles Garrido Domínguez (Reclamación de 5 de novembro de 2007; Doc. núm. 70122666), solicitando se lle puntúen dous libros publicados pola reclamante que afirma se relacionan coa función policial.*
- *Don José Manuel Bastos Puentes (Reclamacións de 5 e 13 de novembro de 2007; Docs. Núm. 70122924 e 70126900), solicitando copia do seu expediente persoal, devolución dos libros achegados como mérito, puntuación detallada da traxectoria profesional e proxecto organizativo e revisión da puntuación da traxectoria profesional e do proxecto organizativo.*
- *Don José Garrido Rodríguez (Reclamacións de 6 e 19 de novembro e 14 de decembro de 2007; Doc. Núm. 70123627,70129245 e 70141839), solicitando se lle puntúen os libros achegados como mérito: “Ética e intervención policial” e “Manual policial sobre legislación”, por entender que os dous libros publicados teñen contido didáctico e deben ser valorados como mérito.*

*En data 7 de abril do 2008, o tribunal cualificador acordo, segundo consta na correspondente acta depositada na Unidade de Persoal:*

*“E sen ter nada máis que facer constar, o Tribunal calificador propón a desestimación de tódalas reclamacións e recursos presentados contra as súas propostas de nomeamento e contra as resolucións da Xunta de Goberno Local resolutorias do proceso selectivo de cabos da policía local.”*

*De conformidade co acordado na dita sesión do tribunal, a funcionaria que suscribe propón á Xunta de Goberno Local a desestimación das reclamacións e recursos presentados contra as súas propostas de nomeamento e contra as resolucións da Xunta de Goberno Local resolutorias do proceso selectivo de cabos da policía Local, en estricta execución do dito acordo.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local acorda desestimar as reclamacións e recursos presentados contra as súas propostas de nomeamento e contra as resolucións da Xunta de Goberno Local resolutorias do proceso selectivo de cabos da Policía Local, en estricta execución do acordo do Tribunal calificador .

### **28(656).- GRATIFICACIÓN POLO SERVIZO DE GRAN GALA DA POLICÍA LOCAL (CABALGATA REIS). EXPTE. 18143/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 18.04.08 e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 3.04.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais (Gran Gala) prestados con motivo da celebración da Cabalgata de Reis do ano 2008, aboarase a D Antonio Torrado Rodriguez, con nº de persoal 78136, por unha cantidade de 115.90 €

**29(657).- GRATIFICACIÓN POLO SERVIZO DE GRAN GALA DA POLICÍA LOCAL (VIGUESES DISTINGUIDOS). EXPTE. 18151/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 18.04.08 e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 8.04.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais prestados con motivo da celebración da recepción aos vigueses distinguidos 2008, aboarase o persoal da Policía Local que figuran nas relacións que se achegan e que comeza por don Jose M<sup>a</sup> Casas Aldeguería e remata por don Juan Guillermo Vivero Mijares por unha cantidade total de 463,60 €.

**30(658).- GRATIFICACIÓN POR EXCESO DE XORNADA DO PERSOAL DE CEMITERIOS, MARZO 2008. EXPTE. 18152/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 18.04.08 e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 8.04.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do Servizo Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran na relación que se achega e que comeza por Don José Luis Hermida Rodríguez e remata por Don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondentes ó mes de febreiro-2008, e que ascenden a un total de 634.84 €, con cargo á partida presupostaria 121.10.151.00.00-Gratificacións.

**31(659).- GRATIFICACIÓN POR FESTIVIDADE E NOCTURNIDADE DO PERSOAL MUNICIPAL, MARZO 2008. EXPTE. 18166/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 18.04.08 e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 3.04.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas segundo a seguinte distribución:

SERVICIO		MES	IMPORTE FES-TV	IMPORTE NOCT	IMPORTE TOTAL
Biblioteca Pública Central	De Xose Lois Romero Falque a Manuel Gonzalez	Xaneiro 08	78,60	0,00	78,60
Biblioteca Pública Central	De Xose Lois Romero Falque a Manuel Gonzalez	Febreiro 08	94,32	0,00	94,32
Museo de Castrelos	De Jose Manuel Ogando lopez a Amantino Fernandez Fernandez	Febreiro 08	313,42	0,00	313,42
IMD	De Sergio Rey Vazquez A Francisco Rial EStevez	Febreiro 08	113,97	0,00	113,97
Conserxería	Jose Angel Fdez Alonso)	Febreiro 08	0,00	7,95	7,95
Limpeza	De Juan Jose Hermida sanmartin a Jose Manuel Lojo Pancorbo	Marzo 08	436,23	651,90	1.088,13
1ª Tenencia Alcaldía	Juan Pablo Alonso Rodriguez a Jose Luis Perez Costas	Marzo 08	314,40	164,30	478,70

SERVICIO		MES	IMPORTE FES-TV	IMPORTE NOCT	IMPORTE TOTAL
Policía Local	Mariano Alonso Iglesias a Manuel Villar Miguelez	Marzo 08	2.840,53	459,91	3.300,43
Cemiterios	Jesus Alfonso Sanmartin a Delmiro Vilanova Acuña	Marzo 08	3.333,62	0,00	3.333,62
Parque Móbil	Manuel Alonso Iglesias a J Genaro Vulcano Ferreira	Marzo 08	1.648,64	996,40	2.645,04
Conserxería( Francisco Martinez Muñoz)	Francisco Martinez Muñoz	Marzo 08	115,94	17,23	133,16
Conserxería (Teresa Vaqueiro Herbelo)	Teresa Vaqueiro Herbelo	Marzo 08	39,30	0,00	39,30
Conserxería (Jose Angel Fdez Alonso)	Jose Angel Fdez Alonso)	Marzo 08	0,00	5,30	5,30
Bombeiros	De Carlos Abalde Fernandez a Jose B Villaverde Veleiro	Marzo 08	32.143,47	18.017,35	50.160,82
Policía Local Xulgados	Constante Alonso Caride a Jaime Villar Salgueiro	Marzo 08	3.206,88	0,00	3.206,88
Policía Local	Ivan Abalde Casanova a Juan Guillermo Vivero Millares	Marzo 08	53.401,00	26.419,84	79.820,83
Montes Parques e Xardíns	Fernando Araujo Conde a Jose Luis Vidal Alvarez	Marzo 08	2.255,82	739,35	2.995,17
Parque Central	Emilio Aira Pereiro a Jose Antonio Rodriguez Prieto	Marzo 08	1.147,56	548,55	1.696,11
Electromecánicos	Damaso Arias Rodriguez	Marzo 08	74,67	315,35	390,02
Desinfeccion	DE Avelino Pardellas Avion a Jose Manuel Sousa Atrio	Marzo 08	235,80	212,00	447,80
Vías e Obras	De D Jose Lusi Amoedo Mosquera a Miguel A Fernandez Gonzalez	Marzo 08	94,32	0,00	94,32
	<b>TOTAL</b>				<b>150.538,21</b>

os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 150538.21€ , con cargo a partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.”

### **32(660).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ENCOMENDA DE FUNCIONS AO FUNCIONARIO D. FRANCISCO JAVIER GUTIÉRREZ ORÚE.**

Dáse conta da resolución do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, do 25.03.08, que di o seguinte:

#### **DECRETO**

*Considerando as necesidades organizativas que se demandan polo Concelleiro-delegado da Área de Promoción Económica, Participación Cidadá e Emprego en escrito de data 25/03/2008, e atendendo á circunstancia de que o funcionario D. Jesús González Roca, adscrito á Xefatura do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego por Decreto de data 13/03/2008, se atopa en situación de incapacidade temporal, resulta imprescindible que con carácter provisional se proceda a contar cun funcionario/a municipal que transitoriamente desenvolva as funcións de responsable do dito servizo.*

*Considerando o disposto no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007), que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións;*

*No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 5 de xullo do 2007 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal,*

#### **RESOLVO**



*“Primeiro.- Encomendar ao funcionario D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe, con nº de persoal 13920, funcións de responsable do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, con carácter transitorio e sen prexuízo das tarefas propias do posto de traballo ao cal está adscrito (xefe do Servizo de Participación Cidadá).*

*Segundo.- Dispoñer a cesación automática da citada encomenda no momento no cal se produza a cesación da situación de incapacidade temporal do funcionario adscrito á xefatura do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, e en todo caso o 31 de decembro do 2008.*

*Terceiro.- Da presente resolución, que xurdirá efectos a partires do seguinte día ao da súa notificación, dése traslado ao interesado, concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefatura da Área de Réxime Interior, Unidade de Persoal, Organización e Métodos, así como ao Comité de Persoal.*

*Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”*

*Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

### **33(661).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ENCOMENDA DA SINATURA DE EXPEDIENTES DA OMIC Á FUNCIONARIA Dª BEATRIZ BARBARÁ RODRÍGUEZ.**

Dáse conta da resolución do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, do 21.04.08, que di o seguinte:

#### **DECRETO**

*Considerando as necesidades organizativas que se demandan pola oficina da OMIC, recollidas no escrito da Concelleira-delegada da Área de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo de data 21/04/2008, e toda vez que o funcionario D. Lucio Camilo Varela Borreguero, técnico de admón. Xeral adscrito á OMIC, se atopa en situación de incapacidade temporal, resulta imprescindible que por un técnico/a de admón. Xeral do Concello se proceda á tramitación dos expedientes da dita unidade, a fin de garantir a adecuada prestación do servizo público.*

*Considerando o disposto no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007), que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións;*

*No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 5 de xullo do 2007 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal,*

#### **R E S O L V O**

*“Primeiro.- Encomendar a sinatura dos expedientes da OMIC á funcionaria Dª Beatriz Barbará Rodríguez, con nº de persoal 79.572, técnica de admón. Xeral do Concello adscrita ao Servizo de Patrimonio, con carácter transitorio durante a situación de incapacidade temporal do funcionario D. Lucio Camilo Varela Borreguero, e sen prexuízo das tarefas propias do posto de traballo ao cal está adscrita.*

*Segundo.- Dispoñer a cesación automática da citada encomenda no momento no cal se produza a reincorporación ao traballo do funcionario titular do posto de traballo de técnico de admón. Xeral da OMIC.*

*Terceiro.- Da presente resolución, que xurdirá efectos a partires do seguinte día ao da súa notificación, dése traslado ao interesado, concelleira-delegada da Área de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, Xefatura da Área de Réxime Interior, Unidade de Persoal, Organización e Métodos, así como ao Comité de Persoal.*

*Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”*

*Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

### **34(662).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DEIXANDO SEN EFECTO A REDUCCIÓN DE XORNADA POR INTERESE PARTICULAR DA FUNCIONARIA D<sup>a</sup> BELÉN ALVAREZ SOAJE.**

Dáse conta do informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 15.04.08, que di o seguinte:

*A medio de instancia de data de entrada no Rexistro Xeral do Concello 8 de abril de 2008, doc. 80042363, D<sup>a</sup> Belén Alvarez Soaje, con posto de técnico de Xestión, adscrita ó Servizo de Patrimonio Histórico, solicita se deixe sen efecto a redución de xornada que tiña autorizada por resolución de 7 de novembro de 2003.*

*Por isto, a funcionaria que subscribe, propón ó Sr. concelleiro-delegado da Area de Xestión Municipal a adopción do seguinte Resolución:*

*“Deixar sen efecto a resolución de 7 de novembro de 2003 pola que se autorizaba a redución de xornada por interese particular coa correspondente redución de retribucións de D<sup>a</sup> Belén Alvarez Soaje (n<sup>o</sup> persoal 76506), técnico de xestión, adscrita o Servizo de Patrimonio Histórico, con efectos do día 1 de maio de 2008, data na que comezara a desenvolvela xornada normal de traballo”.*

*O concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, resolve de conformidade co precedente informe.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

### **35(663).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN QUE AUTORIZA A PRÓRROGA DA COMISIÓN DE SERVIZOS DE D<sup>a</sup> CARMEN VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ.**

Dáse conta da resolución do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, do 15.04.08, que di o seguinte:

#### **DECRETO**

*Con data 12 de marzo de 2008, de conformidade co disposto no art. 64 do Real decreto 364/95, do 10 de marzo, en concordancia co art. 4.2 do Decreto 92/1991, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento de situacións administrativas dos funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e na Lei 4/1988, do 26 de maio, da Función Pública de Galicia, por esta concellería-delegada solicítase informe en relación coa*

*prorroga da Comisión de Servicios da funcionaria pertencente ao corpo facultativo de grao medio da Xunta-escala enxeñeiros técnicos industriais D<sup>a</sup> Carmen Vázquez Domínguez para que poida continuar coa cobertura temporal dun postos base de técnico medio de seguridade vacante no Servizo de Seguridade e Mobilidade deste Concello, dadas as necesidades e o volume de traballo no referido servizo.*

*Con data 2 de abril seguinte, recíbese da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza resolución favorable de data 28 de marzo, autorizando dita prórroga ata o 7 de maio de 2009.*

*Por isto, en uso das facultades que me confire o acordo da Xunta de Goberno de data 16 de xullo de 2007, sobre delegacións nos concelleiros de area,*

**RESOLVO:**

*Primeiro.- Autoriza-la prórroga da Comisión de Servicios de D<sup>a</sup> Carmen Vázquez Domínguez DNI 76.617.377-F funcionaria de carreira de Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, pertencente o corpo facultativo de grao medio, escala de enxeñeiros técnicos industriais) de dita administración.*

*Segundo.- Continuará adscrita ao posto nº 88, técnico medio de seguridade, no servizo de Mobilidade e Seguridade, código 210.05.*

*Terceiro.- A duración da presente prórroga será como máximo ata a súa cobertura definitiva e en calquera caso por un ano máis que finalizará o 7 de maio de 2009.*

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

### **36(664).- RESOLUCIÓN DE RECURSOS INTERPOSTOS CONTRA AS BASES DE CONTRATACIÓN DO EQUIPO DO PLAN DE INCLUSIÓN 2008. EXPTE. 18187/220.**

Dáse conta do informe xurídico-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 21.04.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

*1.- En escritos presentados no Rexistro Xeral do Concello en datas 04/03/2008, 17/03/2008 e 01/04/2008 (documentos nºs 80033294, 80033611 e 80038944) D<sup>a</sup> Pilar Pita Balteiro e outro, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Fernández Barreiro en representación do Colexio Oficial de Educadores Sociais de Galicia e D<sup>a</sup> Paula Cremades Paz e outros respectivamente interpoñen recursos de reposición contra as bases para a selección de persoal para o equipo do Plan de Inclusión para o ano 2008, do Servizo de Benestar Social, aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 03/03/2008 (expediente administrativo nº 28.160/301). Nos citados recursos, que obran incorporados ao presente expediente, se solicita a suspensión da execución do acto impugnado e da correspondente selección de persoal convocada.*

*2.- Toda vez que os ditos recursos foron remitidos á Unidade de Persoal, e aos efectos do seu sometemento ao criterio da Xunta de Goberno Local, emítese o presente informe, previa análise do contido de cada un dos documentos relacionados.*

#### **FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

*I. Os recursos presentados analizaranse separadamente, sen prexuízo de que a proposta de acordo que se somete a debate do órgano competente integre a estimación ou desestimación dos tres conxuntamente, en cumprimento do principio de celeridade procedimental consignado no artigo 75 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxi-*

me Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento Administrativo Común, modificada por Lei 4/1999.

*A/ Recurso interposto por D<sup>a</sup> Pilar Pita Balteiro e outro: o recurso presentado plantexa unha óptica de delimitación do ámbito competencial das entidades locais absolutamente novedosa ata o momento, toda vez que resultan ser os propios recorrentes os que afirman clara e rotundamente que as tarefas que se realizarán polas persoas que resulten contratadas constitúen competencias obrigatorias municipais, e que o Concello utiliza a modalidade contractual da obra ou servizo determinado en fraude de Lei. Ante semellante aseveración unicamente cabe salientarse que ata a data as competencias mínimas dos Concellos están definidas polo lexislador estatal, en quen está residenciada tal facultade, como se desprende da simple lectura do artigo 149 da vixente Constitución e da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local; no artigo 25.2.k) da mesma se contemplan as competencias municipais obrigatorias en materia de prestación de servizos sociais e de promoción e reinserción social –sen prexuízo das concretas competencias que a lexislación específica na materia poida engadir á anteditas– polo que debe concluírse que, ata que unha norma con rango de Lei así o prevea, non pode aceptarse que os aspirantes aos procesos de selección de persoal establezan o réxime local vixente que resulta de aplicación segundo os seus propios (e diversos) intereses.*

*En canto á non aplicabilidade do artigo 9.4 da Lei 13/2007, do 27 de xullo, de Reforma da Lei 4/1988, da Función Pública de Galicia, xuntamente co artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores, unicamente salientarse que as Administracións Públicas están suxeitas no seu funcionamento ao principio contitucional de pleno sometemento á Lei e ao Dereito (artigo 103.1 CE), sen que caiba outorgar tratamentos específicos non axustados á legalidade vixente. Debe lembrarse que o propio Código Civil sinala no seu artigo 6.1 que a ignorancia da Lei non excusa do seu cumprimento, e que o artigo 9.4 citado é moi claro ao sinalar que a contratación de persoal non amparada no disposto nos apartados anteriores do artigo 9 xenerará responsabilidade persoal do funcionario ou autoridade que o autorice. Así, acceder ás pretensións dos recorrentes implicaría que este Concello recoñecese de oficio o que a Lei lle prohíbe, incorrendo nas responsabilidades legamente establecidas, o cal obviamente a funcionaria informante non ten intención algunha de propoñer ao órgano competente.*

*Estímase oportuno explicar que, tras a modificación do réxime contractual laboral temporal operada polo Real Decreto-Lei 5/2006, do 9 de xuño, para a mellora do crecemento e do emprego (BOE nº 141, do mércores 14 de xuño do 2006) cuxos capítulos I e II entraron en vigor o pasado 1 de xullo do ano 2006 (disposición adicional cuarta), os traballadores/as que nun período de 30 meses houberen estado contratados durante un prazo superior a 24 meses, con o sin solución de continuidade, para o mesmo posto de traballo coa mesma empresa, mediante dous ou máis contratos temporais, coas mesmas ou diferentes modalidades de contractuales de duración determinada, adquirirán a condición de traballadores fixos. Quedan expresamente excluídos os contratos laborais de interinidade, formativos e de relevo, pero si se inclúen os contratos de duración determinada por acumulación de tarefas ou circunstancias da produción e o contrato por obra ou servizo determinado.*

*O obxecto da reforma legal efectuada é a penalización do encadenamento de contratos laborais temporais, e da lectura do precepto parece desprenderse que a norma ten efectos ipso iure e non a través dun acto expreso de declaración de relación laboral temporal en fixa ou por imperativo xudicial como se afirma polos recorrentes.*

*No caso concreto das Administracións Públicas, lémbrese que a adquisición dun posto de traballo de carácter permanente (ben sexa mediante o réxime laboral fixo ou a través da relación de servizo xurídico-administrativa á que están suxeitos os funcionarios públicos) unicamente pode facerse a través do sistema constitucionalmente deseñado que ten que respetar os principios de igualdade, mérito, e capacidade consignados no artigo 103.3 da Constitución de 1978, así como de publicidade, igualdade e concorrencia competitiva desenvolvidos e recollidos na normativa sectorial –estatal e autonómica– que resulta de aplicación.*

*O salientado artigo 9.4 da Lei 13/2007 contempla que: “A Administración non poderá converter en fixa ou indefinida unha relación laboral de carácter temporal”. A Disposición Transitoria Terceira tamén establece que “o disposto no artigo 9.4 será aplicable ás declaracións xudiciais de indefinición que se produzan tras a entrada en vigor desta Lei de reforma”.*

*As eventuais resolucións xudiciais que podan existir no momento actual non gozan, como xa deben saber os recorrentes, da esencial característica da firmeza, de xeito tal que, non tendo coñecemento o Concello da existencia de sentenza firme na data de hoxe, nin de que se teña solicitado a execución provisional da mesma, as pretensións dos recorrentes deben ser desestimadas, sen prexuízo do que resulte de sentenza xudicial firme.*

*Igualmente, apuntar que en ningún caso se vulneran os dereitos contitucionais dos recorrentes, dado que nada lles impide tomar parte no proceso de selección de persoal recorrido, en igualdade de condicións cos restantes aspirantes; cousa ben distinta é que das afirmacións dunha presunta “fraude de Lei” pretendan os recorrentes beneficiarse efectivamente da figura legalmente prevista para obter un resultado prohibido polo ordenamento xurídico, propiciando a fraude de lei, figura xurídica recollida no artigo 6.4 do vixente Código Civil, e consistente nos actos realizados ao amparo do texto dunha norma xurídica e que persiguen a obtención resultado prohibido polo ordenamento xurídico ou contrario ao mesmo, como sería a obtención dun posto de traballo “indefinido” (categoría contractual dificilmente acorde co correcto funcionamento das Administracións Públicas e co Dereito Administrativo de acceso ao emprego público, pero habitualmente utilizada pola xurisdicción laboral) neste Concello. Así, quen aceptou no seu día unhas bases libremente e non as recorreu en tempo e forma, non debería ir en contra dos seus propios actos, xa que se así se vulneran os fundamentais principios xerais do Dereito da boa fe e de non contradicción dos actos propios, os cales se obrigan á Administración no seu funcionamento, en xusta reciprocidade debe obrigar aos administrados.*

*En canto á solicitude de suspensión da execución do acto impugnado plantexada, debe reseñarse que o artigo 111 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999 (LRXAP-PAC) contempla como regra xeral que rexe no procedemento administrativo a da executividade e executoriedade dos actos administrativos, contida nos artigos 56 e 94, de forma que os actos das Administracións Públicas serán executivos conforme á Lei con carácter inmediato, a salvo dos supostos que expresamente se recollen e que non concorren no presente caso. Adicionalmente, e como excepción á regra xeral, regula no seu artigo 111 o instrumento legal da suspensión da execución dos actos impugnados, sendo a norma xeral a de que a interposición de calquera recurso, excepto nos casos en que unha disposición estableza o contrario, non suspenderá a execución do acto impugnado. Non obstante, o órgano a quen compete resolver o recurso, previa ponderación suficientemente razoada entre o prexuízo que lle causaría ao interese público ou a terceiros a suspensión e o prexuízo que lle causaría ao recorrente como consecuencia da eficacia inmediata do acto recorrido, poderá suspender, de oficio ou a solicitude do recorrente, a execución do acto impugnado cando concorra algunha das seguintes circunstancias:*

- Que a execución puidese causar prexuízos de imposible ou difícil reparación.*
- Que a impugnación de fundamente nalgunha das causas de nulidade de pleno dereito previstas no artigo 62.1 da mesma norma.*

*A pesares do antedito, o mesmo precepto sinala que a execución do acto impugnado entenderase suspendida si transcorridos 30 días dende que a solicitude de suspensión teña tido entrada no rexistro do órgano competente para decidir sobre a mesma, ésta non dicta resolución expresa ao efecto.*

*Os recorrentes fundamentan a solicitude de suspensión nos presuntos “incuestionables prexuízos” que causarían a continuación dos procesos de selección de persoal laboral temporal en curso, por entender as mesmas que non existe urxencia na cobertura dos postos de traballo ofertados.*

*A anterior afirmación debe ser rebatida, dado que a apreciación da urxencia na cobertura dos postos de traballo ofertado en ningún caso corresponde aos aspirantes aos procesos de selección, senón ao órgano competente en materia de xestión do persoal municipal, que é a Xunta de Goberno Local consonte ao establecido no artigo 127.1.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local. Igualmente, a potestade de autoorganización da que gozan as entidades locais para o cumprimento dos fins legalmente asignados, contemplada no artigo 4 da devandita Lei 7/1985, constitúe unha habilitación legal suficiente para que as entidades locais poidan acordar, entre outros moitos aspectos, a configuración dunha organización de postos de traballo adaptada ás súas características e acorde coa finalidade esencial da adecuada prestación dos servizos públicos, así como o recurso á contratación de persoal en réxime contractual laboral aos efectos de dar efectivo cumprimento e consecución aos obxectivos determinados interadministrativamente con diferentes Administracións Públicas territoriais, como sucede no suposto de formalización de convenios de colaboración, actividades de fomento do emprego de colectivos desfavorecidos con fines sociais ou formativos, e sucede igualmente no presente suposto.*

*Non se aprecia a causación de prexuízo para os recorrentes no suposto de non estima-la solicitude de suspensión do proceso de selección de persoal laboral temporal actualmente en curso, toda vez que nas bases aprobadas non concorre vulneración dos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade consignados no artigo 55 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público –de aplicación ao persoal laboral ex artigos 5.5 e 7 da mesma norma- e considerando que, como xa se sinalou anteriormente, nada lles impide a*

participación no proceso en curso, sempre e cando reúnan os requisitos establecidos nas bases da convocatoria e na lexislación especial ao efecto.

Efectuando nos termos do citado artigo 111 unha ponderación suficientemente razoada entre o prexuízo que lle causaría ao interese público ou a terceiros a suspensión e o prexuízo que lle causaría aos recorrentes a eficacia inmediata do acto recorrido, estímase que sería maior o prexuízo que se lle causaría tanto a esta Administración como a terceiros a paralización do proceso selectivo (debido á necesidade de dar cumprimento ás obrigas convencionalmente adquiridas coa Xunta de Galicia en convenio aprobado o 30/01/2008, así como á obriga de garantir o dereito de todos os administrados/as que desexen tomar parte no proceso de selección sen dilacións indebidas) que o prexuízo que se lles poda causar ás tres recorrentes, reiterando a afirmación de que nada lles impide tomar parte no proceso selectivo. Dado que polo transcurso do tempo entre a presentación do recurso e a resolución do mesmo polo órgano competente provocou a suspensión ex lege do procedemento, debe propoñerse o alzamento expreso da suspensión solicitada.

B/ Recurso interposto por D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Fernández Barreiro en representación do Colexio Oficial de Educadores Sociais de Galicia:

En relación ao dito recurso, e sen prexuízo do fondo das reivindicacións subxacentes ao mesmo, xa que non se pon en dúbida a capacidade de traballo das persoas afectadas, debe salientarse que a titulación oficial de diplomado en Educación Social esixida para un dos contratos laborais ofertados atopa o seu pleno apoio na necesidade de funcionamento das Administracións Públicas consonte a uns parámetros obxectivos (artigo 103 CE en canto ao principio constitucional de obxectividade). Así, debe tomarse lóxicamente como referencia unha titulación que permita encadrar o contrato ofertado nunha concreta categoría profesional, aos efectos de determinación do réxime de dereitos e obrigas das partes, aplicación do réxime retributivo que proceda, determinación do grao de responsabilidade do contratado/a; admitir o contrario sería obviar tanto os principios de acceso ao emprego público contidos no artigo 103.3 da Constitución de 1978 (principios de igualdade, mérito, e capacidade tantas veces citados) así como obviar o sistema de escalas, grupos de titulación e/ou categorías profesionais no caso do persoal laboral polas que se configura a estrutura organizativa do persoal ao servizo das Administracións Públicas (Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Emprego Público, norma de carácter básico e obrigado cumprimento) e que se subsumen nun título habilitante, sen prexuízo do que establece na normativa de desenvolvemento en canto aos colectivos sen titulación, diferida ex Disposición Transitoria Terceira da citada Lei e cuxo contido precisa e delimita no seu alcance a Resolución do 21 de xuño do 2007, da Secretaría Xeral para a Administración Pública, pola que se publican as Instrucións de 5 de xuño do 2007, para a aplicación do estatuto Básico do emprego Público (BOE nº 150, do sábado 23 de xuño do 2007.)

A esixencia da titulación fundaméntase asemade na potestade de autoorganización da que gozan as entidades locais para o cumprimento dos fins legalmente asignados, contemplada no artigo 4 da devandita Lei 7/1985, a cal constitúe unha habilitación legal suficiente para que as entidades locais poidan acordar, entre outros moitos aspectos, a configuración dunha organización de postos de traballo adaptada ás súas características e acorde coa finalidade esencial da adecuada prestación dos servizos públicos, así como o recurso á contratación de persoal en réxime contractual laboral aos efectos de dar efectivo cumprimento e consecución dos obxectivos determinados interadministrativamente con diferentes Administracións Públicas territoriais, como sucede no suposto de formalización de convenios de colaboración, actividades de fomento do emprego de colectivos desfavorecidos con fines sociais ou formativos, e sucede igualmente no presente suposto. Deste xeito, a reclamación plantexada debe ser desestimada.

C/ Recurso interposto por D<sup>a</sup> Paula Cremades Paz e outros:

O recurso en cuestión ten un contido similar ao plantexado por D<sup>a</sup> Pilar Pita Balteiro e outro, polo que sen ánimo reiterativo rebatiranse con argumentacións xurídicas similares.

Primeiramente valga o salientado no primeiro dos recursos, en canto non corresponde a determinación das competencias mínimas obrigatorias dos Concellos, nin obviamente a organización dos servizos municipais aos aspirantes ós procesos selectivos. É meridianamente claro que a selección de persoal convocada non ten por obxecto paliar as deficiencias estruturais de persoal municipal nin cubrir prazas vacantes no cadro de persoal orzamentario do Concello de Vigo, xa que para iso están as Ofertas de Emprego Público, preceptuadas no artigo 70 do Estatuto Básico do Emprego Público e no marco das cales se convocarán –previa negociación coa representación sindical dos traballadores segundo o disposto nos artigos 31 a 46 da mesma norma– as correspondentes prazas vacantes ou de nova creación de persoal funcionario de carreira ou de persoal laboral fixo. Ben dis-

tinta é a oferta de contratación laboral temporal que nos ocupa, a cal se acordou única e exclusivamente aos efectos de materialización e posta en funcionamento das obrigas adquiridas coa Xunta de Galicia por acordo da Xunta de Goberno Local de 28 de decembro do 2007, e cuxa vixencia finaliza o próximo 31/12/2008.

Así, dado que os postos de traballo como tales non existen nin no cadro de persoal orzamentario deste Concello, nin na vixente Relación de Postos de Traballo municipal (precisamente por non responder a competencias municipais de carácter permanente, senón unicamente a actividades coxunturais limitadas no tempo e no seu contido, a cuxa financiación contribúe a propia Administración autonómica mediante a correspondente xeneración de crédito nos termos que figuren en instrumento convencional) o propio recurso presentado reflicte a súa falta de virtualidade xurídica, debendo ser desestimado nos termos do disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, xa que de non existir un convenio vixente que xustifique as contratacións ofertadas, probablemente o Concello non necesitaría efectuar a selección obxecto de recurso, como é coñecido polas recorrentes, xa que idéntica situación se produxo en anteriores convocatorias do Plan de Inclusión, onde nunca se ofertaron prazas de funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo, senón unicamente contratos por obra ou servizo de terminado en réxime laboral temporal.

Como se sinalou con anterioridade, quen aceptou no seu día unhas bases libremente e non as recorreu en tempo e forma non debería ir en contra dos seus propios actos, xa que se así se vulneran os fundamentais principios xerais do Dereito da boa fe e de non contradicción dos actos propios, os cales se obrigan á Administración no seu funcionamento, en xusta reciprocidade debe obrigar aos administrados.

O que en ningún caso pode nin debe avalarse polas Administracións Públicas é o acceso ao emprego público mediante mecanismos non axustados á legalidade vixente, xa que a afirmación que se fai nos recursos de que os contratos responden a competencias municipais parece traslucir a intención das recorrentes de utilizar unha figura legalmente prevista para obter un resultado prohibido polo ordenamento xurídico, propiciando unha posible fraude de lei, figura xurídica recollida no artigo 6.4 do vixente Código Civil, e consistente nos actos realizados ao amparo do texto dunha norma xurídica e que persiguen a obtención resultado prohibido polo ordenamento xurídico ou contrario ao mesmo, como sería a obtención dun posto de traballo "indefinido" (categoría contractual difícilmente acorde co funcionamento das Administracións Públicas e co Dereito Administrativo de acceso ao emprego público, pero habitualmente utilizada pola xurisdicción laboral) neste Concello

As eventuais resolucións xudiciais que podan existir no momento actual non gozan, como xa deben saber os recorrentes, da esencial característica da firmeza, de xeito tal que, non tendo coñecemento o Concello da existencia de sentenza firme na data de hoxe, nin de que se teña solicitado a execución provisional da mesma, as pretensións dos recorrentes deben ser desestimadas, toda vez que a representación legal do Concello ten recorridas en suplicación as resolucións xudiciais existentes ata o momento.

Por último, e en relación á presunta vulneración do artigo 37.c) do Estatuto Básico do Empregado Público, sinalar unicamente que as normas reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo non afectan ás recorrentes, toda vez que da lectura atenta das mesmas se obseva que unicamente resultan de aplicación para o nomeamento de funcionarios interinos consonte ao artigo 10 da mesma norma e non ás contratacións laborais temporais, como son coñecedores os representantes sindicais dos traballadores/as no Concello de Vigo, que asinaron a correspondente acta do acordo adoptado entre o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e eles mesmos. En todo caso, de existir unha vulneración como a afirmada no recurso, deberían ser os propios representantes sindicais os que manifestaran a súa disconformidade a tal efecto. Igualmente, sinalar que co Estatuto Básico do empregado Público na man, a regulación e determinación concreta, en cada caso, dos sistemas, criterios, órganos e procedementos de acceso ao emprego público e a promoción profesional (cuxa lóxica plasmación son as bases rectoras dos procedementos de selección de persoal) están excluídas da obrigatoriedade de negociación colectiva, tal e como dispón o artigo 37.2 da dita norma, circunstancia da cal son coñecedores so sindicatos representativos a nivel nacional, que pactaron co Ministerio de Administracións Públicas a configuración do novo marco legal dos empregados públicos. Cousa distinta é que por estricta cortesía administrativa a negociación referida se efectúe ou non.

En canto á solicitude de suspensión da execución do acto impugnado plantexada, debe reseñarse que o artigo 111 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999 (LRXAP-PAC) contempla como regra xeral que rexe no procedemento administrativo a da executividade e executoriedade dos actos administrativos, contida nos artigos 56

e 94, de forma que os actos das Administracións Públicas serán executivos conforme á Lei con carácter inmediato, a salvo dos supostos que expresamente se recollen e que non concorren no presente caso. Adicionalmente, e como excepción á regra xeral, regula no seu artigo 111 o instrumento legal da suspensión da execución dos actos impugnados, sendo a norma xeral a de que a interposición de calquera recurso, excepto nos casos en que unha disposición estableza o contrario, non suspenderá a execución do acto impugnado. Non obstante, o órgano a quen compete resolver o recurso, previa ponderación suficientemente razoada entre o prexuízo que lle causaría ao interese público ou a terceiros a suspensión e o prexuízo que lle causaría ás recorrentes como consecuencia da eficacia inmediata do acto recorrido, poderá suspender, de oficio ou a solicitude do recorrente, a execución do acto impugnado cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

- Que a execución puidese causar prexuízos de imposible ou difícil reparación.
- Que a impugnación de fundamento nalgunha das causas de nulidade de pleno dereito previstas no artigo 62.1 da mesma norma.

A pesares do antedito, o mesmo precepto sinala que a execución do acto impugnado entenderase suspendida si transcorridos 30 días dende que a solicitude de suspensión teña tido entrada no rexistro do órgano competente para decidir sobre a mesma, ésta non dicta resolución expresa ao efecto.

As recorrentes fundamentan a solicitude de suspensión nos presuntos “graves danos” que causarían a continuación dos procesos de selección de persoal laboral temporal en curso, por entender as mesmas que non existe urxencia na cobertura dos postos de traballo ofertados.

A anterior afirmación debe ser rebatida, dado que a apreciación da urxencia na cobertura dos postos de traballo ofertado en ningún caso corresponde aos aspirantes aos procesos de selección, senón ao órgano competente en materia de xestión do persoal municipal, que é a Xunta de Goberno Local consonte ao establecido no artigo 127.1.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local. Igualmente, a potestade de autoorganización da que gozan as entidades locais para o cumprimento dos fins legalmente asignados, contemplada no artigo 4 da devandita Lei 7/1985, constitúe unha habilitación legal suficiente para que as entidades locais poidan acordar, entre outros moitos aspectos, a configuración dunha organización de postos de traballo adaptada ás súas características e acorde coa finalidade esencial da adecuada prestación dos servizos públicos, así como o recurso á contratación de persoal en réxime contractual laboral aos efectos de dar efectivo cumprimento e consecución aos obxectivos determinados interadministrativamente con diferentes Administracións Públicas territoriais, como sucede no suposto de formalización de convenios de colaboración, actividades de fomento do emprego de colectivos desfavorecidos con fines sociais ou formativos, e sucede igualmente no presente suposto.

Non se aprecia a causación de prexuízo para as recorrentes no suposto de non estimar a solicitude de suspensión do proceso de selección de persoal laboral temporal actualmente en curso, toda vez que nas bases aprobadas non concorre vulneración dos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade consignados no artigo 55 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público –de aplicación ao persoal laboral ex artigos 5.5 e 7 da mesma norma- e considerando que, como xa se sinalou anteriormente, nada lles impide a participación no proceso en curso, sempre e cando reúnan os requisitos establecidos nas bases da convocatoria e na lexislación especial ao efecto.

Efectuando nos termos do citado artigo 111 unha ponderación suficientemente razoada entre o prexuízo que lle causaría ao interese público ou a terceiros a suspensión e o prexuízo que lle causaría ás recorrentes a eficacia inmediata do acto recorrido, estímase que sería maior o prexuízo que se lle causaría tanto a esta Administración como a terceiros a paralización do proceso selectivo (debido á necesidade de dar cumprimento ás obrigas convencionalmente adquiridas coa Xunta de Galicia en convenio aprobado o 30/01/2008, así como á obriga de garantir o dereito de todos os administrados/as que desexen tomar parte no proceso de selección sen dilacións indebidas) que o prexuízo que se lles poda causar ás tres recorrentes, reiterando a afirmación de que nada lles impide tomar parte no proceso de selección de persoal convocado.

Dado que polo transcurso do tempo entre a presentación do recurso e a resolución do mesmo polo órgano competente provocou a suspensión ex lege do procedemento, debe propoñerse o alzamento expreso da suspensión solicitada.

Á vista do anteriormente exposto, non resta máis que propoñer a desestimación dos recursos interpostos.



II. Dado que se trata dun procedemento de concorrencia competitiva, parece oportuno, ao abeiro do disposto no artigo 111.5 da LRXAP-PAC reiteradamente citada, propoñer a publicación do acordo que se adopte no taboleiro de Edictos do Concello.

III. Corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para resolver, de conformidade co establecido nos artigos 127.1.g) e h) da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local.

Consecuentemente, sométese á consideración do devandito órgano a aprobación da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO.- Alzar expresamente a suspensión da execución do proceso de selección de persoal convocado no marco das bases para a selección de persoal para o equipo do Plan de Inclusión para o ano 2008 do Servizo de Benestar Social, aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 03/03/2008 (expediente administrativo nº 28.160/301), solicitada por Dª Pilar Pita Balteiro e outro e Dª Paula Cremades Paz e outros en escritos presentados no Rexistro Xeral do Concello en datas 04/03/2008 e 01/04/2008 (documentos nºs 80033294 e 80038944) e en consecuencia acordar o desenvolvemento do mesmo pola comisión de selección convocada ao efecto, por non concorrer prexuízo para as partes recorrentes segundo se contén nos fundamentos xurídicos anteriormente expostos.

SEGUNDO.- Acordar, ao abeiro do disposto nos artigos 116 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, a desestimación dos recursos de reposición presentados por Dª Pilar Pita Balteiro e outro, Dª Mª José Fernández Barreiro en representación do Colexio Oficial de Educadores Sociais de Galicia e Dª Paula Cremades Paz e outros respectivamente, presentados no Rexistro Xeral do Concello en datas 04/03/2008, 17/03/2008 e 01/04/2008 (documentos nºs 80033294, 80033611 e 80038944) consonte aos fundamentos xurídicos do presente acordo.

TERCEIRO.- Dispoñer que o presente acordo se publique no taboleiro de Edictos da Casa do Concello, significando que contra o mesmo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **37(665).- CONTRATACIÓN INTERINA EN RÉXIME LABORAL DUNHA OFICIAL SEPULTUREIRA. EXPTE. 18181/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 29.04.08, o informe de Intervención Xeral, do 23.04.08, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización, do 15.04.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

No cadro de persoal e relación de postos de traballo vixente, aprobado definitivamente polo pleno da Corporación Municipal na sesión de data 30 de maio de 2005 (BOP de Pontevedra de 7 de xuño de 2005), actualmente prorrogado, figuran vacantes, entre outras, unha praza de Oficial de Oficios, con posto de Oficial sepultureiro no Servizo de Cemiterios, que é necesaria cubrir para garanti-lo normal funcionamento do mesmo, tal e como se reflexa no escrito de data 10 de marzo de 2008, asinado pola xefa do negociado de Cemiterios e a conformidade da concelleira-delegada da area de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo.

O concelleiro-delegado da área de xestión municipal, mediante instrucción de servizo de data 14 de abril pasado, autorizou a contratación interina da referida praza vacante.

Segundo.- Nomear interinamente con cargo as referidas prazas vacantes de Auxiliar de Administración Xeral, á D<sup>a</sup>. ESTÍBALIZ GARCÍA GUNTIÑAS, con D.N.I. 53.170.119-F, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. ISABEL IGLESIAS LÓPEZ, D.N.I. 35.454.450-L, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. BEGOÑA ÁLVAREZ GONZÁLEZ, D.N.I. 36.125.102-Z, D<sup>a</sup>. EVA PEREIRA FONTÁN, D.N.I. 36.148.357-Q, D<sup>a</sup>. CARMEN GLORIA GONZÁLEZ VICENTE, D.N.I. 35.559.028-Q, D<sup>a</sup>. ANA MARIA REQUEJO FASERO, D.N.I. 53.172.213-P, D. BENIGNO PARAPAR LÓPEZ, D.N.I. 33.258.028-N, D<sup>a</sup>. BENILDE BILBAO ECHEGARAY, D.N.I. 36.040.314-G, D<sup>a</sup>. AUREA DE LAS MERCEDES CERVIÑO MONTENEGRO, D.N.I. 36.101.950-T e D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. JESUS LORENZO NÚÑEZ, D.N.I. 36.054.381-H, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de Administrativo de Administración Xeral incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2005, de conformidade

coas bases xerais da mesma e o disposto no art. 3.3º da Orde 1461/2002, do 6 de xuño do Ministerio para as Administracións Públicas.

Terceiro.- *A relación funcional de interinaxe extinguirase automaticamente no momento en que se cubran definitivamente as prazas ás que se adscriban os/as interesadas previa resolución do procedemento público que a tales efectos se convoque e, no que necesariamente deberán incluírse as mesmas, nos termos dispostos no artigo 10 da Lei 7/2007, do 12 de abril.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **42(670).- NOMEAMENTO INTERINO DUNHA ALGUACIL. EXPTE. 18183/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 29.04.08, o informe de Intervención Xeral, do 23.04.08, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización, do 17.04.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

#### Antecedentes:

*No cadro de persoal municipal correspondente ó presente ano 2008, aprobado polo Pleno da Corporación na súa sesión de 20 de decembro de 2007, figuran vacantes, entre outras, unha praza de Alguacil-notificador, con posto de igual denominación no Servizo de Conserxería, que é necesaria cubrir para garanti-lo normal funcionamento do Servizo, tal e como se reflexa no escrito de data 7 de abril pasado, asinado pola Xefa de Subalternos.*

*O concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, a través de instrucción de servizo de data 14 de abril pasado, autorizou a referida contratación.*

*Recentemente tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura como funcionarios/as de carreira de dúas prazas de alguacil, por promoción interna e de sete prazas de subalterno/a, incluídas na oferta de emprego público correspondente o ano 2005, figurando na acta do tribunal de data 19 de xuño de 2007 a correspondente proposta de nomeamento, praza da que tomaron posesión o 6 de agosto de 2008, tralo seu nomeamento pola Xunta de Goberno Local de 9 de xullo anterior. Na referida proposta do Tribunal cualificador, figura a relación de aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados/as ou contratadas como persoal interino ou laboral.*

*Requerida a primeira aspirante da lista de substitucións ó que se refire o anterior parágrafo, (toda vez que non existe lista na convocatoria de alguacil), esta aceptou expresamente mediante escrito de 16 de abril actual, optar á referida contratación interina ata que se resolva a súa cobertura definitiva a traves das probas selectivas correspondentes a primeira oferta de emprego público que convoque este Concello.*

*A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, no artigo 10, apartado 1, establece que son funcionarios interinos os que, por razóns xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionario de carreira, cando se de algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.*

*O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do referido Estatuto Básico do Empregado Público, cando finalice a causa que deu lugar o seu nomeamento, dacordo co art. 10 apartado 3, neste caso cando a praza que desempeñen interinamente sexa provista polo procedemento legalmente establecido.*

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante (posto cód. 152 da RPT vixente).

De conformidade co disposto no artigo 27.1 do RD 364/95, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral do ingreso do persoal ó servizo da administración xeral do estado, en concordancia co disposto no artigo 19 do decreto autonómico 95/91 de 20 de marzo polo que se aproba o regulamento de selección e ingreso do persoal da administración autónoma de Galicia, o procedemento deberá posibilitar a máxima axilidade na selección en razón á urxencia requirida para cubrir transitoriamente os postos de traballo en tanto se destina ós mesmos a funcionarios de carreira.

Así mesmo, o artigo 10.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Emprego Público, establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos axiles que respetarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

De conformidade co disposto no apartado “Outras disposicións comúns” das bases xerais publicadas no BOP de 9 de xuño de 2006, e DOGA de 21 de novembro seguinte, referentes á oferta de emprego público do ano 2005, “os candidatos que non tendo superado o proceso selectivo aprobasen tódalas probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos, escalas, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral.

Consecuentemente, deben entenderse cumprimentados e darse por respetados os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade na convocatoria para proceder ó nomeamentos propostos en rexime de interinidad, xa que a citada candidata superou os exercicios da oposición para a cobertura de sete prazas de subalterno/a.

Asemade, e segundo o disposto no artigo 23.2 da Lei 51/2007, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2008, poderá procederse ao nomeamento de persoal interino para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, como é o caso.

Por isto, de conformidade co disposto no artigo 127.1.h, da Lei 7/1985, do 2 de Abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, o Técnico de Organización que subscribe, coa conformidade da xefatura da Unidade de Pesoal, propón á Xunta de Goberno Local, previa informe de fiscalización da Intervención Xeral, a aprobación da seguinte,

#### PROPOSTA:

“Primeiro.- Declara-la urxencia para proceder á cobertura dunha funcionaria interina, con cargo a praza vacante de Alguacil, Escala Administración Especial, Subescala Servizos Especiais, Clase, Cometidos Especiais.

Segundo.- Nomear interinamente con cargo a referida praza vacante de Alguacil, á D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. FÁTIMA LAMAS GONZÁLEZ, con D.N.I. 36.095.223-N, seguinte aspirante que superou tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de subalterno/a incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2005, de conformidade coas bases xerais da mesma e o disposto no art. 3.3<sup>o</sup> da Orde 1461/2002, do 6 de xuño do Ministerio para as Administracións Públicas.

Segundo.- A relación funcional de interinaxe extinguirase automaticamente no momento en que se cubra definitivamente a praza á que se adscriba a interesada previa resolución do procedemento público que a tales efectos se convoque e, no que necesariamente deberá incluírse a mesma, nos termos dispostos no artigo 10 da Lei 7/2007, do 12 de abril.”

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**43(671).- NOMEAMENTO INTERINO DE 10 SUBALTERNOS. EXPTE. 18182/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 29.04.08, o informe de Intervención Xeral, do 23.04.08, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización, do 17.04.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*No cadro de persoal municipal correspondente ó presente ano 2008, aprobado polo Pleno da Corporación na súa sesión de 20 de decembro de 2007, figuran vacantes, entre outras, dez prazas de Subalterno/a, con postos de igual denominación no Servizos de Conserxería, Bibliotecas, Museos e Benestar Social, que son necesarias cubrir para garanti-lo normal funcionamento dos referidos Servizos, tal e como se reflexa nos escritos de datas 4 e 7 de abril pasado asinados polo Director do Museo, Xefa e Subalternos e Xefe do Servizo de Cultura e Bibliotecas, coa conformidade dos concelleiros/as delegados/as dos respectivos servizos.*

*O concelleiro-delegado da área de xestión Municipal, a través de instrucción de servizo de data 14 de abril pasado, autorizou a referida contratación.*

*Recentemente tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura como funcionarios/as de carreira de sete prazas de subalterno/a, incluídas na oferta de emprego público correspondente o ano 2005, figurando na acta do tribunal de data 19 de xuño de 2007 a correspondente proposta de nomeamento, praza da que tomaron posesión o 6 de agosto de 2008, tralo seu nomeamento pola Xunta de Goberno Local de 9 de xullo anterior. Na referida proposta do Tribunal cualificador, figura a relación de aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados/as ou contratadas como persoal interino ou laboral.*

*Requeridas os/as dez aspirantes da lista de substitucións ó que se refire o anterior parágrafo, (toda vez que a que figura como primeira reserva xa foi proposta para ó seu nomeamento interino como Alguacil), estos/as aceptaron expresamente, mediante escritos de 16 de abril actual, optar á referida contratación interina ata que se resolva a súa cobertura definitiva a traves das probas selectivas correspondentes a primeira oferta de emprego público que convoque éste Concello.*

*A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, no artigo 10, apartado 1, establece que son funcionarios interinos os que, por razóns xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionario de carreira, cando se de algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.*

*O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do referido Estatuto Básico do Empregado Público, cando finalice a causa que deu lugar o seu nomeamento, dacordo co art. 10 apartado 3, neste caso cando a praza que desempeñen interinamente sexa provista polo procedemento legalmente establecido.*

*Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante (posto cód. 155 da RPT vixente).*

*De conformidade co disposto no artigo 27.1 do RD 364/95, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral do ingreso do persoal ó servizo da administración xeral do estado, en concordancia co disposto no artigo 19 do decreto autonómico 95/91 de 20 de marzo polo que se aproba o regulamento de selección e ingreso do persoal da administración autónoma de Galicia, o procedemento deberá posibilita-la máxima axilidade na selección en razón á urxencia requerida para cubrir transitoriamente os postos de traballo en tanto se destina ós mesmos a funcionarios de carreira.*



Asi mesmo, o artigo 10.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedimentos axiles que respetarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

De conformidade co disposto no apartado “Outras disposicións comúns” das bases xerais publicadas no BOP de 9 de xuño de 2006, e DOGA de 21 de novembro seguinte, referentes á oferta de emprego público do ano 2005, “os candidatos que non tendo superado o proceso selectivo aprobasen tódalas probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos, escalas, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral.

Consecuentemente, deben entenderse cumprimentados e darse por respetados os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade na convocatoria para proceder ó nomeamentos propostos en rexime de interinidad, xa que as citadas candidatas superaron os exercicios da oposición para a cobertura de sete prazas de subalterno/a.

Asemade, e segundo o disposto no artigo 23.2 da Lei 51/2007, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2008, poderá procederse ao nomeamento de persoal interino para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, como é o caso.

Por isto, de conformidade co disposto no artigo 127.1.h, da Lei 7/1985, do 2 de Abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, o Técnico de Organización que subscribe, coa conformidade da xefatura da Unidade de Pesoal, propón á Xunta de Goberno Local, previa informe de fiscalización da Intervención Xeral, a aprobación da seguinte,

#### PROPOSTA:

“Primeiro.- Declara-la urxencia para proceder á cobertura de dez funcionarios/as interinas, con cargo a prazas vacantes de Subalterno/a, Escala Administración Xeral, Subescala Subalterna.

Segundo.- Nomear interinamente con cargo as referidas prazas vacantes de Subalterno/a, á D. XOSÉ RAMÓN LEIRA PÉREZ, con D.N.I. 36.070.004-R, D<sup>a</sup>. SUSANA M<sup>a</sup>. ORMÍGUEZ PÉREZ, D.N.I. 36.066.297-C, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> NIEVES GARCÍA FOLGUEIRA, D.N.I. 36.122.610-Y, D<sup>a</sup>. OLGA GONZÁLEZ ARIAS, D.N.I. 34.262.937-K, D. MANUEL ROMÁN BREIJO, D.N.I. 36.089.934-J, D<sup>a</sup>. IRIA TERRÉ GONZÁLEZ, D.N.I. 36.166.331-G, D. JAVIER RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, D.N.I. 34.967.837-V, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. JOSÉ JELUSICH DIZ, D.N.I. 36.031.327-X, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. ANGELES GONZÁLEZ PEINADO, D.N.I. 36.091.980-N e D<sup>a</sup>. SUSANA PENA GARCÍA, D.N.I. 36.129.838-N, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de subalterno/a incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2005, de conformidade coas bases xerais da mesma e o disposto no art. 3.3º da Orde 1461/2002, do 6 de xuño do Ministerio para as Administracións Públicas.

Segundo.- A relación funcional de interinaxe extinguirase automaticamente no momento en que se cubran definitivamente as prazas ás que se adscriban os/as interesadas previa resolución do procedemento público que a tales efectos se convoque e, no que necesariamente deberán incluírse as mesmas, nos termos dispostos no artigo 10 da Lei 7/2007, do 12 de abril.”

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **44- PROPOSTA PARA AUTORIZAR Ó CONCELLO DE FORNELOS DE MONTES Á EXECUCIÓN DO PROXECTO SANEAMENTO EN CALVOS, NA ZONA DO EMBALSE DE EIRAS”. EXPTE. 10/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Servizos Xerais, do 22.04.08, que di o seguinte:

*Informe:*

*Con data 17 de setembro de 2007, o Concello de Vigo recibe copia do proxecto “Saneamento en Calvos”, así como solicitude de autorización para a instalación dunha EDAR e o seu correspondente emisario no entorno da Presa de Eiras, en terreos propiedade do Concello de Vigo.*

*Con data 28 de setembro de 2007, e co obxecto de poder dar resposta a solicitude requíreselle ao Concello de Fornelos de Montes a seguinte documentación:*

- \* Copia do Proxecto de planta depuradora de augas residuais.*
- \* Modificacións solicitadas á Asistencia Técnica (GOC) sobre o proxecto.*

*Con data 22 de novembro de 2007, o Concello de Fornelos de Montes remite ao Concello de Vigo a documentación solicitada. Unha vez analizada a mesma, por parte desta Área de Servizos Xerais en data 25 de xaneiro do 2008, infórmase ao Concello de Fornelos de Montes que deberán introducir no proxecto presentado os seguintes cambios:*

- \* Novo cálculo hidráulico do emisario.*
- \* Aumento de diámetro do emisario.*
- \* Cambio a fundición dúctil do cruce coa conducción xeral de abastecemento a Vigo.*

*En data 3 de marzo de 2008, e seguindo as instrucións do Concello de Vigo, o Concello de Fornelos de Montes presenta unha copia da documentación solicitada en data 25 de xaneiro de 2008.*

*En data 7 de marzo do 2008, o Concello de Vigo remite escrito á empresa concesionaria Aqualia, S.A. co obxecto de que emitan informe acerca dos cambios introducidos sobre o proxecto inicialmente aportado.*

*En data 1 de abril do 2008, Aqualia emite informe ao respecto no que recollen a seguinte consideración:*

*“No pozo aliviadoiro do by-pass da EDAR calculado cunha altura de 5 cm. para o caudal máximo do proxecto, deberán realizarse as probas e comprobacións oportunas trala posta en servizo das instalacións para asegurar que non se produzan verquidos de auga residual en tempo seco, así como observar o seu comportamento en tempo de choiva. No caso de que fose necesario deberán tomarse as medidas oportunas, incluído o seu recrecido, ao obxecto de evitar verquidos”.*

*Tendo en conta o anteriormente indicado, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte,*

**PROPOSTA:**

- 1º.- Autorizar ao Concello de Fornelos de Montes á execución do proxecto “ Saneamento en Calvos, na zoa do embalse de Eiras”, cos cambios e modificacións introducidas sobre o proxecto inicialmente aportado, e coa consideración indicada pola empresa concesionaria Aqualia, S.A.*

*“No pozo aliviadoiro do by-pass da EDAR calculado cunha altura de 5 cm. para o caudal máximo do proxecto, deberán realizarse as probas e comprobacións oportunas trala posta en servizo das instalacións para asegurar que non se produzan verquidos de auga residual en tempo seco, así como observar o seu comportamento en tempo de choiva. No caso de que fose necesario deberán tomarse as medidas oportunas, incluído o seu recrecido, ao obxecto de evitar verquidos”.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

#### **45(672).- ADECUACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO DO ORGANISMO AUTÓNOMO DO IMD. EXPTE. 7787/333.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 31.03.08, conformado polo presidente da Xunta rectora do IMD que di o seguinte:

*Antecedentes:*

1.- Proceso de valoración dos postos de traballo no IMD.

*O Concello de Vigo e os seus organismos autónomos, levan desenvolvendo dende varios anos un proceso para a valoración dos postos de traballo e a súa correspondente avaliación económica. Baixo este principio as actuacións que están sendo realizadas son:*

*Reordenar o contido das funcións que desenvolven cada un dos postos de traballo para adaptar ditas funcións a nova realidade xurídico-procedimental e a realidade social, económica e técnica que se require hoxe en día para dar de xeito correcto un adecuado nivel de servizo, xa que se considera imprescindible unha revisión e adaptación da estrutura humana para adaptala as novas funcións que veñen obrigadas pola realidade.*

*Estructurar o capital humano de xeito que queden clarexadas as funcións e competencias dos diferentes postos de traballo. Pretendese dar un mellor e máis eficaz servizo a cidadanía, posto que cada posto de traballo conta cunha maior especialización e concreción e delimitarse a responsabilidade inherente o mesmo.*

*Adequar as retribucións dos postos de traballo, tanto dos nunca valorados como dos preexistentes as novas circunstancias e nivel dos servizos que prestan, tanto no seu aspecto cuantitativo como cualitativo, mediante a valoración dos postos de traballo e o establecemento de novos niveis de complemento de destino e específico.*

*Con data de 3 de decembro de 2001, o director técnico do IMD coa conformidade do presidente do Xunta Rectora do IMD, formula un informe, no que se fai a especificación en detalle de cada un dos postos de traballo do Organismo Autónomo Instituto Municipal dos Deportes, recollido no acordo plenario na sesión ordinaria do pleno do Concello de Vigo do día 25 de marzo de 2002; (adxuntase como anexo I).*

*A realización desta valoración dos postos de traballo e todo o estudo sobre os mesmos queda reflexada nos seguintes obxectivos.:*

- *Actualización das retribucións do persoal do IMD axeitadas as novas funcións desempeñadas.*
- *Regulación das diferencias salariais existentes no actual cadro de persoal entre traballadores/as da mesma categoría.*
- *Inclusión no CE de retribucións ata o momento incluídas no complemento de produtividade.*
- *Utilización do Complemento de produtividade para resolver as atipicidades de funcións de determinados postos.*

*A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o 13 de novembro de 2006 e de acordo co informe proposta do director técnico do IMD e visto o informe xurídico de data 10.11.2006, (adxuntase copias no anexo II), acorda modificar a relación de postos de traballo do persoal do Instituto Municipal dos Deportes de Vigo correspondentes ós postos relacionados no anexo I cos contidos (xefe de mantemento instalacións, xefe unidade mantemento taller, conserxes responsables de instalacións, adxunto coordinador, oficiais, e auxiliar admvo, e axudantes todos eles encadrados no grupo D e no E de titulación., para o exercizo 2006, en canto as retribucións complementarias fixas e periódicas (complemento de destino e específico) que será o que se contén no Anexo I mesmo informe proposta.*

*Esta modificación afecta según os datos adxunto no anexo II (copia do expediente aprobado pola xunta de Goberno Local 13.11.06) a 22 traballadores/as da plantilla do Instituto Municipal dos Deportes encadrados nos grupos "D" e "E".*

## 2.- Proposta de adecuación dos postos de traballo do IMD.

Em base os acordos adoptados pola Xunta Rectora do IMD e a Xunta de Goberno Local en relación a adecuación dos postos de traballo do IMD, atopamos que a continuidade da adecuación do resto dos postos de traballo do IMD, quedou pendente de analizarse durante o ano 2007 e a inexistencia de crédito adecuado imposibilitou a execución de dicho procedemento. Coa aprobación do orzamento do ano 2008, estableceuse no capítulo I a partida 4522.130.00.01 “Fondo de adecuación de postos de traballo” cun importe de 60.750,00 €, crédito evaluado en relación as necesidades para dar continuidade a proposta de valoración iniciada no ano 2006.

O alcance do estudo de valoración iniciado afecta os postos de todos os grupos de titulación A, B, C, D e E do cadro de persoal do IMD, e no acordo do ano 2006 unicamente foron adaptados en parte postos de traballo dos grupos D e E, polo que na actualidade e necesario finalizar a adecuación proposta inicialmente en base os acordos de valoración de novas funcións establecidas para cada un dos postos de traballo no acordo plenário do 25 de marzo de 2002.

Nos últimos anos produciuse unha cascada cualitativa e cuantitativa de cambios nos servizos que requiren una adaptación a nova realidade, aos que de forma imperativa polo mandato das lexis se lles teñen que dar resposta con un axeitado nivel de calidade e seguridade. Especial incidencia ten neste eido, a irrupción da denominada sociedade da información ou do coñecemento, que proxecta as súas consecuencias tanto hacia o exterior (cada vez son máis os servizos que se prestan directamente os cidadáns mediante telecomunicacións electrónicas) e hacia dentro da propia organización. Todos os cambios producidos fixeron que o contido e a responsabilidade dos postos, incrementábase dun xeito significativo.

Todas estas novas funcións e tarefas introducidas nos postos ocasionan un incremento nos Complementos de Destino ou das cantidades asignadas os Complementos Específicos, o que supón unha adecuación retributiva de carácter singular e excepcional, imprescindible polo novo contido dos postos de traballo. As diferenzas entre as funcións descritas e valoradas na anterior valoración de postos do ano 1987 e as actuais dos distintos postos de traballo xustifican plenamente o aumento do Complemento de Destino ou do Complemento Específico como consecuencia das variacións, modificacións e aumento das funcións dos mesmos.

Ante a presente proposta de adecuación dos postos de traballo do IMD, parece oportuno clarear, que non estamos ante un proceso de reforma administrativa, senón ante unha actualización dos contidos dos postos a realidade do Organismo Autónomo e a súa adecuación retributiva, que se fan necesarios para o bo funcionamento da administración.

A urxente necesidade de realizar esta adecuación retributiva ven determinada pola imprescindible corresponsabilidade que debe existir entre o desempeño das funcións dos postos de traballo e a súa retribución, para poder paliar os efectos que esta disfunción provoca entre os traballadores e traballadoras do IMD, e tamén na propia estrutura de xestión de persoal que cada ano ven tramitando diversos expedientes de produtividade que busca o equilibrio das diferenzas nas funcións de un número importante de traballadores ou traballadoras do organismo autónomo.

En relación a actual proposta de adecuación dos postos de traballo do IMD, debemos especificar que recolle por un lado a equiparación nas condicións retributivas dos traballadores/as dos grupos D e E, as modificadas no acordo da Xunta de Goberno Local de 13.11.2006, e por outro lado tendo en conta a proposta xenérica da nova guía de funcións de todos os postos do IMD, na presente proposta que se adxunta como anexo, se ten reflexado os resultados do estudo pormenorizado de cada posto de traballo e foi consensuado cos representantes do persoal, tal e como se sinala no art. 32 da Lei 9/87, no que se refire o seu contido funcional, as esixencias que comportan e as condicións en que se desenvolve a actividade en cada caso e a súa actualización segundo a RPT do presente ano. No seu resultado e aplicación respetáronse os principios de racionalidade, economía e eficiencia, de modo que respondan a criterios de valoración obxectiva nos mesmos termos que para o resto dos funcionarios público.

No cadro de adecuación que recolle o presente expediente relacionase nominalmente os postos de traballo os que acaden a adecuación retributiva que se propón así como o importe individual correspondente a cada un deles, ascendendo en computo anual e para a totalidade dos postos que se adxuntan a 57.208,64 €.

PUESTO	DNI	Nº P	TRABAJADOR	GR	CE	C D	Inc-CE	Inc-CD
ADMINISTRATIVO	36078187L	60512	ALVAREZ FERNANDEZ Mª LUISA	C1	856	18	1.143,38 €	- €
ADMINISTRATIVO	36026270J	60210	FERNANDEZ PEREZ JUAN MANUEL	C1	856	18	1.143,32 €	- €
ADMINISTRATIVO			Vacante	C1	856	18	1.143,32 €	- €
AUXILIAR ADMINISTRATIVO			Excedencia forzosa - Vacante	C2	856	16	1.236,76 €	323,82 €
AXUDANTE MANTENIMIENTO	36129451Q	60503	ABEIJON BROULLON RAFAEL	E	158	14	1.845,06 €	- €
AXUDANTE MANTENIMIENTO	36159744H	60504	ALONSO CAMPA DE LA ALBERTO	E	158	14	1.845,06 €	- €
AXUDANTE MANTENIMIENTO	36079386E	60509	ARIZAGA IGLESIAS MARIA JOSE	E	158	14	1.845,06 €	- €
AXUDANTE MANTENIMIENTO	36150574W	60510	CORZON VIEITES MARIA CRISTINA	E	158	14	1.845,06 €	- €
AXUDANTE MANTENIMIENTO	36065714N	60501	ESTEVEZ CURRAS JOSE MARIA	E	158	14	1.845,06 €	- €
AXUDANTE MANTENIMIENTO	36031942G	60505	ESTEVEZ DEAÑO EDITA	E	158	14	1.845,06 €	- €
AXUDANTE MANTENIMIENTO	36060409C	60321	PEREZ BERNARDEZ FERNANDO	E	158	14	1.845,06 €	- €
AXUDANTE MANTENIMIENTO	36052008Z	60054	RODRIGUEZ FERNANDEZ ENRIQUE	E	158	14	1.845,06 €	- €
AXUDANTE MANTENIMIENTO	36133122F	60511	SANTIBAÑEZ PASCUAL NURIA	E	158	14	1.845,06 €	- €
AXUDANTE MANTENIMIENTO	53174601G	60506	SILVA PEREIRA RUBEN	E	158	14	1.845,06 €	- €
AXUDANTE MANTENIMIENTO-INT	36111384G	60702	FERNANDEZ PEREZ MARCOS A.	E	158	14	1.845,06 €	- €
LIMPADORA	34713351A	60019	DAMEA POUSA MARIA	E	158	14	1.974,14 €	647,36 €
OFICIAL INSTALACIÓN	36055030T	60284	ABEIJON BROULLON ANGEL	C2	156	15	2.441,74 €	- €
OFICIAL INSTALACIÓN	35985576Y	60315	CALDAS RODRIGUEZ JOSE LUIS	C2	156	15	2.441,74 €	- €
OFICIAL INSTALACIÓN	36032517G	76462	GONZALEZ MUNOZ ALVARO	C2	156	15	2.441,74 €	- €
OFICIAL INSTALACIÓN	36031674N	60143	ITALIANI ROMAN RAMON JESUS	C2	156	15	2.441,74 €	- €
OFICIAL INSTALACIÓN	08746865B	60166	RIOS PRADO SANTIAGO	C2	156	15	2.441,74 €	- €
OFICIAL INSTALACIÓN	35982443R	60108	RODRIGUEZ VARELA MANUEL A	C2	156	15	2.441,74 €	- €
OFICIAL INSTALACIÓN	35955505L	60309	ROMAN CARIDE FERNANDO	C2	156	15	2.441,74 €	- €
OFICIAL INSTALACIÓN	35992775Y	69990	TABOADA PARDO CESAREO T	C2	156	15	2.441,74 €	- €
OFICIAL INSTALACIÓN			Vacante	C2	156	15	2.441,74 €	- €
OFICIAL MANTENIMIENTO	35961107D	60077	FERNANDEZ PEREZ EDUARDO	C2	156	15	2.441,74 €	- €
OFICIAL MANTENIMIENTO			Vacante	C2	156	15	2.441,74 €	- €
OFICIAL MANTENIMIENTO-interino	53177978T	60701	PEREZ ROUCO JONATHAN	C2	156	15	2.441,74 €	- €
							56.237,46 €	971,18 €
								57.208,64 €

Para a súa aplicación ó actual orzamento do ano 2008 contempla os créditos adecuados e suficientes na partida 4522.130.00.01 “Fondo de adecuación de postos de traballo”, e dacordo cos compromisos políticos-sindicaís e según os criterios dos aplicados na mesma proposta acadada no ano 2006 sobre a primeira adecuación dos postos de traballo do IMD, a adecuación retributiva proposta terá efectos do un de xaneiro de 2008.

A vista de todo canto antecede no presente informe o técnico que suscribe, PROPÓN A XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO tralo informe xurídico, así como o informe da Intervención

Xeral sobre a existencia ou non de crédito adecuado e suficiente e demais informes preceptivos que correspondan:

Primeiro: *Modificar a relación de Postos de traballo do persoal do Instituto Municipal dos Deportes de Vigo correspondentes ós postos relacionados en canto as retribucións complementarias fixas e periódicas (complemento de destino e específico) que será o que se contén no cadro seguinte e que forma parte inseparable desta proposta.*

PUESTO	DNI	Nº P	TRABAJADOR	GR	CE	CD	Inc-CE	Inc-CD
ADMINISTRATIVO	36078187L	60512	ALVAREZ FERNANDEZ Mª LUISA	C1	856	18	1.143,38 €	- €
ADMINISTRATIVO	36026270J	60210	FERNANDEZ PEREZ JUAN MANUEL	C1	856	18	1.143,32 €	- €
ADMINISTRATIVO			Vacante	C1	856	18	1.143,32 €	- €
AUXILIAR ADMINISTRATIVO			Excedencia forzosa - Vacante	C2	856	16	1.236,76 €	323,82 €
AXUDANTE MANTENIMENTO	36129451Q	60503	ABEIJON BROULLON RAFAEL	E	158	14	1.845,06 €	- €
AXUDANTE MANTENIMENTO	36159744H	60504	ALONSO CAMPA DE LA ALBERTO	E	158	14	1.845,06 €	- €
AXUDANTE MANTENIMENTO	36079386E	60509	ARIZAGA IGLESIAS MARIA JOSE	E	158	14	1.845,06 €	- €
AXUDANTE MANTENIMENTO	36150574W	60510	CORZON VIEITES MARIA CRISTINA	E	158	14	1.845,06 €	- €
AXUDANTE MANTENIMENTO	36065714N	60501	ESTEVEZ CURRAS JOSE MARIA	E	158	14	1.845,06 €	- €
AXUDANTE MANTENIMENTO	36031942G	60505	ESTEVEZ DEAÑO EDITA	E	158	14	1.845,06 €	- €
AXUDANTE MANTENIMENTO	36060409C	60321	PEREZ BERNARDEZ FERNANDO	E	158	14	1.845,06 €	- €
AXUDANTE MANTENIMENTO	36052008Z	60054	RODRIGUEZ FERNANDEZ ENRIQUE	E	158	14	1.845,06 €	- €
AXUDANTE MANTENIMENTO	36133122F	60511	SANTIBAÑEZ PASCUAL NURIA	E	158	14	1.845,06 €	- €
AXUDANTE MANTENIMENTO	53174601G	60506	SILVA PEREIRA RUBEN	E	158	14	1.845,06 €	- €
AXUDANTE MANTENIMENTO-INT	36111384G	60702	FERNANDEZ PEREZ MARCOS A.	E	158	14	1.845,06 €	- €
LIMPADORA	34713351A	60019	DAMEA POUSA MARIA	E	158	14	1.974,14 €	647,36 €
OFICIAL INSTALACIÓN	36055030T	60284	ABEIJON BROULLON ANGEL	C2	156	15	2.441,74 €	- €
OFICIAL INSTALACIÓN	35985576Y	60315	CALDAS RODRIGUEZ JOSE LUIS	C2	156	15	2.441,74 €	- €
OFICIAL INSTALACIÓN	36032517G	76462	GONZALEZ MUNOZ ALVARO	C2	156	15	2.441,74 €	- €
OFICIAL INSTALACIÓN	36031674N	60143	ITALIANI ROMAN RAMON JESUS	C2	156	15	2.441,74 €	- €
OFICIAL INSTALACIÓN	08746865B	60166	RIOS PRADO SANTIAGO	C2	156	15	2.441,74 €	- €
OFICIAL INSTALACIÓN	35982443R	60108	RODRIGUEZ VARELA MANUEL A	C2	156	15	2.441,74 €	- €
OFICIAL INSTALACIÓN	35955505L	60309	ROMAN CARIDE FERNANDO	C2	156	15	2.441,74 €	- €
OFICIAL INSTALACIÓN	35992775Y	69990	TABOADA PARDO CESAREO T	C2	156	15	2.441,74 €	- €
OFICIAL INSTALACIÓN			Vacante	C2	156	15	2.441,74 €	- €
OFICIAL MANTENIMENTO	35961107D	60077	FERNANDEZ PEREZ EDUARDO	C2	156	15	2.441,74 €	- €
OFICIAL MANTENIMENTO			Vacante	C2	156	15	2.441,74 €	- €
OFICIAL MANTENIMENTO-interino	53177978T	60701	PEREZ ROUCO JONATHAN	C2	156	15	2.441,74 €	- €
							56.237,46 €	971,18 €
								57.208,64 €

Segundo: *Para o actual exercizo 2008 a adecuación retributiva proposta terá efecto dende o un de xaneiro, para o cal se solicita a autorización dun gasto de 57.208,64 €, con cargo a partida 4522.130.00.01 “Fondo de adecuación de postos de traballo” do vixente orzamento.*

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **46(673).- BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA OS INVESTIMENTOS EN INFRAESTRUCTURA E EQUIPAMENTO PARA ENTIDADES PRIVADAS SEN ÁNIMO DE LUCRO- AÑO 2008. EXPTE. 3434/320.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 7.03.08 e de acordo co informe-proposta do xefe de Participación Cidadá, do 7.02.08, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as bases da convocatoria de investimentos en infraestrutura e equipamento para entidades privadas sen ánimo de lucro para o ano 2008, que de seguido se transcriben.

2º.- Aprobar a convocatoria para o ano 2008 cun orzamento máximo de 225.000,00 € e un prazo de admisión de 20 días hábiles dende a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

3º.- Autorizar o gasto de 225.000,00 € con cargo á partida 4631.7800000 e bolsa de vinculación do orzamento xeral do Concello para o ano 2008.

### ***BASES QUE REXERAN AS CONVOCATORIAS DE SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DE INVESTIMENTOS EN INFRAESTRUCTURA E EQUIPAMENTO VINCULADO A PRESTACIÓN DE SERVIZOS DAS ORGANIZACIÓNS NON LUCRATIVAS, PARA O AÑO 2008***

#### ***PRIMEIRA.-Finalidade e Obxecto.***

*O Concello de Vigo, a través da área de Participación Cidadá, realiza a presente convocatoria pública en réxime de concorrencia competitiva coa finalidade do fomento daqueles proxectos que teñan como finalidade a mellora das infraestructuras e instalacións sociocomunitarias e asociativas da cidade, así como a adquisición de equipamento para as mesmas, co fin de reforzar a capacidade de autoorganización das entidades asociativas da cidade e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción da calidade de vida e benestar social dos cidadáns*

*Os presentes actos de edificación comprenden aquelas obras realizadas en locais e infraestructuras, que utilizan as entidades sen ánimo de lucro, en réxime de propiedade privada, cedidos por ente público ou privado, ou en réxime de alugamento e que executará esta entidade beneficiaria tanto cos seus propios fondos, como con auxilio doutras entidades públicas ou privadas para a realización de servizos da súa competencia.*

#### ***SEGUNDA.- PROGRAMAS SUBVENCIONABLES***

*Poderán ser obxecto de subvención as propostas que teñan como finalidade a financiamento de actuacións en activos fixos destinados a infraestrutura sociocomunitaria da cidade de Vigo para a consecución dalgúns dos seguintes obxectivos xerais coincidentes cos seguintes programas:*

- a) PROGRAMA I: Adquisición, obras de primeiro establecemento, reforma, reparación, rehabilitación e conservación de bens inmobles.*
- b) PROGRAMA II: Adquisición de bens móbiles: maquinaria e instalacións, equipamento de luz, son e maquinaria escénica, mobiliario, equipos informáticos, etc, dedicados a equipamento das infraestructuras comunitarias.*

*Que incentiven o desenvolvemento da actividade asociativa e reforzo da capacidade de autoorganización das entidades.*

Que suplan, coadxuven ou complementen os servizos prestados polo Concello de Vigo dentro das súas competencias, conforme ao previsto nos artigos 25 e 28 da Lei reguladora de bases do réxime local (LRBRL).

**TERCEIRA.-** Contía máxima da subvención e compatibilidade.

A subvención non poderá superar:

a) O 70 % do presuposto, co máximo de 15.000 € para o programa I de adquisición, obras de primeiro establecemento, reforma, reparación, rehabilitación e conservación de bens inmobles.

b) O 50 % do presuposto, co máximo de 5.000 € para o PROGRAMA II: Adquisición de bens mobles: maquinaria e instalacións, equipamento de luz, son e maquinaria escénica, mobiliario, equipos informáticos, etc, dedicados a equipamento das infraestruturas comunitarias.

En casos excepcionais e xustificadas e, tendo en conta a necesidade dunha determinada entidade, as súas características especiais, as dificultades financeiras e o interese xeral da obra ou da inversión, poderá aprobarse ata o 100% do custo do investimento aprobado.

**CUARTA.-** Desestimación das solicitudes

Unha vez estudados os programas solicitados xunto coa documentación presentada polas asociacións, desestimaranse:

1.- En función do proxecto:

- Que teñan unha relación e canle máis específico de subvención noutras áreas do Concello de Vigo.
- Cando non reúna as condicións mínimas de interese xeral e non obteña un mínimo de 30 puntos na valoración específica do proxecto, xa que de non chegar a esta puntuación indicaría unha mala definición do proxecto ou que este non se axusta a os obxectivos da convocatoria.
- Destinado en exclusiva os socios/as ou os seus promotores/as.
- Os destinados a equipamentos que procuren algún tipo de lucro para os seus xestores, promotores, etc.
- Aqueles proxectos sobre locais arrendados, cando o contrato de alugamento sexa inferior a 5 anos, e o importe das obras supere o 5% do valor catastral.
- Aqueles proxectos de obras realizadas sen a previa conformidade da Concellería de Participación Cidadá

2.- En función do grao de incorporación de gastos non subvencionables:

1. Aqueles gastos en bens correntes de carácter reiterativo e non susceptibles de amortización e inventario.
2. Gastos en bens correntes e servizos, orixinados pola adquisición de bens de carácter funxible, non inventariables e de duración previsiblemente inferior a un exercicio económico (arrendamentos, materiais, subministracións, comunicacións etc.
3. Aqueles gastos de carácter suntuario, que non son imprescindibles para o bo desenvolvemento do proxecto e que non están relacionados directamente coa inversión.
4. Aqueles gastos en man de obra directa derivada do voluntariado.

**QUINTA.-** Solicitantes.

Poderán solicitar subvencións e obter a condición de beneficiarios as asociacións sen ánimo de lucro e Fundacións que inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, traballen exclusivamente no ámbito sociocomunitario, da participación cidadá e das relacións cidadáns, e que reúnan os seguintes requisitos:

- Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.



- *Que conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.*
- *Que dispoñan de estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesaria para o logro de tales obxectivos.*
- *Que se atopen ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Vigo, coa Facenda Pública estatal e autonómica e coa Seguridade Social.*
- *Que teñan debidamente xustificadas en tempo e forma axudas outorgadas nesta área do Concello de Vigo no ano anterior, sempre no suposto de haberllas sido aprobadas.*
- *O demais casos previstos no art. 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no R.d 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei, e art. 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.*

#### *SEXTA.- Solicitudes, prazo de presentación e documentación*

##### *6.1.- Modelo e presentación de solicitudes*

*As solicitudes de subvención presentaranse no modelo normalizado que se achega con estas bases. Os impresos de solicitude da subvención (anexos a esta convocatoria) e canta información precise para a súa presentación, serán facilitados polo Servizo de Información ou ben, na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org))*

*As solicitudes serán dirixidas a Excm. Alcalde-Presidente do Concello de Vigo, achegando a documentación solicitada na convocatoria.*

##### *6.2.- Prazo de presentación.*

*O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles dende o día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, podendo presentalas no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou mediante as demais formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.*

##### *6.3.- Documentación*

*Xunto coa solicitude deberán achegarse os seguintes documentos:*

- 1. Certificado do acordo de solicitude da subvención adoptado polo organo de goberno da asociación ou entidade solicitante. Dito certificado deberá de ser emitido de conformidade coas previsións contidas nos estatutos da asociación ou entidade. (anexo 1)*
- 2. Memoria valorada e detallada, do investimento para o que se solicita a subvención (anexo 2).*
- 3. Orzamento gastos previstos para a realización do investimento, e no caso de infraestruturas incluíranse entre outros os honorarios dos facultativos, de redacción do proxecto, dirección e inspección, asinados polo técnico correspondente (anexo 3).*
- 4. Nas solicitudes de inversións en infraestructura, copia cotexada da titularidade do mesmo ou autorización da realización da inversión do propietario cando corresponda a un terceiro .*
- 5. A documentación relativa a os proxectos que non resulten subvencionados, poderá ser retirada das dependencias municipais polos solicitantes, no prazo de tres meses dende a publicación do acordo. Transcorrido dito prazo, a administración municipal non virá obrigada a súa custodia.*
- 6. Certificación de non estar incurso nas circunstancias que figuran no art. 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia (Anexo 4).*
- 7. Declaración das solicitudes de subvención realizadas a outros organismos e institucións públicas ou privadas dos proxectos para os que se solicitan as subvencións (anexo 4).*
- 8. Certificado de estar ao corrente nas obrigas tributarias, expedida pola Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.*

9. *Certificado de estar ao corrente nas obrigas tributarias, expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.*
10. *Certificado de estar ao corrente do pago das cotas da Seguridade Social, expedida pola Tesourería Territorial da Seguridade Social, ou ben declaración xurada de non ter traballadores contratados ao seu cargo (anexo 4)*
11. *De ter presentados os certificados solicitados nos apartados 8), 9) e 10) no Concello de Vigo cunha antigüidade inferior a seis meses, chegará con facelo constar, identificando a convocatoria e departamento ou área do Concello na que se presentou (anexo 4).*

#### 6.4.- Información de carácter tributario

*Establecido no art. 95.2 da Lei 58/2003, de 17 de decembro , Xeral Tributaria que as administracións públicas non poderán exixir aos interesados a aportación de certificados da Administración Tributaria, cando a información de carácter tributario estea dispoñible por medios informáticos ou telemáticos, o interesado pode autorizar expresamente para que dito certificado sexa solicitado no seu nome.*

#### 6.5.- Corrección de defectos:

*Os solicitantes, a requirimento do Servizo de Participación Cidadá, disporán dun prazo improrrogable de dez (10) días par completar a documentación ou os defectos materiais e formais que se aprecien con apercibimento de que, se así non o fixeran, teríaselles por desestimada da súa petición previa resolución ditada nos termos previstos nos artigos 42 e 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.*

#### SETIMA.- Criterios de valoración para os proxectos.

*A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e se tramitarán en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite as dispoñibilidades orzamentarias da Área de Participación Cidadá destinadas para tal fin no presente exercicio. Neste sentido, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible.*

*Como criterios xerais de valoración para o outorgamento das subvencións dos distintos programas, terase en conta:*

- 1.- *Traxectoria e antigüidade da entidade. Ata 10 puntos.*

*Valorarase tendo en consideración ademais das datas de constitución e a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións, o tempo que leve a entidade participando activamente no seu sector e os períodos de inactividade que atravesara.*

- 2.- *Representatividade e area de influencia. Ata 10 puntos*

*Valorarase tendo en consideración ademais dos socios numerarios da asociación, os participantes habituais nas actividades promovidas pola entidade.*

- 3.- *Capacidade económica,suficiente e axeitada para a xestión, experiencia e especialización acreditada na realización da proposta de similar natureza á que se presenta. Ata 10 puntos*

*Valorarase tendo en conta entre outros:*

- *Os medios materiais dos que dispón a entidade, considerando si ten a súa sede nun local propio ou nalgún local cedido gratuitamente polo Concello ou por outra institución, así como si esta acometendo ás súas expensas, reformas importantes.*
- *O orzamento de ingresos e gastos da entidade para a programa, analizando a solvencia para o seu desenvolvemento.*

- 4.- *Grado de implicación no barrio, parroquia ou distrito. Ata 5 puntos.*

*Valorarase tendo en consideración:*

- *O traballo en unidades territoriais como barrios completos fronte aos que actúen en bloques, comunidades de veciños, etc...*
- *O nivel de coordinación en actividades e uso de instalacións e medios materiais con outras entidades, ben na súa totalidade ou nalgún aspecto puntual, fronte as actividades autónomas*

5.- *Grado de implicación nas actividades da área de Participación Cidadá. Ata 5 puntos*

*Valorarase considerando a asistencia e colaboración nas actividades propias desta área polos socios e/ou directivos da asociación.*

6.- *Calidade e viabilidade técnica. Ata 50 puntos por cada proxecto/s presentados*

*Valorase tendo en conta:*

- *Calidade técnica da proposta: análise da necesidade e do entorno territorial, definición e valoración do nivel de equipamento actual e material a adquirir, grao de causalidade directa a corto ou medio prazo entre a adquisición e a mellora da calidade/cantidade dos servizos e actividades a prestar pola entidade solicitante, estabilidade temporal e pervivencia dos servizos, estado de conservación das actuais infraestructuras e equipamento, innovación, calendario de realización.*
- *Mellora do grado de polivalencia e proximidade física e social do equipamento á cidadanía, incremento da accesibilidade cara a integración de colectivos de discapacitados, a través da eliminación de barreiras arquitectónicas tanto de accesos e usos como de mobiliario.*
- *Adecuación da/s acción/s aos obxectivos e natureza do programa conforme ás prioridades e necesidades sociais detectadas pola Concellaría de Participación Cidadá: interese xeral e repercusión social, especialización acreditada da entidade solicitante na realización de propostas similares, e grao de xustificación doutras axudas recibidas anteriormente.*
- *Impactos xerados: repercusión social, creación de emprego directo e indirecto, persoas beneficiarias (número e características), contribución da acción á corrección dos desequilibrios territoriais, apoio a actividades pouco implantadas; produtos de interese que se podan xerar, grao de continuidade en anos sucesivos.*
- *Colaboración, coordinación e concertación do proxectos con outras entidades asociativas e aposta pola promoción de alianzas e do traballo en rede.*

7.- *Xustificación das subvencións.- Ata 10 puntos*

*A xustificación das subvencións anteriores é un requisito para a concesión das subvencións, polo que con este criterio o que se pretende valorar e o esforzo realizado pola entidade para as subvencións precedentes, para a realización dunha memoria completa de seguimento das súas actividades subvencionadas, así como a porcentaxe de xustificación aplicada ao proxecto subvencionado.*

*A Comisión de Valoración encargada da avaliación dos proxectos terá en consideración os datos aportados pola entidade xunto co seu propio coñecemento a través dos datos existentes no Servizo de Participación Cidadá do Concello de Vigo.*

*OITAVA.- Resolución da convocatoria e publicidade.*

*A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao xefe de Participación e Atención Cidadá, quen realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, de*

conformidade co previsto no art. 24 da Lei Xeral de Subvencións e art. 21 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

As solicitudes de subvención para cada un dos programas serán avaliadas conforme ós criterios sinalados anteriormente, pola Comisión de Valoración, órgano colexiado composto por:

Presidente: O concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá

Vogais: Ao xefe de Participación e Atención Cidadá.

Unha Administrativa do servizo de Participación Cidadá

Secretario: Actuará como secretario un dos vogais membro da Comisión, con voz e voto.

A Comisión de Valoración poderá:

- 1.- Acadar cantos informes estime necesarios para resolver.
- 2.- Solicitar a reformulación da solicitude e do proxecto, no caso de que o importe da subvención proposta na resolución provisional sexa inferior ao 25 % da subvención solicitada, axustando os compromisos de gastos á subvención outorgada, respectando o obxecto, as condicións e a finalidade da subvención.
- 3.- Emitir informe respecto das solicitudes de subvención

Correspóndelle á Xunta de Goberno Local a resolución motivada de concesión das axudas ou desestimación do resto das solicitudes, no prazo de seis meses que contará dende a data de remate do prazo de presentación de solicitudes.

A resolución do procedemento notificaráselles aos interesados conforme ao previsto no art. 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. As subvencións concedidas por importe superior ós 3.000 € publicaranse no BOP con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención. O resto das subvencións publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo.

O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución, lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención.

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo como se prevé no art. 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contía (tras modificación dada pola Lei 19/2003, de 23 de decembro) no prazo de dous meses.

Asemade, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente dito recurso contencioso-administrativo no indicado prazo.

En todos os casos os prazos contaránse a partir do día seguinte á recepción da correspondente notificación ou da data na que o recurso de reposición se entende desestimado.

As subvencións serán compatibles con calquera tipo de axuda concedida por diferentes administracións ou entes públicos ou privados, excepto con outras axudas concedidas polo Concello de Vigo para o mesmo obxecto e finalidade. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención, concorrente das subvencións por outras administracións, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, xa que ao tratarse dunha subvención, os ingresos non poden ser superiores aos gastos.

NOVENA.- Obrigas que asumen as entidades subvencionadas.

Os beneficiarios das subvencións conforme a presente normativa, quedan na obriga dos seguintes apartados:

- 9.1.- Levar a cabo a proposta que fundamenta a concesión da axuda na forma, prazo e termos establecidos na solicitude, asumindo as obrigas (impostos, permisos, seguros, dereitos de autor, etc...) e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso.

9.2.- Comunicar calquera eventualidade na execución do proxecto que supoña menor execución de unidades de obra, servizos ou abastecementos, comunicarase no prazo máximo de dez días a partir do momento que se produzan, solicitando neste mesmo intre, a modificación a baixa concesión da presente subvención, así como a obtención doutras axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración pública, ente público ou entidade privada.

9.3.- Informar e publicitar as actividades subvencionadas, facendo constar nun lugar destacado dos diferentes soportes a lenda "Colabora o Concello de Vigo-Área de Participación Cidadá", coa incorporación que subministrará o Servizo de Participación Cidadá. Se no financiamento interveñen outras entidades, a prelación en orde e tamaños será proporcional á contía achegada por cada unha delas.

9.4.- Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario.

9.5.- Responder legalmente da falta de veracidade dos datos expostos e do incumprimento das presentes bases.

9.6.- Estar ao corrente no cumprimento das obrigas fiscais e coa Seguridade Social.

9.7.- As demais obrigas establecidas no art. 14 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, Xeral de Subvencións e o R.d 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei, e art. 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

9.8.- A concesión da subvención non exime ós beneficiarios de solicitar as autorizacións pertinentes ou permisos precisos, e cumprir coas obrigas fiscais e tributarias que no seu caso sexan esixibles. Na execución de proxectos de construción de obra nova, reparación, ou remodelación, quedará condicionada a que a entidade beneficiaria presente na Concellería de Participación Cidadá, cunha antelación mínima de cinco días hábiles previo a execución da actuación, a seguinte información e documentación:

- a) Licencia municipal de obra maior ou menor.
- b) Copia do proxecto de execución, cando así o precise, asinado por técnico competente e visado polo colexio correspondente, contendo a información e documentación prevista polas normas urbanísticas.
- c) Copia do Presuposto final de contrata (execución material + gastos xerais + beneficio industrial, e impostos).
- d) Data de inicio e remate da obras.

9.9.- A entidade beneficiaria non poderá introducir ou executar modificacións da obra, abastecemento ou prestación do servizo, obxecto de subvención sen o coñecemento previo e autorización da Concellería de Participación Cidadá.

#### **DÉCIMA.- Aboamento.**

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez sexa debidamente xustificada.

Procederase ao pago parcial e redución proporcional do importe nos seguintes casos:

- Cando o gasto xustificado sexa inferior ao 100 % do importe total establecido no proxecto
- Pola obtención de maior financiamento do previsto no proxecto.
- Polo incumprimento das obrigas do beneficiario

A resolución-liquidación da axuda, co aboamento da parte proporcional correspondente, será competencia do concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá.

A petición razonada da entidade e unha vez concedida a subvención poderá abonarse un único anticipo do importe desta, co carácter de "para xustificar" na contía que se determine, que non poderá ser superior o 40% do importe da subvención, sempre e cando non teña cantidades pendentes de xustificación correspondente a subvencións de anos anteriores para a mesma liña e obxecto da subvención.

#### **UNDÉCIMA.- Xustificación.**

11.1.- Xustificación mediante rendición de conta xustificativa do gasto realizado.

*A conta xustificativa que se rende ante o órgano concedinte da subvención, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario ou da entidade colaboradora e consiste na xustificación do gasto realizado, baixo responsabilidade do declarante, mediante os xustificantes directos do mesmo. Tratarase de facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, que permitan acreditar o cumprimento do obxecto da subvención pública.*

*A conta xustificativa conterá, con carácter xeral, a seguinte documentación:*

*a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das obras ou adquisicións realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará a ser posible, a seguinte información:*

- Fase da actuación executada, recursos utilizados, resultados obtidos, desviación respecto aos obxectivos previstos, reportaxe fotográfico e/ou audiovisual da execución, sistemas de información e publicidade das accións subvencionadas, xustificación das ofertas solicitadas e elección do contratista, relación do equipamento adquirido.*
- No caso de finalización de obra nova, copia simple da escritura pública de obra nova e certificado da inscrición no Rexistro, facendo constar a afectación da obra ao fin da entidade.*
- Certificación da entidade conforme se incorporou o ben ao inventario da entidade.*
- No caso de adquisición de inmobles, copia simple da escritura de compra venda, onde conste a subvención recibida, a forma de pago e a obriga de destinar o inmovible ao fin previsto no período mínimo de dez anos, e inclusión da necesidade de solicitar autorización a entidade ou entidades que subvencionaron para calquera acto de disposición, alleamento ou gravame sobre o mesmo.*
- Certificado da inscrición rexistral facendo constar as cargas anteriores.*

*b) Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:*

- Unha relación clasificada dos gastos totais da obra ou inversión, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago.*
- Facturas orixinais ou fotocopias compulsadas conformadas, polo importe total da subvención outorgada. Ditas facturas deberán conter os seguintes requisitos esixidos legalmente:
  - 2.1.- Número e no seu caso serie.*
  - 2.2.- Nome e apelidos ou denominación fiscal.*
  - 2.3.- Número de identificación fiscal (NIF ou CIF)*
  - 2.4.- Enderezo (tanto do expendedor como do tomador da factura)*
  - 2.5.- Descrición detallada cos prezos unitarios, se é o caso, da operación, adquisición ou contraprestación.*
  - 2.6.- Se está suxeito a IVE, deberán consignarse os datos necesarios para calcular a base impositiva e sinalar o tipo de imposición. Nas facturas emitidas por entidades exentas de IVE, achegarse o documento xustificativo de tal situación.*
  - 2.7.- Lugar e data de emisión.*
  - 2.8.- Nas facturas emitidas por profesionais, a pertinente retención do IRPF.**
- Para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, todos e cada un dos documentos orixinais que se devolvan ao beneficiario da subvención deberán ser validados e compulsados polo servizo xestor, mediante un selo existente ao efecto no que se indica a subvención para cuxa xustificación foron presentados e se o importe*

*do xustificante imputouse total ou parcialmente á subvención, e a cuantía exacta que resulta afectada pola subvención, polo que é preciso a presentación dos orixinais xunto coas súas copias.*

- *Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividades subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia*

*c) Declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:*

- 1. Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*
- 2. Que foron abonadas aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.*
- 3. Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.*

*d) Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe da actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17,3 e 33,3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.)*

*11.2. Se no exame da documentación presentada, esta se atopa incompleta ou figuran defectos, concederase a entidade beneficiaria un prazo improrrogable de dez (10) días naturais para a súa subsanación ou entrega, transcorridos os cales sen efectuar esta, se lles tería por desistidos da súa petición previa resolución ditada nos termos previstos no art. 42 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.*

*11.3.- Os beneficiarios xustificarán a proposta subvencionada nos 30 días hábiles seguintes a súa finalización, e en todo caso, antes do 31 de decembro do 2008. De non cumprirse este requisito, perderase o dereito a percibir a axuda.*

*11.4.- Considerarase gasto realizado o que fose efectivamente acreditado con calquera documento de validez xurídica con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado na convocatoria e responda á natureza da actividade subvencionada.*

*11.5.- O persoal técnico do Servizo de Participación Cidadá será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de certificar a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará á Conta Xustificativa, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade cos documentos xustificativos presentados.*

#### **47(674).- BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ E DESENVOLVEMENTO SOCIOCOMUNITARIO-ANO 2008. EXPTE. 3435/320.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 7.03.08 e de acordo co informe-proposta do xefe de Participación Cidadá, do 11.02.08, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as bases do programa de subvención para o fomento de actividades de participación cidadá e desenvolvemento sociocomunitario para o ano 2008, que de seguido se transcriben.

2º.- Aprobar a convocatoria para o ano 2008 cun orzamento máximo de 140.000,00 € e un prazo de admisión de 20 días hábiles dende a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

3º.- Autorizar o gasto de 140.000,00 € con cargo á partida 4631.7800000 do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2008.

**BASES REGULADORAS DO PROGRAMA PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES DE PARTICIPACIÓN  
CIDADÁ E DESENVOLVEMENTO SOCIOCOMUNITARIO-ANO 2008**

*PRIMEIRA.- Finalidade e obxecto.*

O Concello de Vigo, a través da área de Participación Cidadá, realiza a presente convocatoria pública en réxime de concorrencia competitiva coa finalidade de fomentar e consolidar o asociacionismo e a participación cidadá mediante un programa de subvencións para asociacións que contribúa ao fortalecemento do tecido social e a promoción da calidade de vida e benestar social dos cidadáns, así como axudar ao financiamento de gastos das entidades que operan no ámbito do movemento veciñal.

As solicitudes para este programa implican a aceptación libre do compromiso por parte das asociacións na consecución dos seguintes obxectivos xerais:

- 1.- Promover estilos democráticos que incrementen a participación veciñal nos asuntos que lle son propios, facilitando a integración dos veciños na vida local.
- 2.- Implicarse nunha mellor calidade de vida dos cidadáns, organizando actividades tanto para a inserción laboral dos xoves, como de ocio para os nosos maiores.
- 3.- Mellorar a xestión e organización das entidades asociativas.
- 4.- Aumentar a participación veciñal nas actividades socioculturais que as asociacións programen.
- 5.- Facilitar aos socios e veciños os equipamentos e infraestruturas necesarios para a inserción na sociedade da información e o coñecemento.
- 6.- Garantir os servizos estables das asociacións.
- 7.- Con carácter xeral, fortalecer a participación cidadá cun estilo democrático e activo.

*SEGUNDA.- Programa subvencionable.*

*a.- Programa de actividades de participación cidadá e desenvolvemento sociocomunitario.*

Financiado con cargo á partida orzamentaria 4631.4890000 o programa para o fomento de actividades de participación cidadá e desenvolvemento sociocomunitario esta dirixido a subvencionar proxectos de actividades, fomentar os servizos, as novas tecnoloxías e á realización de programas formativos nas propias sedes das asociacións para os propios veciños, e persigue entre outros:

- Apoiar ás entidades asociativas no desenvolvemento dos seus proxectos para o fomento da participación cidadá, nos que se poden incluír actuacións nos campos da cultura, o benestar social, o ocio, o voluntariado e a integración veciñal.
- Potenciar a dinamización social e as relacións da cidadanía a través de actividades de ocio en tempo libre e de promoción da cultura tradicional.
- Fomentar as actividades ocupacionais e informativas de cara a unha integración laboral.
- Potenciar publicacións periódicas de difusión e información das actividades propias e edicións de estudos e investigacións na área de participación cidadá e o asociacionismo.
- Incidir na información, formación e promoción de condutas, valores cívicos e éticos en xeral, así como a promoción da sociedade plural e non discriminatoria (tolerancia, solidariedade, respecto a diversidade e integración).



- Promover proxectos de sensibilización da participación cidadá coa solidariedade e cooperación e a cultura da paz.
- Captar e promover a formación do voluntariado, dinamizando o tecido asociativo.
- Promover a cohesión social da cidade e da cidadanía, a través de espazos e foros abertos de debate, intercambio de ideas e experiencias para a comunicación social.
- Programas de sensibilización e ampliación dos recursos propios a través da captación de novos asociados, doazóns e colaboracións.

O ámbito espacial destas actividades será o termo municipal de Vigo, subvencionándose excepcionalmente aquelas que fora do municipio, inclúan programas de intercambio con outras asociacións, asistencia a certames, congresos, etc..., debidamente xustificadas e que teñan unha relación ou implicación directa coa actividade da asociación e os obxectivos desta convocatoria.

**b.- Mantemento das entidades que operan no ámbito do movemento veciñal.**

Financiado con cargo á partida 4631.4890000 este programa está dirixido a subvencionar os gastos correntes de funcionamento e mantemento das súas entidades, entendidas como espazos xestores das actividades de participación cidadá e desenvolvemento sociocomunitario.

Son gastos correntes de funcionamento e mantemento da entidade aqueles que permitan o normal funcionamento da mesma no que se refire a gastos de persoal, mantemento das instalacións, arrendamento do local da sede social, subministración de teléfono, auga e fax, mantemento de equipos informáticos, etc...

As entidades que operan no ámbito do movemento veciñal poden solicitar un concepto ou ambos, non sendo excluíntes.

**TERCEIRA.- Contía máxima da subvención e compatibilidade.**

A subvención non poderá superar:

- a) O 70 % do presuposto e en ningún caso a cantidade de 12.000 € para o programa de actividades de participación cidadá e desenvolvemento sociocomunitario.
- b) O 50 % do presuposto e en ningún caso a cantidade de 2.000 € para o programa de mantemento das entidades que operan no ámbito do movemento veciñal.

**CUARTA.- Desestimación das solicitudes**

Unha vez estudados os programas solicitados xunto coa documentación presentada polas asociacións, desestimaranse:

- 1.- Aqueles que para a mesma finalidade, foron solicitados noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo.
- 2.- Aqueles que teñan unha relación e canle máis específica de subvención con outras áreas do Concello de Vigo, ou que o obxecto da súa petición estea incluído nalgún convenio de colaboración ou contratación co Concello de Vigo.
- 3.- Aqueles nos que os gastos subvencionados leven asociados investimentos en bens de natureza inventariable (infraestruturas e equipamentos) e o seu mantemento, sempre que supoña un incremento da vida útil dos bens; os gastos de carácter suntuario, liberalidades ou gastos financeiros.
- 4.- Aqueles que supoñan a edición de documentos internos, así como externos de signo exclusivamente propagandístico.
- 5.- Aqueles de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.
- 6.- Aqueles que inclúan actividades de signo docente previstas nos programas de ensino.
- 7.- Aqueles que en consideración ao proxecto e programación non reúnan as condicións mínimas de interese xeral, non acadando unha puntuación mínima suficiente na valoración específica do proxecto, indicando unha mala definición do mesmo ou que a materia non se axusta aos obxectivos da convocatoria.

#### QUINTA.- Solicitantes.

*Poderán solicitar subvencións e obter a condición de beneficiarios as asociación sen ánimo de lucro e Fundacións que inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, traballen exclusivamente no ámbito sociocomunitario, da participación cidadá e das relacións cidadáns, e que reúnan os seguintes requisitos:*

- *Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.*
- *Que conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.*
- *Que dispoñan de estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesaria para o logro de tales obxectivos.*
- *Que se atopen ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Vigo, coa Facenda Pública estatal e autonómica e coa Seguridade Social.*
- *Que teñan debidamente xustificadas en tempo e forma axudas outorgadas nesta área do Concello de Vigo no ano anterior, sempre no suposto de haberllas sido aprobadas.*
- *O demais casos previstos no art. 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no R.d 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei, e art. 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.*

#### SEXTA.- Solicitudes, prazo de presentación e documentación

##### 6.1.- Modelo e presentación de solicitudes

*As solicitudes de subvención presentaranse no modelo normalizado que se achega con estas bases. Os impresos de solicitude da subvención (anexos a esta convocatoria) e canta información precise para a súa presentación, serán facilitados polo Servizo de Información ou ben, na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org))*

*As solicitudes serán dirixidas a Excmo. Alcalde-Presidente do Concello de Vigo, achegando a documentación solicitada na convocatoria.*

##### 6.2.- Prazo de presentación.

*O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles dende o día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, podendo presentalas no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou mediante as demais formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.*

##### 6.3.- Documentación

*Xunto coa solicitude deberán achegarse os seguintes documentos:*

- *Certificado do acordo de solicitude da subvención adoptado polo organo de goberno da asociación ou entidade solicitante. Dito certificado deberá de ser emitido de conformidade coas previsións contidas nos estatutos da asociación ou entidade. (anexo 1)*
- *Memoria explicativa e detallada das actividades para os que se solicita a subvención, nos que figure entre outros: (anexo 2)*
  - *Nome do proxecto*
  - *Obxectivo se fins que persigue*
  - *Actividades a realizar*

- *Número aproximado de persoas que se benefician e para os que se destina o proxecto.*
- *Calendario de actividades*
- *Orzamento dos ingresos e gastos previstos para a realización do proxecto (anexo 3).*
- *Certificación de non estar incurso nas circunstancias que figuran no art. 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia (Anexo 4).*
- *Declaración das solicitudes de subvención realizadas a outros organismos e institucións públicas ou privadas dos proxectos para os que se solicitan as subvencións (anexo 4).*
- *Certificado de estar ao corrente nas obrigas tributarias, expedida pola Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.*
- *Certificado de estar ao corrente nas obrigas tributarias, expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.*
- *Certificado de estar ao corrente do pago das cotas da Seguridade Social, expedida pola Tesourería Territorial da Seguridade Social, ou ben declaración xurada de non ter traballadores contratados ao seu cargo (anexo 4)*

*De ter presentados os certificados solicitados nos apartados e), f) e g) no Concello de Vigo cunha antigüidade inferior a seis meses, chegará con facelo constar, identificando a convocatoria e departamento ou área do Concello na que se presentou (anexo 4).*

#### *6.4.- Información de carácter tributario*

*Establecido no art. 95.2 da Lei 58/2003, de 17 de decembro , Xeral Tributaria que as administracións públicas non poderán exixir aos interesados a aportación de certificados da Administración Tributaria, cando a información de carácter tributario estea dispoñible por medios informáticos ou telemáticos, o interesado pode autorizar expresamente para que dito certificado sexa solicitado no seu nome.*

#### *6.5.- Corrección de defectos:*

*Os solicitantes, a requirimento do Servizo de Participación Cidadá, disporán dun prazo improrrogable de dez (10) días par completar a documentación ou os defectos materiais e formais que se aprecien con apercibimento de que, se así non o fixeran, teríaselles por desestimada da súa petición previa resolución ditada nos termos previstos nos artigos 42 e 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.*

#### *SETIMA.- Criterios de valoración para os proxectos.*

*A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e se tramitarán en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite as dispoñibilidades orzamentarias da Área de Participación Cidadá destinadas para tal fin no presente exercicio. Neste sentido, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible.*

*Como criterios xerais de valoración para o outorgamento das subvencións dos distintos programas, terase en conta:*

##### *a.- Traxectoria e antigüidade da entidade. Ata 10 puntos*

*Valorarase tendo en consideración ademais das datas de constitución e a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións, o tempo que leve a entidade participando activamente no seu sector e os períodos de inactividade que atravesara.*

##### *b.- Representatividade e area de influencia. Ata 10 puntos*

*Valorarase tendo en consideración ademais dos socios numerarios da asociación, os participantes habituais nas actividades promovidas pola entidade.*

c.- *Capacidade económica, infraestrutura e equipamentos. Ata 10 puntos*

*Valorarase tendo en conta entre outros:*

- *Os medios materiais dos que dispón a entidade, considerando si ten a súa sede nun local propio ou nalgún local cedido gratuitamente polo Concello ou por outra institución, así como si esta acometendo ás súas expensas, reformas importantes.*
- *O orzamento de ingresos e gastos da entidade para a programa, analizando a solvencia para o seu desenvolvemento.*

d.- *Grado de implicación no barrio, parroquia ou distrito. Ata 5 puntos.*

*Valorarase tendo en consideración:*

- *O traballo en unidades territoriais como barrios completos fronte aos que actúen en bloques, comunidades de veciños, etc...*
- *O nivel de coordinación das actividades xunto con outras entidades, ben na súa totalidade ou nalgún aspecto puntual, fronte as actividades autónomas*

e.- *Grado de implicación nas actividades da área de Participación Cidadá. Ata 5 puntos*

*Valorarase considerando a asistencia e colaboración nas actividades propias desta área polos socios e/ou directivos da asociación.*

f.- *Calidade e viabilidade técnica e económica. Ata 50 puntos por cada proxecto/s presentados*

*Valorase tendo en conta:*

- *Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais*
- *Que os programas contén con contidos e métodos socioculturais e/ou socioeducativos*
- *Que se baseen na análise das necesidades existentes no entorno, que teñan unha viabilidade técnica, sexan interasociativos e incidan no entorno.*
- *Estean dirixidos á promoción dos sectores de poboación mais desfavorecidos.*
- *A implicación da entidade solicitante aportando un porcentaxe considerable sobre o custo total do proxecto ou proxectos.*

g.- *Xustificación das subvencións.- Ata 10 puntos*

*A xustificación das subvencións anteriores é un requisito para a concesión das subvencións, polo que con este criterio o que se pretende valorar e o esforzo realizado pola entidade para as subvencións precedentes, para a realización dunha memoria completa de seguimento das súas actividades subvencionadas, así como a porcentaxe de xustificación aplicada ao proxecto subvencionado.*

*A Comisión de Valoración encargada da avaliación dos proxectos terá en consideración os datos aportados pola entidade xunto co seu propio coñecemento a través dos datos existentes no Servizo de Participación Cidadá do Concello de Vigo.*

**OITAVA.- Resolución da convocatoria e publicidade.**

*A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspondelle ao Técnico de Xestión de Participación Cidadá, quen realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, de conformidade co previsto no art. 24 da Lei Xeral de Subvencións, e art. 21 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.*

*As solicitudes de subvención para cada un dos programas serán avaliadas conforme ós criterios sinalados anteriormente, pola Comisión de Valoración, órgano colexiado composto por:*

*Presidente: O concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá*

*Vogais: Dous técnicos dos servizos de Atención e Participación Cidadá.*

*Secretario: Actuará como secretario un dos vogais membro da Comisión, con voz e voto.*

*A Comisión de Valoración poderá:*

*1.- Acadar cantos informes estime necesarios para resolver.*

*2.- Solicitar a reformulación da solicitude e do proxecto, no caso de que o importe da subvención proposta na resolución provisional sexa inferior ao 25 % da subvención solicitada, axustando os compromisos de gastos á subvención outorgada, respectando o obxecto, as condicións e a finalidade da subvención.*

*3.- Emitir informe respecto das solicitudes de subvención*

*Correspóndelle á Xunta de Goberno Local a resolución motivada de concesión das axudas ou desestimación do resto das solicitudes, no prazo de seis meses que contará dende a data de remate do prazo de presentación de solicitudes.*

*A resolución do procedemento notificaráselles aos interesados conforme ao previsto no art. 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. As subvencións concedidas por importe superior ós 3.000 € publicaranse no BOP con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención. O resto das subvencións publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo.*

*O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución, lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención.*

*Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo como se prevé no art. 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contía (tras modificación dada pola Lei 19/2003, de 23 de decembro) no prazo de dous meses.*

*Asemade, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente dito recurso contencioso-administrativo no indicado prazo.*

*En todos os casos os prazos contaránse a partir do día seguinte á recepción da correspondente notificación ou da data na que o recurso de reposición se entende desestimado.*

*As subvención serán compatibles con calquera tipo de axuda concedida por diferentes administracións ou entes públicos ou privados, excepto con outras axudas concedidas polo Concello de Vigo para o mesmo obxecto e finalidade. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención, concorrente das subvencións por outras administracións, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, xa que ao tratarse dunha subvención, os ingresos non poden ser superiores aos gastos.*

*NOVENA.- Obrigas que asumen as entidades subvencionadas.*

*Os beneficiarios das subvencións conforme a presente normativa, quedan na obriga dos seguintes apartados:*

*9.1.- Levar a cabo a proposta que fundamenta a concesión da axuda na forma, prazo e termos establecidos na solicitude, asumindo as obrigas (impostos, permisos, seguros, dereitos de autor, etc...) e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso.*

*9.2.- Informar e publicitar as actividades subvencionadas, facendo constar nun lugar destacado dos diferentes soportes a lenda “Colabora o Concello de Vigo-Área de Participación Cidadá”, coa incorporación que subministrará o Servizo de Participación Cidadá. Se no financiamento interveñen outras entidades, a prelación en orde e tamaños será proporcional á contía achegada por cada unha delas.*

*9.3.- Comunicar calquera eventualidade na programación e/ou orzamento da proposta realizada, así como a obtención doutras axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración pública, ente público ou entidade privada.*

9.4.- Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario.

9.5.- Responder legalmente da falta de veracidade dos datos expostos e do incumprimento das presentes bases.

9.6.- Estar ao corrente no cumprimento das obrigas fiscais e coa Seguridade Social.

9.7.- As demais obrigas establecidas no art. 14 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, Xeral de Subvencións e o R.d 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei, e art. 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

9.8.- A concesión da subvención non exime ós beneficiarios de solicitar as autorizacións pertinentes ou permisos precisos, e cumprir coas obrigas fiscais e tributarias que no seu caso sexan esixibles.

**DÉCIMA.- Aboamento.**

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez sexa debidamente xustificada.

Procederase ao pago parcial e redución proporcional do importe nos seguintes casos:

- Cando o gasto xustificado sexa inferior ao 100 % do importe total establecido no proxecto
- Pola obtención de maior financiamento do previsto no proxecto.
- Polo incumprimento das obrigas do beneficiario

A resolución-liquidación da axuda, co aboamento da parte proporcional correspondente, será competencia da Delegada de Goberno da área de Participación Cidadá.

**UNDÉCIMA.- Xustificación.**

11.1.- Xustificación mediante rendición de conta xustificativa do gasto realizado.

A conta xustificativa que se rende ante o órgano concedente da subvención, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario ou da entidade colaboradora e consiste na xustificación do gasto realizado, baixo responsabilidade do declarante, mediante os xustificantes directos do mesmo. Tratarase de facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, que permitan acreditar o cumprimento do obxecto da subvención pública.

A conta xustificativa conterá, con carácter xeral, a seguinte documentación:

a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará a ser posible, a seguinte información:

- Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado
- Datas e lugar de celebración.
- Colectivo afectado, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
- Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.
- Actuacións realizadas.
- Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.

b) Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

c) Unha relación clasificada dos gastos totais da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago.

d) *Facturas orixinais ou fotocopias compulsadas conformadas, polo importe total da subvención outorgada. Ditas facturas deberán conter os seguintes requisitos esixidos legalmente:*

2.1.- *Número e no seu caso serie.*

2.2.- *Nome e apelidos ou denominación fiscal.*

2.3.- *Número de identificación fiscal (NIF ou CIF)*

2.4.- *Enderezo (tanto do expendedor como do tomador da factura)*

2.5.- *Descrición detallada cos prezos unitarios, se é o caso, da operación, adquisición ou contraprestación.*

2.6.- *Se está suxeito a IVE, deberán consignarse os datos necesarios para calcular a base impositiva e sinalar o tipo de imposición. Nas facturas emitidas por entidades exentas de IVE, achegarse o documento xustificativo de tal situación.*

2.7.- *Lugar e data de emisión.*

2.8.- *Nas facturas emitidas por profesionais, a pertinente retención do IRPF.*

e) *Para o programa de mantemento das entidades que operan no ámbito do movemento veciñal, achegarse tal como figura nos parágrafos anteriores, memoria descritiva dos gastos de mantemento das entidades no que se relacionen os gastos correntes de funcionamento das mesmas no que se refire a persoal, mantemento de instalacións, alugamentos, subministración de teléfono, auga, fax, mantemento de equipos informáticos, etc...*

f) *Para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, todos e cada un dos documentos orixinais que se devolvan ao beneficiario da subvención deberán ser validados e compulsados polo servizo xestor, mediante un selo existente ao efecto no que se indica a subvención para cuxa xustificación foron presentados e se o importe do xustificante imputouse total ou parcialmente á subvención, e a cuantía exacta que resulta afectada pola subvención, polo que é preciso a presentación dos orixinais xunto coas súas copias.*

g) *Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividades subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia*

c) *Declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:*

1. *Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*

2. *Que foron abonadas aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.*

3. *Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.*

d) *Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe da actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17,3 e 33,3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.)*

11.2. *Se no exame da documentación presentada, esta se atopa incompleta ou figuran defectos, concederase a entidade beneficiaria un prazo improrrogable de dez (10) días naturais para a súa subsanación ou entrega, transcorridos os cales sen efectuar esta, se lles tería por desistidos da súa petición previa resolución ditada nos termos previstos no art. 42 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.*

11.3.- *Os beneficiarios xustificarán a proposta subvencionada nos 30 días hábiles seguintes a súa finalización, e en todo caso, antes do 31 de decembro do 2008. De non cumprirse este requisito, perderase o dereito a percibir a axuda.*

11.4.- Considerarase gasto realizado o que fose efectivamente acreditado con calquera documento de validez xurídica con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado na convocatoria e responda á natureza da actividade subvencionada.

11.5.- O persoal técnico do Servizo de Participación Cidadá será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de certificar a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará á Conta Xustificativa, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade cos documentos xustificativos presentados.

#### **DUODÉCIMA.- Revogación da subvención.**

O Concello de Vigo poderá acordar a revogación da axuda concedida, si se incurrise nalgún dos seguintes supostos:

- 1.- Non realizar os programas ou actividades subvencionadas.
- 2.- Incumprir algunha das condicións establecidas nestas bases.
- 3.- Aplicar as subvención a fins distintos para os que foron concedidos.

Igualmente procederá ao reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade ou investimento subvencionado, considerándose dita cantidade como ingresos de dereito público.

Tanto as causas como o procedemento de reintegro, infracción e sancións rexeranse polas disposicións xerais sobre procedementos administrativos, contidas no Título VI da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, sen prexuízo das especialidades que se establecen na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvención, o R.d 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei, e da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

#### **48(675).- CONVALIDACIÓN DE GASTO DAS FACTURAS CORRESPONDENTES ÓS MESES DE XANEIRO E FEBREIRO DE 2008, DA EMPRESA SOGAMA. EXPTE. 2198/252.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acuerda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 29.04.08, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo, do 28.04.08, conformado pola concelleira delegada de Limpeza, que di o seguinte:

*Conforme aos motivos expostos nas memorias xustificativas de datas 31 de marzo e 23 de abril do ano 2008 asinadas polo xefe do servizo de limpeza, dando o 1 de xaneiro do ano 2008 a empresa SOGAMA ven prestando o servizo de xestión dos Residuos Sólidos Urbanos na cidade de Vigo sin o pertinente contrato, xa que o que tiña establecido co Concello de Vigo estaba vencido anteriormente.*

*O motivo de que se produxese esta situación segundo os informes anteditos, é que o Concello de Vigo non ten capacidade cos seus propios medios, nin tampouco conta con outro sistema alternativo para a prestación deste servizo esencial dende o punto de vista medioambiental.*

*Sen perxuízo da tramitación do preceptivo expediente para a formalización dun novo contrato que neste momento está en curso, SOGAMA presenta a través do Rexistro Xeral do Concello as facturas correspondentes aos meses de xaneiro, febreiro e marzo do presente ano 2008. Para evitar o enriquecemento ilícito do Concello percceptor do servizo, é preciso polo tanto convalidar o gasto que estas supoñen, e pode facerse ao existir crédito adecuado e suficiente no vixente orzamento municipal.*

*A estos efectos tramitouse o regulamentario expediente de convalidación do gasto que conta con todos os informes precisos, especialmente o relativo a que as facturas se corresponden cos servizos realmente prestados aos*



*prezos contemplados no contrato extinto, coas pertinentes modificacións derivadas da cláusula de revisión prevista nel.*

*Así mesmo, a intervención xeral informa favorablemente o expediente*

*A competencia para a aprobación da convalidación do gasto derivado das facturas lle corresponde á xunta de Goberno Local, de conformidade co previsto no artigo 127 da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.*

*Polo anteriormente exposto proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*Convalidar o gasto derivado das facturas presentadas a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo pola mercantil SOGAMA por importes de:*

*xaneiro do ano 2008 por un importe de 623.994,62€ IVE engadido  
febreiro do 2008 por un importe de 550.843,94€ IVE engadido  
marzo do 2008 por un importe de 559.336,99€ IVE engadido*

*correspondentes todas elas ao servizo de xestión dos RSU de Vigo en dito período.*

*Do presente acordo deberá darse conta ao pleno da corporación na primeira sesión que celebre.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **49(676).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE TRATAMENTO DOS RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS POLA MODALIDADE DE CONCERTO. EXPTE. 2203/252.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 25.04.08, conformado pola concelleira de Limpeza e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto 7.065.053 euros/ano euros para a execución do contrato de xestión do servizo público de tratamento dos residuos sólidos urbanos pola modalidade de concerto que se imputarán á partida presupuestaria 4420.227.00.16 do presuposto do ano 2008, 2009 e 2010.

2º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescrición técnicas para a contratación da xestión do servizo público de tratamento dos residuos sólidos urbanos pola modalidade de concerto.

3º.- Solicitar a Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A. (SOGAMA) oferta para a execución do contrato.

### **51(677).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e trinta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.